eufonía

(EDICIÓN FACSIMILAR)

EUFONÍA

(Rimas y glosas de la poesía gallega)
[Buenos Aires, 1958-1959]

Edición de:

Luís Alonso Girgado

María Cuquejo Enríquez

Manuel Quintáns Suárez

Edita:
XUNTA DE GALICIA
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:
Celso Currás Fernández

Director Xeral de Política Lingüística:
Xesús P. González Moreiras

Coordinador Científico:
Manuel González González

Director Técnico de Literatura:
Anxo Tarrío Varela

ISBN: 84-453-4019-0
Depósito Legal: C. 501-2005

PRESENTACIÓN

No terreo da nosa prensa da emigración e do exilio, a carón daquelas importantes cabeceiras que tiveron unha longa xeira e percorreron moitos anos, houbo outras, efémeras e fuxidías, que desapareceron ó pouco de nacer. Destas últimas é exemplo ben ilustrativo esta *Eufonía* (Bos Aires, 1958) que só chegou a tirar dous números alá en Bos Aires, onde apareceu, fundada e dirixida por Alfonso Gayoso Frías e animada por colaboradores galegos (Xohana Torres, Neira Vilas, Pura Vázquez, Manuel María, Dora Vázquez, Uxío Novoneira, Celso E. Ferreiro, Bernardino Graña, Ramón Lorenzo, Carballo Calero, Victoriano Taibo ou Manuel Fabeiro entre outros) na súa práctica totalidade e esparexidos por distintas xeografías, con frecuencia emigrados ou exiliados nas Américas.

Con esta *Eufonía*, que agora recupera o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades nesta coidada edición facsimilar, temos connosco unha publicación breve, case mínima, pero que merece ser máis e mellor coñecida por tres razóns polo menos: a súa vocación poética, o emprego frecuente e destacado da nosa lingua e o interese dos nomes que figuran nas súas páxinas. *Eufonía* é un documento cultural e, máis exactamente, literario dos galegos na Arxentina e as súas páxinas teñen o permanente recendo da amorosa lembranza de Galicia: á nosa terra retornan hoxe, benvidas sexan.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e
Ordenación Universitaria

ÍNDICE

1. Ficha técnica: *Eufonía* 11

2. *Eufonía* no contexto da prensa galega en Arxentina. A súa vocación poética 13

3. Os nomes propios 17

4. As colaboracións poéticas 21

5. Bibliografía 23

6. Índices:

6.1. Sumarios 25
6.2. Colaboradores 26
6.3. Colaboracións 28

7. *Eufonía* (facsímile) 33

1.
FICHA TÉCNICA: *EUFONÍA*

TÍTULO: ***Eufonía***.

SUBTÍTULO: *Rimas y glosas de la poesía gallega.* [Publicación periódica de circulación intercontinental entre os galegos].

LEMA: «Que a eufonía destas rimas renda beizós pra Galicia».

DIRECTOR: Alfonso Gayoso Frías.

EDITOR: Alfonso Gayoso Frías.

COMEZO: 1/IX/1958.

REMATE: setembro de 1959.

NÚMEROS: 2.

LUGAR: Bos Aires.

NÚMERO DE PÁXINAS: 32.

FORMATO DE PÁXINA: 26,5 x 18.

ENDEREZO EDITORIAL: r/ Venezuela, 1016 (nº 2).

IMPRENTA: Cabrera e Rey (nº 1); Los Celtas (nº 2).

LINGUA: Bilingüe, con notable predominio do galego.

PERIODICIDADE: anual.

PUBLICIDADE: referida a axencias de viaxes, Hogar Gallego para Ancianos, librerías, negocios de importación de mercadorías, hostalería, etc. Cuantitativamente escasa.

LOCALIZACIÓN DE ORIXINAIS: Biblioteca da Fundación Penzol (Vigo) e Biblioteca do Centro Galego (Bos Aires).

COLABORADORES: A.D., Gerardo Álvarez Gallego, Enrique Azcoaga, Ricardo Carballo Calero, Xesús Calviño de Castro, Rosalía de Castro, Xosé Conde, Javier Costa Clavell, Manuel Curros Enríquez, Florencio Delgado Gurriarán, Avelino Díaz, Eufonía, Manuel Fabeiro Gómez, Elsa Fernández, Xulio Fernández, Xosé Fernández Ferreiro, Xosé Ramón Fernández Oxea, Antonio Fernández Pérez (Fernamper), Celso Emilio Ferreiro, Alfonso Gayoso Frías, Emilio González López, Bernardino Graña, Perfeito López Romero, Ramón Lorenzo Vázquez, Eloy Luís André, Manuel María, Anisia Miranda, Eduardo Moreiras, Manuel Murguía, Xosé Neira Vilas, Reimondo Patiño, Xervasio Paz Lestón, Ramón Rey Baltar, Andrés Rodríguez Barbeito, Eladio Rodríguez González, Alfonso Rumazo González (A.R.G.), Victoriano Taibo, Xohana Torres, Dora Vázquez, Pura Vázquez.

2.
EUFONÍA NO CONTEXTO DA PRENSA GALEGA EN ARXENTINA. A SÚA VOCACIÓN POÉTICA

No ámbito da prensa galega da emigración e do exilio en Arxentina, é *Eufonía* (1958-59) unha rareza hemerográfica pola súa vocación sinaladamente poética e polo destacado emprego do galego como canle expresiva das súas páxinas. Cumpre, no entanto, a norma que xa é un tópico nas revistas poéticas, a da fugacidade: dous números unicamente constitúen a súa xeira completa. Neste senso da súa curta xeira, está superada só por cabeceiras como a de *Cuco Rei*, fundada e dirixida en 1970 por Luís Seoane, que naceu e morreu no mesmo primeiro número, e *Resol*, que en xaneiro de 1938 se exiliaba a Bos Aires, onde da man de Luís Seoane e Arturo Cuadrado conseguía reaparecer por unha soa vez xunto co suplemento «El bulubú» con debuxos do mesmo Seoane e colaboracións poéticas de Nicolás Guillén, Neruda, Cabanillas, Alberti, Lorenzo Varela, Raúl González Tuñón, A. Machado, Pedro Garfias, Moreno Villa e Manuel Altolaguirre.

Aínda que a pé de páxina figuran Galicia, Madrid e Bos Aires (e nalgún caso esporádico A Habana, Caracas, Mendoza, México ou Nova York) como puntos de procedencia das colaboracións, o certo é que *Eufonía* se edita en Bos Aires e, feita por galegos e maioritariamente en lingua galega, sitúase no contexto da nosa prensa da emigración e do exilio en Arxentina, que abrangue un conxunto de case 150 cabeceiras de acordo co cómputo establecido por Vicente Peña Saavedra[1] nunha cronoloxía que vai dende as dúas últimas décadas do século XIX –excepcionalmente, cabeceiras como *El Gallego* ou *Revista Galaica* aparecen xa en 1879– ata finais do XX. Teremos unha idea sequera aproximada dos potenciais receptores de *Eufonía* na chamada «quinta provincia» de Galicia se levamos en conta, por exemplo, que no ano 1960 o Centro Galego de Bos Aires contaba cunha masa de 110.000 socios, que eran 85.000 en 1950. Desapareceran boa parte das 400 sociedades –centros e casas de Galicia– que os galegos abriran en Arxentina e que se mantiñan en 1930, ano en que eran 600.000 os inmigrantes galegos que vivían en Bos Aires. A entrada de galegos, que acusara naquel mesmo ano 1930 unha violenta restrición polo quebranto económico do crack de 1929 en Nova York e a subseguinte crise económica arxentina, experimenta unha reactivación en 1940, aínda que de tal feito se beneficiara sobre todo Venezuela. En calquera caso, entre 1951 e 1960 foron máis de 225.000 os emigrantes galegos que marcharon ás Américas[2].

---

1. Vicente Peña Saavedra (dir.), *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1998.
2. Datos tomados de: A.C.T., «Emigración», en *Gran Enciclopedia Gallega*, Xixón, Silverio Cañada, 1974, t. X., pxs. 15-32.

Declara *Eufonía* no seu nº 1 a súa condición de «fidel pregoeiro da presenza, divulgación i enxuizamento da poesía galega»[3]. Efectivamente, o percorrido polas súas páxinas evidencia a súa condición de revista literaria na que a poesía é predominante. De prosa temos pequenos estudos, crítica e algunha narración tinxida de lirismo («Unha camelia e unha lembranza», de Anisia Miranda, por exemplo) xunto con algunha descrición ou análise da emigración. A iso hai que engadir a sección «Aconteceres», con noticias de diverso signo, en especial literarias e artísticas. Curros Enríquez no cincuentenario da súa morte (1908) na cidade da Habana e o centenario da voda de Rosalía (1858) en Madrid, inspiran os dous números da publicación que na cuberta anuncia as «rimas y glosas» da poesía da terra e que teima na lembranza da «lira dos nosos bardos», nas «augustas somas de Curros, de Rosalía, de Pondal», nos «ensoñares da saudade», no «herdo poético dos nosos cancioneiros» sen esquecer a referencia a fundamentos galeguistas como os da terra e a raza e aínda a Galicia peregrina, emigrante, e o porvir e futuro da patria galega. Os encabezamentos de páxina son neste sentido ben ilustrativos do ideario, dos soños e da sensibilidade que *Eufonía* quere representar e transmitir e que ten en Galicia a súa xustificación e centro único de atención.

Eufonía sitúase, como dixemos, no contexto da prensa galega en Arxentina e, máis concretamente, está en liña con aquelas cabeceiras que deron pulo ao literario ou literario-cultural galego no marco da emigración e, posteriormente, tamén do exilio a partir da Guerra Civil española de 1936. Pagará a pena recordar que os exiliados españois, e os galegos en particular, descubriron o fenómeno da emigración na terra de acollida. Polo que atinxe a Arxentina, ilustres exiliados como Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Emilio Pita ou Lorenzo Varela (e aínda Neira Vilas e Otero Espasandín) conectaron cos emigrados galegos e puideron coñecer, directamente, o que fixeran por Galicia dende aquela terra na que xogaron, ademais, un papel protagónico no seu desenvolvemento social e económico e no seu proceso de modernización. A prensa editada polos galegos en Arxentina é testemuño veraz e documento incontrovertible da singular e meritoria tarefa daqueles nosos emigrantes.

Este contexto ten un primeiro apartado naquelas cabeceiras que, privilexiando a información entre os emigrantes en Arxentina, publicitaron tamén a cultura e a literatura (en especial a poesía) galegas: *El Gallego* (1879), *El Eco de Galicia* (1892), *Aires d'a miña terra* (1908), *Correo de Galicia* (1908), *El Heraldo Gallego* (1908), *A Terra* (1920), *Galicia* (1926), *A fouce* (1930 e 1941), *Galicia* (1930), *Revista del Centro Gallego de Avellaneda* (1931), *Opinión Gallega* (1945), *Galicia en Mar del Plata* (1963) e *Correo de Galicia* (1965) poden representar este sector hemerográfico.

---

3. *Eufonía*, nº 1, px. (1)

Outras cabeceiras amosan explicitamente o seu particular interese no literario-cultural galego, pero non exclúen contidos societarios e informativos de distinta natureza (sociais, políticos, de actualidade e lecer, etc.). Así acontece con *Suevia* (1916), «Revista Gallega» cultural e ilustrada, dirixida por Joaquín Pesqueira, que contou con R. Blanco Torres, Prudencio Canitrot, Cabanillas, López Aydillo, V. García Martí ou Vallé-Inclán entre os seus colaboradores.

Política e cultura son os eixes de *Terra* (1923), «Boletín de Cultura Galega e Idearium da I.N.G. n'América do Sul», dirixida por Ramiro Isla Couto. Nos seus cinco números contou cun extraordinario conxunto de prestixiosas sinaturas: Castelao, Risco, E. Blanco Amor, Cabanillas, A. Villar Ponte, Xaime Quintanilla, F. Bouza Brey, Teixeira de Pascoaes, V. Taibo, L. Peña Novo e outros. Pero xa en 1905 *Galicia,* «Revista Regional de Ciencia, Información, Literatura, Arte y Protección» difundía a cultura galega e publicaba numerosas páxinas literarias, reservando o galego para a poesía. De máis entidade, e coa cultura galega en primeira liña, temos tamén *Mundo Gallego* (1951), dirixida por Eliseo Alonso. Subtitulada «Revista de Galicia en América», mantivo a colaboración de Otero Pedrayo, A. Fole, Pura Vázquez, E. Blanco Amor, Fernández del Riego, Luz Pozo, F. Bouza Brey, V. García Martí e moitos máis.

Neste apartado, no entanto, ocupan un lugar de honra dúas cabeceiras: *Céltiga* e *Galicia Emigrante*. A primeira, *Céltiga* (1924-1932), foi unha revista de «Arte, crítica, literatura y actualidades» que, fundada por Ramón Peña e dirixida por el mesmo e mais Domingo Rial Seijo (con Eliseo Pulpeiro e Adolfo Vázquez como directores literarios), mantivo unha liña galeguista e excedeu o terreo do cultural para informar da actualidade arxentina, ocupándose tamén de temas societarios, políticos ou laborais da comunidade galega na Arxentina e de Galicia. Publicación moi coidada en ilustracións e deseño, tivo un importante grupo de correspondentes en Uruguai, Chile e Galicia e contou cun impresionante elenco de colaboradores como Eduardo Blanco Amor, Suárez Picallo, Risco, Cabanillas, Otero Pedrayo, Núñez Búa, Castelao, Noriega Varela, Bouza Brey, Xulio Sigüenza, etc.

Unha moi oportuna edición facsimilar contribuíu decisivamente, nestes últimos anos, ao mellor coñecemento de *Galicia emigrante* (1954-1959), outra das iniciativas publicísticas de Luís Seoane (o seu fundador e director) en Bos Aires. Trátase dunha revista de ben marcado acento cultural, moi ricamente ilustrada, pero atenta tamén a cuestións de actualidade e outras de carácter social e económico, societario e histórico. Luís Seoane, García-Sabell, Arturo Cuadrado, Fole, R. Piñeiro, Alberto Vilanova, Pura Vázquez, Luis Manteiga, Fernández del Riego, Ramón de Valenzuela ou E. Blanco Amor son parte da ampla nómina de colaboradores desta revista que quixo reivindicar o traballo, as iniciativas e as metas logradas polos emigrantes galegos na Arxentina, e tamén informar das súas inquedanzas e realizacións culturais.

Xa no terreo máis específico e concreto do literario ou literario-cultural temos outras cabeceiras. *Resol* (1938) tirou en Bos Aires un único número acompañado do suplemento «El bulubú» nunha segunda e última etapa conducida por Luís Seoane e Arturo Cuadrado. Literaria, poética e ilustrada, aquela «folla voandeira» contou no exilio bonaerense con poemas de N. Guillén, Neruda, Altolaguirre, A. Machado, Alberti ou os galegos Cabanillas, Curros Enríquez, Lorenzo Varela e Luís Seoane. Este último promovería en 1970 *Cuco Rei*, que xa debía sospeitar algo da súa máis que curta xeira (viu a luz só o primeiro número) cando se preguntaba «¿Cantos anos vivirei?». Ilustrada por Seoane e Maside, publicou un poema de Lorenzo Varela e deu noticia da literatura e da arte galegas.

Outras cabeceiras deste tipo contaron con importante presenza galega, pero o seu ámbito idiomático é o do castelán. Así acontece con *De mar a mar* (1942-1943), impulsada por A. Serrano Plaja e Lorenzo Varela, que tivo entre os seus colaboradores aos galegos Rafael Dieste, Otero Espasandín e ao mesmo Lorenzo Varela. A literatura foi o eixe desta revista feita por exiliados que quixo ser interamericana e española. Dous galegos exiliados, Luís Seoane e Lorenzo Varela, fundaron e dirixiron, xunto con Arturo Cuadrado, *Correo literario* (1943-1945), que se declarou «un periódico (...) al servicio de la cultura hispanoamericana» e no que colaborou outro galego, Otero Espasandín, a carón dos xa citados Seoane e Varela, que reaparecen, como responsables das partes artística e literaria respectivamente, en *Cabalgata* (1946), que foi unha iniciativa –unha máis– dos exiliados españois en forma de revista de gran difusión, chea de ilustracións e cunha longa nómina de sinaturas de colaboradores.

Para rematar co ámbito lingüístico galego cómpre sequera facer referencia a *Aturuxo* (1960-1961), voceira da «Peña Gallega Manuel Murguía» de Santa Fe, dirixida por Antonio Ucha, que divulgou a cultura galega e o protagonismo galego na vida arxentina. Contou entre os seus colaboradores a Cabanillas, D. Cortezón, Fernández del Riego, García Martí, Ben-Cho-Shey, Neira Vilas ou Leandro Carré Alvarellos. En parecida liña nacía, no mesmo ano 1960, *Aquí... Galicia!*, «Órgano de la Peña Cultural Gallega de Rosalía de Castro» de Rosario. Dirixida por Nélida Alicia González, a cultura galega ocupou as súas páxinas, nas que advertimos as sinaturas de Neira Vilas, Ares Miramontes, Ricardo Palmás, Antonio Ucha, Rafael Dieste, Alberto Vilanova, Ben-Cho-Shey, Avelino Díaz, etc. Como no caso de *Aturuxo*, foi *Aquí... Galicia!* unha publicación que equilibrou o emprego do galego e do castelán.

3.
OS NOMES PROPIOS

Son arredor de corenta as sinaturas que enchen as páxinas dunha *Eufonía* de «preponderante carácter poético» que por iso mesmo anunciou unha sección de estampas ilustrativas da paisaxe galega (sección que non ía aparecer), pois a paisaxe e as vellas tradicións foran secular motivo inspirador dos «bardos primigenios»[4] do país. Deste abano de nomes propios no que Rosalía, Curros e Murguía son homenaxeados, salienta Alfonso Gayoso Frías, fundador e director da revista e integrante do grupo de exiliados que colaboran nela.

Alfonso Gayoso Frías (1905-1970), pouco coñecido como escritor, foi tamén editor e empresario en Bos Aires, onde chegou como exiliado despois de pasar por Marrocos, Estados Unidos, Cuba e Venezuela. Combateu na Guerra Civil nas ringleiras do Exército Popular da República e na capital arxentina fíxose propietario da Axencia de viaxes Frías, que se anuncia nas páxinas de *Eufonía*. Integrou a comisión cultural do Consello de Galiza e como escritor publicou a peza teatral *O fidalgo de Rante* (1955) e o poemario *Galeguidade* (1958). Fixo o guión de «Namoros e regueifas: para teatro ou cine en dúas xornadas» (1970) e deixou algunhas colaboracións en *Eufonía* e mais en *Vieiros*, que en 1959, ano en que desaparece *Eufonía*, nace en México dirixida por Luís Soto, Carlos Velo e Florencio Delgado Gurriarán, o poeta de *Bebedeira* (1934) que vemos en *Eufonía* como colaborador dende o exilio mexicano. Na mesma situación estaban no bienio 1958-60 o xornalista Gerardo Álvarez Gallego, que chegara á Habana a finais de 1936 e deseguido colaboraba en *Cultura Gallega* (1936-1940) e en 1937 gañaba o premio do certame Rosalía de Castro do Centro Galego da Habana, entregado por un xurado presido por Ramón Menéndez Pidal. E no exilio tamén andaba Emilio González López, profesor do Middlebury College de Nova York dende 1946.

Outros nomes fan de *Eufonía* un produto literario do exilio e da emigración galegos. Así acontece co moi significativo de Ramón Rey Baltar, unha das figuras adiantadas no terreo da poesía civil, social ou política no exilio, autor de *A gaita a falare* (1939), poemario no que se expresa contra a guerra civil en versos de ton airado. Pola súa banda, Emilio Pita (1909-1981) marchou de neno a Bos Aires como emigrante e a esa cidade retornaba en 1934 para integrarse no mundo do exilio xunto a Seoane, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado, Otero Espasandín e outros. Cando colaboraba en *Eufonía* publicou *Os relembros. As cantigas.* (1959), pero no mesmo dominio poético

4. *Eufonía*, nº 1, px. 29.

escribira xa *Jacobusland* (1942), inscrito na órbita da poesía civil, social, de protesta, denuncia e reivindicación.

Emigrado na súa mocidade e inmediatamente activo entre os exiliados, Xosé Neira Vilas (1928) chegaba a Bos Aires en 1949 e alí fundaría, en 1957, a librería e distribuidora Follas Novas dedicada ao libro galego. En 1961, cando marcha a Cuba coa súa dona, Anisia Miranda, aparecía *Memorias dun neno labrego,* que tería un insólito éxito no depauperado panorama literario galego. Despois, a emigración sería tema recorrente na súa narrativa.

Como emigrantes marcharon tamén ás Américas o lugués Avelino Díaz (1897-1961), director en Bos Aires de importantes medios de prensa galegos (*Galicia*, *Lugo*, *Opinión Gallega*) e aínda do Centro Galego. Títulos como *Debezos* (1947) ou *Pallaregas* (1963) testemuñan o seu paso polo verso galego. Tamén foi emigrante, de moi novo, Xosé Conde (1918-1990), voz vinculada ao social-realismo, á poesía de denuncia, xa en *Muiñada noitébrega* (1955) e sobre todo en *Terra aluciada* (1959), que coincide no tempo coa súa presenza en *Eufonía*. A breve estancia en Venezuela da poeta ourensá Pura Vázquez, que traballou en Caracas como mestra e contactou alí cos emigrantes galegos, tamén coincidiu cos anos de *Eufonía*. Poemarios como *Íntimas* (1952) ou *Maturidade* (1955) xa a anunciaran como poeta en galego. En fin, no mundo da emigración e do exilio, en Bos Aires, figuraban así mesmo Xervasio Paz Lestón (1898-1977), neno emigrante que deixou algúns versos en *Eufonía* e en *Alborada*, revista, esta última, do Centro de Corcubión en Bos Aires; Perfeito López Romero, Antón Fernández Pérez (Fernamper), escritor bilingüe e residente en Mendoza (Arxentina); Andrés R. Barbeito, que dirixía o programa radiofónico «Postales gallegas»; Xesús Calviño de Castro ou Xulio Fernández, colaborador de *Lugo*, semanario galego de Bos Aires e voceiro do Centro Lucense.

Non tivo tempo *Eufonía* para definirse en ningún sentido agás, quizais, na súa vocación poética e na omnipresenza de Galicia –pobo, terra, saudade, lingua– nos seus dous únicos números. Atopamos neles algunhas singularidades. Por exemplo, a moi actualizada comparecencia das voces galegas en Madrid dos «Brais Pinto»: Ramón Lorenzo, Xosé Fernández Ferreiro e Reimundo Patiño. O segundo deles publicaba daquela *A noite* (1959), o seu segundo libro de poemas, que veu precedido por *Ribeirana do Sil* (1952). Polo que atinxe a Patiño, en 1959 andaba a escribir «Bandeiras neboentas», que permaneceu inédito moitos anos. Pola contra, Ramón Lorenzo publicaba, no mesmo 1959, *O que se foi perdendo*, pero xa era coñecido na comunidade galega de Bos Aires por ser o gañador, en 1956, do Premio Castelao do Centro Galego polo poemario *Isa loita*. Paralelamente temos na revista a Ben-Cho-Shey, para algúns mentor ou inspirador do grupo «Brais Pinto» cando tamén el vivía en Madrid.

Unha clara atención á actualidade da poesía galega está evidenciada, así mesmo, pola comparecencia de emerxentes voces de muller como as de Dora e Pura Vázquez e Xohana Torres. A segunda delas xa publicara *Íntimas* (1952) e *Maturidade* (1955), este último título aparecido en Bos Aires. Xohana Torres nacía como poeta galega en *Do sulco*, precisamente en 1959, pero a súa comparecencia en *Eufonía* é anterior a ese ano. Están ausentes Luz Pozo e Mª Carmen Kruckenberg, que xa daquela publicaran algún libro. Digamos, por fin, que nomes como os de Manuel María, Carballo Calero, Celso E. Ferreiro, Bernardino Graña ou Uxío Novoneira, que se ían revelar como voces de primeira liña da nosa poesía, prestixiaron as páxinas de *Eufonía*, que, contrariamente e coa excepción de Emilio Pita, non deu entrada ás grandes voces poéticas do exilio, onde Neira Vilas salientaría como narrador, non como poeta.

4.
AS COLABORACIÓNS POÉTICAS

A condición efémera, fugaz, desta *Eufonía* na que converxen exilio, emigración e voces da terra –América e Galicia, pero tamén Madrid e outras xeografías– impide unha caracterización minimamente precisa das súas páxinas, nas que non albiscamos unha orientación estética, unha tendencia de escola ou grupo, unha liña predominante no material poético publicado.

Doado é constatar, no entanto, a constante referencia a Galicia, ben como lembranza e vivencia persoal, ben como clave da saudade, ben como paisaxe e terra, como tempo histórico ou como literatura. Galicia xorde case sempre como emoción, como obxecto de exaltación, como soño dun futuro de redención liberadora e ata como motivo dun lirismo idealizante con trazos bucólicos; isto último é constatable, por exemplo, nas voces de Pura e Dora Vázquez e así mesmo nunha Anisia Miranda que xa se expresa en galego, se cadra coa axuda de Neira Vilas. Tamén en Manuel Fabeiro, Antonio Rey Baltar, Fernández Pérez ou Delgado Gurrirán entre outros.

Voces reivindicativas (pero ás veces tamén con intres de agarimo e emoción ou de pulo e ton airado) son as de Avelino Díaz, Gayoso Frías, Xesús Calviño, Neira Vilas, Celso E. Ferreiro ou Novoneira. A Galicia ausente, a da emigración, a que provoca unha lembranza que fere, a do recuncho natal e da infancia, a simbolizada por Compostela ou representada por Otero Pedrayo está unha e outra vez reiterada en Pura Vázquez, Manuel María, A. Fernández Pérez ou Gayoso Frías. Polos vieiros dunha sombría intimidade, dun mesto desacougo existencial andan Bernardino Graña, Ramón Lorenzo ou Reimundo Patiño, mentres que o pasado mítico ocupa a Fernández Ferreiro. Dor, intimidade, evocación e afirmación da terra son motivos mesturados na «Triloxía da terra» de Xohana Torres. Mentres, Carballo Calero desdobra o eu lírico nun poema interiorista no que está a procura do seu lugar no mundo, sabedor da violencia que o poder exerce sobre a feble condición do home. Avelino Díaz móvese entre a fantasía poética e a sátira dos actuais «bardos nosos» por seren «tecedeiras» de panxoliñas que esqueceron os camiños de Curros, Pondal ou Leiras Pulpeiro. O amor, na ausencia da amada, está no cerne mesmo do conxunto lírico que, en dezaseis apartados, constrúe Manuel María inspirado na figura de Saleta, a súa dona. A emigración ecoa no díptico de Novoneira (con Galicia como centro), que manifesta unha fe redentora da patria e o soño dunha terra libre e unida. Emilio Pita está representado cun romance lírico, «O romance de Albiña», onde a pegada de Lorca semella innegable. Outro romance, o «Romance do neno desterrado», de Neira Vilas, parece conter un pouso autobiográfico mentres desenvolve un constante ir e vir (no pensamento do protagonista) da «terra que deixara» á «nova terra». En fin, un soño idealizante mestúrase co

adentramento na afirmación da condición humana, na esperanza do home que proclama Eduardo Moreiras en «Non estamos soios».

O corpus poético de *Eufonía*, que deseña un mostrario lírico parcial, incompleto, diverso na xeografía das súas orixes e unitario no emprego do galego como canle expresiva, posúe, en definitiva, un dobre eixe de proxección: Galicia e a intimidade do poeta. O demais é cuestión de matices, de detalle, de puntuais diverxencias no tratamento e nos motivos secundarios de cada composición. A intención de Gayoso Frías, director destas páxinas que agora ven de novo a luz, foi a de revitalizar o «noso vivificador sentimento de galeguidade» lanzando un «pregón» poético que enlazara xeografías galegas da terra e da diáspora e voces do pasado e do presente. Nacida á sombra de Curros Enríquez –«o tronante Curros», escribe Paz Lestón– xa se fala das «ocaixoales aparaciós» de *Eufonía*, que lamentablemente cumpriu o escaso tempo de permanencia que o seu director tiña en mente cando redactaba «Levando as áncoras», escrito programático que preside o primeiro número da publicación. Vaia neste intre o noso recoñecemento pola intención, polo esforzo e polas ilusións depositadas nunha revista que naceu «con espontáneo anceo de cantarlle á Terra»[5] lonxe da súa Terra, á que agora retorna.

5. *Eufonía*, nº 1, px. 2.

5.
BIBLIOGRAFÍA

BLANCO CAMPAÑA, Xosé L., *Radio e prensa na Galicia Exterior*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995; p. 135.

MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé María, *A literatura galega no exilio*. Vigo: do Cumio, 1995; p. 83.

MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón, «La literatura gallega en el exilio», en José Luis ABELLÁN, *El exilio español de 1939*, Madrid: Taurus, 1976; tomo VI. Versión galega, Vigo: Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, 1987, p. 38.

PEÑA SAAVEDRA, Vicente (dir.), *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1998; p. 140.

SANTOS GAYOSO, Enrique, *Historia de la prensa gallega (1800-1986)*, Sada/A Coruña: do Castro, 1990; p. 728.

S.S., «Eufonía», en *Enciclopedia Galega Universal*, Vigo: Ir Indo, 2002; t. 8, p. 439.

V[ILANOVA] R[ODRÍGUEZ], A[lberto], «Eufonía», en *Gran Enciclopedia Gallega*; Xixón: Silverio Cañada ed., 1974, t. XI, p. 35.

VV.AA., *O exilio galego. Repertorio bibliográfico: unha primeira achega*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2001. [Publicación en CD-Rom]

VILAVEDRA, Dolores (coord.), «Eufonía» en *Diccionario de literatura galega, II. (Publicacións periódicas)*, Vigo: Galaxia, 1997, p. 180.

6.
ÍNDICES

6.1. **Sumarios**

Nº 1.- Setembre, 1958

- Lema, px. 1
- Abrollamento, px. 1
- Contido, px. 1
- *Levando as áncoras*, S.S., px. 2
- *A nena na fonte» ,* de Manuel Curros Enríquez, px. 3
- *Poemas de ausenza a Galicia,* de Pura Vázquez, pxs. 4-5.
- *El poeta barquero,* de Antonio Fernández Pérez, px. 6
- *ti estás calado,* de José Conde, px. 7
- *morriña,* de Victoriano Taibo, px. 8
- *poema,* de Ricardo Carballo Calero, px. 8
- *Namentras imos andando*, de Celso Emilio Ferreiro, px. 9
- *Carlos Maside,* de Enrique Azcoaga, pxs. 10-11
- *Quechemare da saudade,* de Manuel Fabeiro Gómez, px. 12
- *Arelas molladas*, de Fernamper, px. 12
- *Saúdo. A don Ramón Otero Pedrayo,* de Florencio Delgado Gurriarán, px. 13
- *Mi voz en carne viva,* de Javier Costa Clavell, px. 14
- *Feitizo arcano ourensán,* de Alfonso Gayoso Frías, px. 15
- *As cantigas de amigo i o misterio da vida,* de Emilio González López, px. 16
- *Dous sonetos de Avelino Díaz,* de Avelino Díaz, px. 17
- *Triloxía da Terra,* de Xohana Torres, pxs. 18-19
- *Ouh Galicia,* de Euxenio Novoneyra, px. 20
- *Romance do desterrado,* de Xosé Neira Vilas, px. 21
- *Se nos fue Luis Pimentel,* de Andrés R. Barbeito, px. 22
- *O romance de Albiña,* de Emilio Pita, px. 23
- *Rosalía e Juan Ramón,* de Gerardo Álvarez Gallego, pxs. 24-25
- *La juventud gallega y su poeta,* de Eloy Luis André, px. 26
- *A Padrón,* de Ramón Rey Baltar, px. 27
- *Non estamos soios,* de Eduardo Moreiras, px. 28
- *Nota de ademiración e de aprauso,* S.S., px. 28
- *Rutas, costumbres y plácidos remansos de Galicia,* Eufonía, px. 29
- *Benfeitora filantropía de dous emigrados galegos,* S.S., px. 30
- *Premios de estímulo literario <Ramón Mourente>,* S.S., px. 30
- *Viaxeiros,* S.S., px. 30
- *Artes plásticas galegas,* S.S., px. 30
- *Unha nota máis de patrio loito,* S.S., px. 31
- *Dous mensaxes polifónicos máis,* de *Xosé F. Vide,* S.S., px. 31
- *Libros galegos. «Do Sulco»,* de Xohana Torres, px. 32

Nº 2.- Setembre, 1959

- Lema, px. 1
- Abenzoada efemérides, px. 1
- Contido, px. 1
- *Cantai, poetas, cantai..!,* S.S., px. 2
- *Rosalía Castro.* Evocando á inmortal poeta no Centenario das súas redendoras nupcias, 1858-1958, de Manuel Murguía, px. 3
- *¿Quén non xime?,* de [Rosalía Castro], px, 3
- *¡Volved!,* de [Rosalía Castro], px. 4
- *Manuel Murguía e Rosalía Castro*[6]*,* de Manuel Murguía, px. 5
- *Agoiramento,* de Xervasio Paz Lestón, px. 6
- *Cando Ti chegues,* de José Conde, px. 7
- *Poemas de ausencia*, de Manuel María, pxs. 8-9
- *Unha camelia e unha lembranza,* de Anisia Miranda, pxs. 10-11
- *Siglos de mar*, de Elsa Fernández, px. 11
- *A Misa do Galo,* de Dora Vázquez, px. 12
- *Camiño dos meus amores,* de Antón Fernández Pérez, px. 13
- *Voltando,* de Perfeito López Romero, px. 14
- *¡E, por fin, veu Don Ramón !*, de Alfonso Gayoso Frías, px. 15
- *Tres poemas de Pura Vázquez,* de Pura Vázquez, px. 16
- *La maravillosa poesía de Pura Vázquez*, de A. R. G., pxs. 17-18
- *Diz que vén a Primaveira,* de Xosé Ramón Fernández Oxea, px. 18
- *Romance da leira enfeitada,* de Xosé Neira Vilas, px. 19
- *Sintonía,* de Avelino Díaz, px. 20
- *Ulcis e os nóntidas,* de Xosé Fernánez Ferreiro, px. 21
- *¡Trapos, ferro vello, botellas vasiiias...!,* de Ramón Rey Baltar, px. 22
- *Unha gran figura galega: Ramón Rey Baltar,* de A. D., px. 23
- *Noite de Muros,* de Manuel Fabeiro Gómez, px. 24
- *Poema dun gamberro cidadán,* de Bernardino Graña, px. 25
- *Pervivir xacente,* de Reimundo Patiño, px. 26
- *Intre perdido,* de Ramón Lorenzo Vázquez, px. 27
- *Cando chegue o Aninovo,* de Xesús Calviño de Castro, px. 28
- *¡Meus marelos!,* de Eladio Rodríguez González, px. 29
- *Laboura de pacencia,* de Xulio Fernández, px. 30
- *O homaxe a Carré Aldao e o arte de Marcos de Abeleda,* S.S., px. 31
- *Lembranza de <Eufonía> para un bó Galego:don Emilio André,* S.S., px. 32
- *Novas pubricaciós,* S.S., px. 32
- *Unha raiola máis,* de A. G. F.

6.2. **Colaboradores**

- A. D.R.: *Unha gran figura galega: Ramón Rey Baltar*, nº 2, px. 23
- A. G. F.: *Libros Galegos*, nº 1, px. 32

---

6. Contén un breve fragmento de *Los Precursores,* de M. Murguía.

- A. G. F.: *Unha raiola máis*, nº 2, px. 32
- Álvarez Gallego, Gerardo: *Rosalía e Juan Ramón*, nº 1, pxs. 24-25
- A. R. G.: *La maravillosa poesía de Pura Vázquez*, nº 2, pxs. 17-18
- Azcoaga, Enrique: *Carlos Maside*, nº 1, pxs. 10-11
- Barbeito, Andrés R.: *Se nos fue Luis Pimentel*, nº 1, px. 22
- Calviño de Castro, Xesús: *Cando chegue o Aninovo*, nº 2, px. 28
- Carballo Calero, Ricardo: *poema*, nº 1, px. 8
- Castro, Rosalía: *¡Volved!,* nº 2, px. 4
- Castro, Rosalía*: ¿Quén non xime?,* nº 2, px, 3
- Conde, José: *Cando Ti chegues*, nº 2, px. 7
- Conde, José: *ti estás calado*, nº 1, px. 7
- Costa Clavell, Javier: *Mi voz en carne viva*, nº 1, px. 14
- Curros Enríquez, Manuel: *A nena na fonte*, nº 1, px. 3
- Delgado Gurriarán, Florencio: *Saúdo. A don Ramón Otero Pedrayo*, nº 1, px. 13
- Díaz, Avelino: *Dous sonetos de Avelino Díaz*, nº 1, px. 17
- Díaz, Avelino: *Sintonía*, nº 2, px. 20
- Eufonía: *Rutas, costumbres y plácidos remansos de Galicia*, nº 1, px. 29
- Fabeiro Gómez, Manuel: *Noite de Muros*, nº 2, px. 24
- Fabeiro Gómez, Manuel: *Quechemare da saudade*, nº 1, px. 12
- Fernamper: *Arelas molladas*, nº 1, px. 12
- Fernández Oxea, Xosé Ramón: *Diz que vén a Primaveira*, nº 2, px. 18
- Fernández Pérez, Antón: *Camiño dos meus amores*, nº 2, px. 13
- Fernández Pérez, Antonio: *El poeta barquero*, nº 1, px. 6
- Fernández, Elsa: *Siglos de mar*, nº 2, px. 11
- Fernández, Xulio: *Laboura de pacencia*, nº 2, px. 30
- Fernánez Ferreiro, Xosé: *Ulcis e os nóntidas*, nº 2, px. 21
- Ferreiro, Celso Emilio: *Namentras imos andando*, nº 1, px. 9
- Gayoso Frías, Alfonso: *¡E, por fin, veu Don Ramón!*, nº 2, px. 15
- Gayoso Frías, Alfonso: *Feitizo arcano ourensán*, nº 1, px. 15
- González López, Emilio: *As cantigas de amigo i o misterio da vida*, nº 1, px. 16
- Graña, Bernardino: *Poema dun gamberro cidadán*, nº 2, px. 25
- López Romero, Perfeito: *Voltando*, nº 2, px. 14
- Lorenzo Vázquez, Ramón: *Intre perdido*, nº 2, px. 27
- Luis André, Eloy: *La juventud gallega y su poeta*, nº 1, px. 26
- Manuel María: *Poemas de ausencia*, nº 2, pxs. 8-9
- Miranda, Anisia: *Unha camelia e unha lembranza*, nº 2, pxs. 10-11
- Moreiras, Eduardo: *Non estamos soios*, nº 1, px. 28
- Murguía, Manuel: *Manuel Murguía e Rosalía Castro*, nº 2, px. 5
- Murguía, Manuel: *Rosalía Castro. Evocando á inmortal poeta no Centenario das súas redendoras nupcias, 1858-1958*, nº 2, px. 3
- Neira Vilas, Xosé: *Romance do desterrado,* nº 1, px. 21
- Neira Vilas, Xosé: *Romance da leira enfeitada*, nº 2, px. 19
- Novoneyra, Euxenio: *Ouh Galicia,* nº 1, px. 20
- Patiño, Reimundo: *Pervivir xacente*, nº 2, px. 26

- Paz Lestón, Xervasio: *Agoiramento*, nº 2, px. 6
- Pita, Emilio: *Romance de Albiña*, nº 1, px. 23
- Rey Baltar, Ramón: *¡Trapos, ferro vello, botellas vasiiias...!,* nº 2, px. 22
- Rey Baltar, Ramón: *A Padrón*, nº 1, px. 27
- Rodríguez González, Eladio: *¡Meus marelos!*, nº 2, px. 29
- S.S.: *Abenzoada efemérides*, nº 2, px. 1
- S.S.: *Abrollamento*, nº 1, px. 1
- S.S.: *Artes plásticas galegas*, nº 1, px. 30
- S.S.: *Benfeitora filantropía de dous emigrados galegos*, nº 1, px. 30
- S.S.: *Contido* [táboa], nº 1, px. 1
- S.S.: *Contido*, nº 2, px. 1
- S.S.: *Dous mensaxes polifónicos máis de Xosé F. Vide*, nº 1, px. 31
- S.S.: Lema, nº 1, px. 1
- S.S.: Lema, nº 2, px. 1
- S.S.: *Lembranza de <Eufonía> para un bó Galego:don Emilio André*, nº 2, px. 32
- S.S.: *Levando as áncoras*, nº 1, px. 2
- S.S.: *Nota de ademiración e de aprauso*, nº 1, px. 28
- S.S.: *Novas pubricaciós*, nº 2, px. 32
- S.S.: *O homaxe a carré Aldao e o arte de Marcos de Abeleda*, nº 2, px. 31
- S.S.: *Premios de estímulo literario <Ramón Mourente>*, nº 1, px. 30
- S.S.: *Unha nota máis de patrio loito*, nº 1, px. 31
- S.S.: *Viaxeiros*, nº 1, px. 30
- Taibo, Victoriano: *morriña*, nº 1, px. 8
- Torres, Xohana: *Triloxía da Terra*, nº 1, pxs. 18-19
- Vázquez, Dora: *A Misa do Galo*, nº 2, px. 12
- Vázquez, Pura: *Tres poemas de Pura Vázquez*, nº 2, px. 16
- Vázquez; Pura: *Poemas de ausenza a Galicia*, nº 1, pxs. 4-5.

6.3. **Colaboracións**

- Abenzoada efemérides, nº 2, px. 1
- Abrollamento, nº 1, px. 1
- *Agoiramento,* de Xervasio Paz Lestón, nº 2, px. 6
- *A Misa do Galo,* de Dora Vázquez, nº 2, px. 12
- *A nena na fonte ,* de Manuel Curros Enríquez, nº 1, px. 3
- *A Padrón,* de Ramón Rey Baltar, nº 1, px. 27
- *Arelas molladas*, de Fernamper, nº 1, px. 12
- *Artes plásticas galegas,* S.S., nº 1, px. 30
- *As cantigas de amigo i o misterio da vida,* de Emilio González López, nº 1, px. 16
- *Benfeitora filantropía de dous emigrados galegos,* S.S., nº 1, px. 30
- *Camiño dos meus amores,* de Antón Fernández Pérez, nº 2, px. 13
- *Cando chegue o Aninovo,* de Xesús Calviño de Castro, nº 2, px. 28
- *Cando Ti chegues,* de José Conde, nº 2, px. 7
- *Carlos Maside,* de Enrique Azcoaga, nº 1, pxs. 10-11

- Contido [táboa], nº 1, px. 1
- Contido, nº 2, px. 1
- *Diz que vén a Primaveira,* de Xosé Ramón Fernández Oxea, nº 2, px. 18
- *Dous mensaxes polifónicos máis de Xosé F. Vide,* S.S., nº 1, px. 31
- *Dous sonetos de Avelino Díaz,* de Avelino Díaz, nº 1, px. 17
- *El poeta barquero,* de Antonio Fernández Pérez, nº 1, px. 6
- *¡E, por fin, veu Don Ramón!*, de Alfonso Gayoso Frías, nº 2, px. 15
- *Feitizo arcano ourensán,* de Alfonso Gayoso Frías, nº 1, px. 15
- *Intre perdido,* de Ramón Lorenzo Vázquez, nº 2, px. 27
- *La juventud gallega y su poeta,* de Eloy Luis André, nº 1, px. 26
- *La maravillosa poesía de Pura Vázquez*, de A. R. G., nº 2, px. 17-18
- *Laboura de pacencia,* de Xulio Fernández, nº 2, px. 30
- Lema, nº 1, px. 1
- Lema, nº 2, px. 1
- *Lembranza de Eufonía para un bó Galego:don Emilio André,* S.S., nº 2, px. 32
- *Levando as áncoras*: S.S., nº 1, px. 2
- *Libros Galegos,* de A. G. F. , nº 1, px. 32
- *Ulcis e os nóntidas,* de Xosé Fernánez Ferreiro, nº 2, px. 21
- *Manuel Murguía e Rosalía Castro,* de Manuel Murguía, nº 2, px. 5
- *¡Meus marelos!,* de Eladio Rodríguez González, nº 2, px. 29
- *Mi voz en carne viva,* de Javier Costa Clavell, nº 1, px. 14
- *morriña,* de Victoriano Taibo, nº 1, px. 8
- *Namentras imos andando*, de Celso Emilio Ferreiro, nº 1, px. 9
- *Noite de Muros,* de Manuel Fabeiro Gómez, nº 2, px. 24
- *Non estamos soios,* de Eduardo Moreiras, nº 1, px. 28
- *Nota de ademiración e de aprauso,* S.S., nº 1, px. 28
- *Novas pubricaciós,* S.S., nº 2, px. 32
- *O homaxe a carré Aldao e o arte de Marcos de Abeleda,* S.S., nº 2, px. 31
- *O romance de Albiña,* de Emilio Pita, nº 1, px. 23
- *Ouh Galicia,* de Euxenio Novoneyra, nº 1, px. 20
- *Pervivir xacente,* de Reimundo Patiño, nº 2, px. 26
- *Poema dun gamberro cidadán,* de Bernardino Graña, nº 2, px. 25
- *poema,* de Ricardo Carballo Calero, nº 1, px. 8
- *Poemas de ausencia*, de Manuel María, nº 2, pxs. 8-9
- *Poemas de ausenza a Galicia,* de Pura Vázquez, nº 1, pxs. 4-5.
- *Premios de estímulo literario <Ramón Mourente>,* S.S., nº 1, px. 30
- *Quechemare da saudade,* de Manuel Fabeiro Gómez, nº 1, px. 12
- *¿Quén non xime?,* de [Rosalía Castro], nº 2, px, 3
- *Romance do desterrado,* de Xosé Neira Vilas, nº 1, px. 21
- *Romance da leira enfeitada,* de Xosé Neira Vilas, nº 2, px. 19
- Rosalía Castro. Evocando á inmortal poeta no Centenario das súas redendoras nupcias, 1858-1958, de Manuel Murguía, nº 2, px. 3
- *Rosalía e Juan Ramón,* de Gerardo Álvarez Gallego, nº 1, pxs. 24-25

- *Rutas, costumbres y plácidos remansos de Galicia,* Eufonía, nº 1, px. 29
- *Saúdo. A don Ramón Otero Pedrayo* ,de Florencio Delgado Gurriarán, nº 1, px. 13
- *Se nos fue Luis Pimentel,* de Andrés R. Barbeito, nº 1, px. 22
- *Siglos de mar*, de Elsa Fernández, nº 2, px. 11
- *Sintonía,* de Avelino Díaz, nº 2, px. 20
- *ti estás calado,* de José Conde, nº 1, px. 7
- *¡Trapos, ferro vello, botellas vasiiias...!,* Ramón Rey Baltar, nº 2, px. 22
- *Tres poemas de Pura Vázquez,* de Pura Vázquez, nº 2, px. 16
- *Triloxía da Terra,* de Xohana Torres, nº 1, pxs. 18-19
- *Unha camelia e unha lembranza,* de Anisia Miranda, nº 2, pxs. 10-11
- *Unha gran figura galega: Ramón Rey Baltar,* A. D., nº 2, px. 23
- *Unha nota máis de patrio loito,* S.S., nº 1, px. 31
- *Unha raiola máis,* de A. G. F., nº 2, px. 32
- *Viaxeiros,* S.S., nº 1, px. 30
- *Voltando,* de Perfeito López Romero, nº 2, px. 14
- *¡Volved!,* de [Rosalía Castro], nº 2, px. 4

7.

EUFONÍA

[Buenos Aires (1958-1959)]

(Rimas y glosas de la poesía gallega)

(Facsímile)

RIMAS Y GLOSAS DE LA POESIA GALLEGA



eufonía

1

BUENOS AIRES

Simbolo de Hospitalidad

HOTEL
"MONTERREY"

EN

LA QUEBRADA DE HUMAHUACA

HUACALERA (Jujuy)

Situado en la Ruta 9 —"Panamericana"—, a 150 kms. de la ciudad de Jujuy, y a más de 2.500 mts. sobre el nivel del mar.

De clima benigno y reparador.

Baño privado en todas las habitaciones ☆ Cocina de primer orden.

Canchas de deportes y equipo propio para equitación.

Salón de fiestas ☆ Galerías de descanso ☆ Pileta de natación.

Excursiones ocasionales a las inmediatas zonas de la altiplanicie.

Programación de visitas a los Monumentos Nacionales adyacentes.

Abierto en las temporadas de verano e invierno.

Escriba solicitando ampliación de informes y reserve ya sus acomodaciones.

LEMA

Que a eufonía distas rimas renda beizós pra Galicia

ABROLLAMENTO

Iste fidel pregoeiro da presenza, divulgazón i enxuizamento da poesía galega —cuio número iñicial acobexamos baixo o signo ourentador da imperecedeira memoria de Manuel Curros Enríquez—, ven aparecer nos mesmos intres en que se está conmemorando moi resoantemente polas nosas Asociacións dista gran urbe arxentina, o cincuenta aniversario da súa esfarnadora morte.

En ocasión tal, e sumados como era de esperar a ista máis que honorosa evocación, tan soio desexamos que a mesma benfadada estrela que o guiou, nos amostre aquiles redenzoales hourizontes cara onde il a cotío transitara.

Contido

Levando as áncoras ..... Páx. 2
A nena na fonte, de Manuel Curros Enríquez ..... „ 3
Poemas de ausenza a Galicia, por Pura Vázquez ..... „ 4
El poeta barquero, por Antonio Fernández Pérez ..... „ 6
Tí estás calado, por Xosé Conde ..... „ 7
Morriña, por Victoriano Taibo ..... „ 8
Poema, por Ricardo Carballo Calero ..... „ 8
Namentras imos andando, por Celso Emilio Ferreiro ... „ 9
Carlos Maside, por Enrique Azcoaga ..... „ 10
Quechemare da saudade, por Manuel Fabeiro Gómez .. „ 12
Arelas molladas, por Fernamper ..... „ 12
Saúdo, por Florencio Delgado Gurriarán ..... „ 13
Mi voz en carne viva, por Javier Costa Clavell ..... „ 14
Feitizo arcano ourensán, por Alfonso Gayoso Frías .... „ 15
As cantigas de amigo e o misterio da vida, por Emilio González López ..... „ 16
Dous sonetos de Avelino Díaz ..... „ 17
Triloxía da Terra, por Xohana Torres ..... „ 18
Ouh Galicia, por Euxenio Novoneira ..... „ 20
Romance do neno desterrado, por Xosé Neira Vilas ... „ 21
Se nos fué Pimentel, por Andrés Rodríguez Barbeito ... „ 22
O romance de Albiña, por Emilio Pita ..... „ 23
Rosalía e Juan Ramón, por Gerardo Alvarez Gallego .. „ 24
La juventud gallega y su poeta, por Eloy Luis André .. „ 26
A Padrón, por Ramón Rey Baltar ..... „ 27
Non estamos soios, de Eduardo Moreiras ..... „ 28
Rutas, costumbres y plácidos remansos de Galicia ..... „ 29
Aconteceres ..... „ 30
Libros galegos ..... „ 32

Levando as áncoras

Ó volcar hoxe o máis dondo e aluído do noso vivificador sentimento de galeguidade pra posibilitar a persoalmente dificultosa saída á luz diste coleitivo pregón e glosario da nosa poesía, tan soio pretendemos poder alcadar que nas súas ocaixoales apariciós vaian amalgamados coaquiles dos nosos precursores, os acentos auténticamente mensaxeiros dos poetas galegos dista tan ecóica aitualidade.

E pra que as nosas superadoras aspiraciós poidan ter un máis doado rendimento, precuraremos deixar amprio vagantío no mesmo, pra que tamén os máis calificados críticos i ensaistas das nosas letras, tanto propios como alleos, poidan verter —de maneira xenérica ou parcial i en bilíngües alusiós— os seus respeitivos comentarios i enxuizamentos encol dista xa tan rebustecida eispresión lírica da nosa raza.

Precuraremos tamén que na limitada ampritude das súas páxinas vaian reaparecendo en paseniña contiñuidade, moitas das máis valiosas xoias do noso herdo poético, tan inxustamente esquecidas no arremuiñado e bretemoso devir dos derradeiros tempos.

Por outra parte, e sempre dentro do reducido recinto visual do cativo enfoque da nosa literaria lupa, trataremos de valorizar toda aquela xenuina aportazón que vaia aparecendo, coa honesta gradación de acollemento a que a mesma se poida facer acreedora. Nin deixaremos tampouco de prestar o noso feble achedamento a todo galego acento poético que, con eispresivo merecemento, ande reloitando por alcadar a propia resoanza antre o coro xeral dos nosos abenzoados polifonistas.

Sendo isa, pois, a búsola que vai asinalar os pretendidos roteiros a percorrer pola nao dos nosos culturaes anceos, e dando xa por disculpados todos aquiles involuntarios erros ou omisiós en que poidéramos incurrir, ficamos a facer a tan inxénua como apraceira conxeutura de que a divisa que dende hoxe nos vai identificar, ben poidera flamear no literario ambente moito máis tempo do que na partida lle estamos a consigñar. Orgallá que eisí aconteza, sempre que cheguemos a merecer o agarimoso acollemento de todos aquiles núcreos cibdadáns e intelcitivos que a cotío se espalecen co progresivo apulamento das nosas letras, que veñen ser tamén os que co seu avencellado achedamento poidería ir acrecentando o volume da nosa coleitiva voz, pra que cada vez fose sendo máis sonorosamente representativa, máis afoutadamente entoada, e tamén..., ¡algo máis auténticamente nosa!

E agora que xa imos a navegar coas velas desplegadas, á par que axeitadamente acobexados baixo o agarimoso manteo da máis afervoada cibdadanía pra combater os cercios que poideran mal soprar ó longo da travesía; despois de adicar un moi cordial saúdo prás nosas instituciós, audiciós radiales, prensa en xeral, e de recoller no bordo ó seleito puñado de decidores pasaxeiros que, sen oufanosos comedimentos nin olímpicos pavoneos, pero si con espontáneo anceo de cantarlle á Terra, nos quixeron acompañar nista etapa iñicial do noso patriótico itiñerario, tan soio nos resta desexar que a boanza nos favoreza pra chegar con ben ó porto enxebre de destiño.

eufonía

PUBRIBACION PERIODICA DE CIRCULACION INTERCONTIÑENTAL ANTRE OS GALEGOS

Editada e dirixida por ALFONSO GAYOSO FRIAS

Venezuela 1016 | Teléf. 37-4628 | Bós Aires

Nº 1 | SETEMBRE | 1958

No cincuentenario da morte do noso inmortal poeta

1908 - 1958

A NENA NA FONTE

De Manuel Curros Enríquez

Nena que nesa fontiña
queres hencher a túa cántara,
sin coñecer que non se henche
vasixa que foi rachada.

Por máis que baixes os ollos,
por máis que xogues coas sayas,
ben se adiviña que choras
no longo das túas pestanas...

Que esas pestanas tan longas
non che creceron sin auga,
porque sin auga non crécen
nas veigas as espadanas.

Ourense, 1874

M. Curros Enríquez, autor de "Aires da miña Terra".

Dende Venezuela

POEMAS DE AUSENZA A GALICIA

Por Pura Vázquez

I

¡Ay! Que azar bulideiro me levara
amarrada na proa derradeira!
Qué noite amartelloume na senlleira
cancela que iste sono me depara!
Anterga voz, ardéndome me ampara
enraiolada en roitas de viaxeira;
beiramar me desanda, mariñeira,
no abrente que ilusión se me tornara
Desando ista longura desmedida,
ista anguria de morte repartida
no sangue en néboa azul, desarborada.
Desando istas lonxanas xeografías,
coa enfurecida frol das maruxías
na pavesa do día engaiolada.

II

Espádua que me doi e pé que pisa
lixeiro na ledicia e me debala,
eres sempre Galicia, isa que fala
língoa de mimo, albeiro de sorrisa.
Si montesía en cómaros te plisa
o celta deus, nas praias te recala.
Si nas cibdás, con pedras te sinala
románica de pórtico e cornisa.
Garnida sempre, forte e benzoada,
armónica pombiña benfadada,
leda terra zugándome saudades.
Curuto do Breogán, frol da ledicia,
panal do corazón, sempre Galicia,
meu reiseñor inxel de eternidades.

III

Terra, terra que en cruz fuches erguida
sobor das troboadas, na picota.
Alma que cara o azul rube e se afota,
inmorredoira e forte, non vencida.

Terra por longos séculos xurdida,
soar do Breogán, pombiña iñota,
hoxe Céltia vixiante, alta gueivota
de isolamento e noite malferida.

Tempros druídas, brétemas acesas,
boscos podentes, breixos, teimas presas,
lévante por procelas isoladas.

Gardas o berro, a hestoria das edades,
deuses, mitos, aldraxes, libertades,
co tempo empoeirado nas toradas.

IV

¡Ay! Os melros do vento de repente,
xa levándome están beixos maznidos,
e solagantes trigos frolecidos
de mapoulas me tran caladamente.

Ponlas verdes e o froito, i un abrente
de aurora ideal, e a frol e o repetido
marmulo dos piñales, o acendido
peitaliño do toxo reverente.

Píllaras de lizgaira primaveira
tranme os fíos mollados da poalleira,
a mel do sol, as silandeiras cruces.

Tranme o solpor, os pulos da montaña,
os bois da noite, os mastros... Tranme a braña
dos boscos, as celestes tremeluces.

V

E si can sobre min as troboeiras
do lume en que me queimo, i un escuro
latexar sobrenada no conxuro
de melódicas xevas feiticeiras.

Coróame túa luz as lumieiras
de cada pedra e torre en sono puro,
fontes que esbaran canles nun maturo
pozo de celmes augas extranxeiras.

Eres medida de un amor, tornada
en maruxía doce que me engada,
xardín, reino lonxano que me prega.

Alondra madrugada que me esperta,
frol de cada camiño en min aberta,
misterio que me fire e que me cega.

Caracas, 1958. **Pura Vázquez, autora de "Maturidade".**

El poeta barquero

Por Antonio Fernández Pérez

El barquero que lleva en su barca
a los dos más ricachos del pueblo
musita sus coplas
al compás con que agita sus remos:

¡Jesús, qué pobretes
son los ricos éstos!
Da pena escucharlos;
da lástima verlos.

Son dos parias que van por el mundo
pregonando a la tierra y al cielo
las riquezas que llevan por fuera,
las miserias que esconden por dentro.
¡Jesús, qué pobretes
son los ricos éstos!...

No conocen más ley que la usura,
no conciben más dogma que el medro,
ni otra fe que la estulta avaricia,
ni más dios que el dorado becerro.
¡Da pena mirarlos!
¡Da lástima verlos!

Yo, que soy el vecino más pobre;
yo, que soy el poeta-barquero,
no le envidio la suerte al más rico
y me siento más dueño que aquellos
que no sueñan sino en los caudales,
que esclavizan su vida al dinero...,
y que todo lo llevan por fuera
sin que nada acumulen adentro.

Yo soy más dichoso
que ninguno de ellos,
pues la gente me estima y me quiere
porque canto al compás de mis remos.

Yo nada daría
por ser como éstos.

Me declaro feliz con mi suerte;
con mi barca me doy por contento.

Yo canto mis coplas,
yo escribo mis versos,
y por nada del mundo daría
el tesoro que guardo en el pecho.

¡Jesús, qué pobretes
son los ricos éstos!...

Mendoza, 1958. A. Fernández Pérez, autor de "El cura de mi aldea".

tí estás calado

Por José Conde

Estás calado, sí, tí estás calado.
Cantos prantos labraron teu silenzo!
Manantío onde os centeos beben pra xerminar
mentras san froles co lentor da xurrada
a deletrarte.

Estás calado, sí, tí estás calado
e todos queren medirte,
todos queren cercharte,
todos escifrarte.

Lumareda da raza,
tí estás nas fonduras hirmañado coa terra,
e renaces nos sulcos
por entre os que dicen ter sabencia
pra xuzgarte.

E tocan a rebato ó ver algo parescido a tí,
e van os vagalumes a enfrentarte,
e san as carrizas dóceles ás reixas
pra inxuriarte na linguaxe
que ti mismo fixeches.
E tí estás nas fonduras
mezclado coa terra
adiantando o crescemento dos trigos.
E xa non hai metro pra medirte
nin leis pra expulsarte,
nin valos pra conterte,
porque tí és un nome que non entenden moitos:
Os pozos descoñecen
as correntes sonoras dos ríos,
i os pardaus as outurcs cintilantes
das águias.

Tí estás calado, hombraz,
a dealbar nos hourizontes da patria,
faguendo medrar os arbres co teu lévedo,
entanto te acuchilan
corvos con xeito de merlos
que se din do teu bando.

Todos son fiscales da túa obra, todos,
porque xa non poden queimar túas sementeiras:
lésmias saídos da podredume,
crescidos na podredume.
Ráns que insultan ó mar dende a lagóa.

Tí eres o centro da nosa gravitazón,
pro pra chegar a tí
hai que crescer dende o chau moi limpo,
untarse ben coa terra por dentro
e deixarse madurecer ó sol.
Non coller os froitos dende o andaime
nin cantar somente o adeprendido na escola.
Pra chegar a tí hai que ir sinxelo
polos camiños a xermolar,
sin lecer que entale
nin grorias que humilden.

Bós Aires 1958.

J. Conde, autor de "Muiñada Noitébrega".

Duas voces mensaxeiras de aquilatadas captaciós e moderadores preceitos:

morriña

Por Victoriano Taibo

Todalas relembranzas da paisaxe
ó lonxe fanse luz de sentimento,
inzando o corazón i o pensamento
de un verdecente afán na paisanaxe.

Incerta na fatal pelengrinaxe,
é raiz e chamada, é pranto lento
nas mentes en visión de arredamento,
nas almas en cubizas sin paraxe.

Montaña, val e mar na lonxedade,
i o corazón de cote a relembrarse
mergullado en campía e soedade.

I á voz da terra nai, día tras día,
un sentirse morrer e non finarse
nas apertas da irmá melancolía.

Vigo, 1958 **V. Taibo, autor de "Abrente"**

poema

Por Ricardo Carballo Calero

Ti que me axudas nista misa eterna
que celebro no altar do Deus igñoto,
conténtate con ser feliz humildemente,
sen querer rebasar o teu papel de acólito.

O teu destino é responder á voz miña
que lanza ao ceo os salmos como un falcón famento,
e decir así sexa cando aos outos poderes
requiro pra que guinden courazas de silenzo.

Move o botafumeiro con inocente abalo.
Que sexa a túa pureza bago do meu esforzo.
Un máis forte que ti na bouta escura
axexa pra queimar a pomba co seu fogo.

Sígueme, se me amas; non queiras que te siga.
Só conmigo estarás —vivo no esquecimento—
desamparadamente de xonllos ante o altar,
non poderosamente no mesmo altar ergueito.

Lugo, 1958. **R. C. Calero, autor de "Vieiros".**

Namentras imos andando

Por Celso Emilio Ferreiro

O tempo rescende a estación ferroviaria
no arrabalde do amencer,
cando os trens agallopan
por túneles de noite,
e brilan luces misteriosas
nos boscos profundos
e no perfil confuso das cibdades lonxanas.
Namentras, imos andando.

O tempo sóa a frauta melancónica
de pastor isolado; a birimbao de vento
nas amarelas acácias a o cair a tardiña.
Un soar monocorde
que ven baixando a tombos dos curutos,
chega até o val e trócase en paxaro.
Namentras, imos andando.

O tempo tén a cór dos prados; pero ás veces
ponse gafas vermellas e roloce
—esmacelado e fondo, aluarado—
coma un Sáhara de augas movedizas;
auga de area, chuvia de area,
sobre mares de area interminabeles.
Namentras, imos andando.

O tempo leva grímpolas de berros, pendurados
dun aramio de espiño; leva fírgoas de luz;
leva farrapos de espranzas erguidas
sobre mastros de sonos; e leva as derradeiras
palabras dos soldados descoñecidos
que morreron en todalas guerras polas patrias inútiles.
Namentras, imos andando.

O tempo é unha cousa que está e se desliza
coma cóbrega longa rastreando
o corazón dos homes, ises vermes
que están tamén e van tamén pensando,
matinando furar un rexo muro de soidades,
pedra de escuros deuses que couta as súas somas.
Namentras, imos andando.

Namentras imos andando, o tempo tén un nome,
un alcume de neve que ninguén pronuncia,
un alcume que esbara polos vidros do inverno
nun segredo xardín de acebos mergullados.
Namentras imos andando, pregunto polos mortos,
pregunto polas froles de amor que sementaban,
pregunto polas mornas mañás de que gozaron,
pregunto polas ondas do mar... ¡Eu pregunto,
namentras imos andando!

Celanova, 1958. **Celso Emilio Ferreiro, autor de "O Sono sulagado".**

Siempre hay poesía en el arte y en la vida de ciudadanos tan ejemplares como el que aquí recordamos, con motivo de su reciente desaparición:

CARLOS

El mejor elogio que puede hacerse del pintor gallego Carlos Maside, recientemente desaparecido, es proclamar algo muy triste: no había en su obra valiosísima, ni la quinta parte de lo que valía. Esto que a nadie debe parecer agraviante, les va a ocurrir en España a muchos de los que lucharon por un reencuentro importantísimo, y tuvieron que resistir dolidos y sonámbulos, bajo la catástrofe derivada de nuestra siniestra guerra civil.

Maside, precursor en Galicia de un movimiento plástico sobre el que todo el mundo ha hablado, trascendía su personalidad sobre la vida intelectual española durante los años 1930 a 1936, como él mismo quizá no sospechara. Los más jóvenes por aquel entonces, antes incluso de celebrar sus cosas con los Dieste, con Fernández Mazas, etc., en nuestra tertulia de la "Granja del Henar" madrileña, sabíamos de sus trazos finísimos, de sus manchas poseídas por una luminosidad de cepa popular y signo inteligente, de su difícil corazón. Recuerdo aquellas tardes que con Mony Hermelo y Norberto A. Frontini celebrábamos lo que Maside publicaba en revistas y diarios, testimonio siempre más que fruto de su extraordinaria categoría. Y las charlas con Arturo Souto, el pintor más desbordante de cuantos Galicia haya dado, que tanto sabía de él.

Maside en Galicia, como Garay en Murcia, como del Toro en Valladolid, como tantos héroes espirituales en las provincias españolas, supusieron una avanzada intelectual importantísima, no siempre reconocida por compatriotas y paisanos. En momentos que España caminaba hacia una cima, frustrada el año 36 por la sordidez lamentable, que criaturas como la que acaba de desaparecer suponían su esperanza, su fuerza, su autenticidad.

Conservo las cartas que cruzamos al terminarse la parte bélica de la guerra civil española, por lo que tienen de "¡aquí estamos!". ESTAR en Galicia o en España, llevando la contraria a lo reaccionario, a lo anacrónico, ha supuesto siempre una tremenda heroicidad. Todos somos unos, es verdad; pero lo tópico, lo ramplón, lo pintoresco, crea entre nosotros un inmenso frente. Decidir como Carlos Maside estar en contra de todo eso; afinar con la creación permanente una circunstancia y por tanto afinarse, requiere un temple de excepción. Su sentido de lo gallego importaba, porque una cosa es la versión delicadísima que de lo gallego nos ha dejado, y otra el engolfamiento municipal de los incapaces de universalizarlo. Maside sutilizó con particular inteligencia lo que tantos explotan, haciéndose acreedor de una importancia, de una gracia, de un sentido vital. El espíritu gallego, una de las gracias más considerables de la diversidad española, resonó en su pintura como las causas, en vez de como los ecos. Porque una cosa es pretender lo que Maside consiguió, una mitología, y otra quedarse en la zarzuelera inconsistencia de lo local.

Decir gallego en el caso de Maside, era decir lúcido, fantástico, enamoradizo, gravemente lírico. Decir gallego en el caso del amigo cuya desaparición tanto hemos lamentado, es decir igualmente riqueza, dionisismo, reconditez popularísima, manera de ser. Una cosa es zumbarle el pandero a Galicia —quehacer de los cucos de todas clases de Galicia y de América— y otra tener tales raíces en ella, que pintar lo menos gallego por ejemplo, suponga dar fe de su verdad profundísima. Una cosa es sobar y resobar un barro que puede presentársenos hasta como monserga, y otra depurar lo sainetesco brindándonoslo como un mundo ensoñado, suficiente, de inefable perfil. Maside pertenecía a la Galicia auténtica, realidad a la que siempre seremos deudores los que soñamos una España verdadera. Este gallego sutilísimo, de meandros profundos e inéditos, quiso que la verdad

MASIDE

Por Enrique Azcoaga

a la que se debía, luciese plásticamente desprovista de terruñera complicidad. Frente al grupo de los nostálgicos —tan abundantes en lo que a Galicia se refiere—, Maside brilló en su plano como Valle Inclán y como Rosalía en los suyos. Los que siempre hemos detestado al gallego y al español demasiado contentos por el hecho hueco de serlo, teníamos desde hace muchos años presente la obra de Carlos Maside, porque acreditaba a Galicia, que es harina de otro costal. No recorrió el mundo señalando con un dedo tosco el cartelón galaico. Vivía en Galicia idealizándola; quintaesenciándola en su pintura; dando con mesura y con sensibilidad portentosas, su magia huída y su caudalosa vibración.

La guerra española le turbó esencialmente, sin esterilizarlo. Cuando un hombre tiene un espíritu tan fino —y fino aquí es rico, complejo, difícilmente calculable—, no se rompe más que con la muerte, aunque pague la prenda que Maside pagó. La catástrofe puso luto en Galicia y en almas como la del artista desaparecido. Un país como el gallego, venero de sensibilidades inteligentísimas y aun delirantes, contaba sin embargo en su caso de ponderado entusiasta con lo contrario de lo que valorizan los cómplices turbios: su lealtad. ¡Qué limpia, qué profunda, qué grácil plásticamente, la lealtad espiritual y artística de Maside! ¡Cuánta nobleza, cuánta verdad revelada, cuánto rumor gallego hecho estilo en la creación de nuestro pintor!

Por lo pronto, a Maside le ocurriría todo lo contrario que a una gran mayoría de pintores modernos: supo siempre lo que quería, y de ahí la ambición ideal, la exigencia permanente de su pintura. En una época de "analfabetos sensibles", debe marcarse con letras de oro la personalidad de un artista moderno por los cuatro costados, con calidad íntima y creacional. La "voluntad de estilo" de Carlos Maside no se confundía con el "estilismo" más o menos deplorable de los que no sienten ni padecen. ENCONTRARSE en Galicia como pocos —y no perdido según les ocurre a demasiados— llevó al amigo de tantas horas, a una exigencia difícil de cumplir. Pudo entregarse a esa verborrea plástica de los incontrolados, tan gallega para los poco exigentes. Cultivó por el contrario la palabra precisa, el ritmo arriesgado, lo cromático depuradísimo, porque no se trataba de un regionalista satisfecho, sino de un RECATADO ESENCIAL. Hay un compañero literario de Maside en las letras gallegas y españolas: Rafael Dieste. Independientemente de lo que aquel consiguió y Dieste haya conseguido y consiga, Carlos y Rafael son hermanos en el control creativo, en el planteamiento suficientemente pensado, y en todo aquello que acredita la obra de estos artistas como una alta exigencia en el plano creador. Nada tan noble como la sencillez expresiva de vuelta, evidente en la obra mejor de Maside. Ni nada tan elogiable como ese afán de plantear en pocas palabras —con palabras preñadas de significación y de vuelo— esa difícil proposición de la pintura de ley.

Pintar —o escribir— no es explotar un tema, sino acreditarlo. Elevar a Galicia como Maside la ha elevado a lo largo de una obra rica y varia, importa demasiado para no sentir su muerte como la de un héroe de la dignidad. Quisimos mucho a Maside por enemigo de lo fácil, por la dimensión de su encariñamiento, por la categoría a que llegó viviendo y pintando. Esperamos que el recato plenísimo de su obra, viva para siempre en la línea mejor de la pintura española, y en la atención de los que le querrán como nosotros, mejorándose con su labor.

Buenos Aires, 1958.

E. Azcoaga, autor de "Panorama de la Poesía española".

Quechemare da saudade

Por Manuel Fabeiro Gómez

—¡Quechemare da saudade!
¡Meu corazón!... ¿Onde vas?

—Longos mares apaixoan
as ilusiós i o soñar.
Teño camiños na noite
coa búsola do luar.
Un milleiro de estreliñas
nos ceos a rebuldar.
Teño paisaxes igñotas
sempre por min a chamar...

—¡Quechemare da saudade!
¡Meu corazón!... ¿Onde estás?

—A tóa fun percorrendo
vieiros de señardá;
cada estrela, foi un anxo;
cada ilusión, un outar.
Era cada singladura
voz de un eterno cantar.
...E nas paisaxes igñotas
soio escoitei alalás.

¡Quechemare da saudade!
Branca vela a navegar...

Noia, 1958

M. Fabeiro Gómez, autor de "Follas de un arbre senlleiro".

Arelas molladas

Por Fernamper

Hai días tan pechos, tan foscos, tan mouros
coal noites escuras;
hai risas que gardan no fondo do seio
un mar de tristuras.

¡E tamén hai cantos
que rezuman bágoas coal se fosen prantos!

Por eso aquel mozo dos ollos tristeiros,
da fonda nostalxia,
coa trémola verba xemendo saudades,
cantando choraba:

¡Qué lonxe da terra dos meus agarimos!
¡Qué lonxe das praias en que me criei!
Naiciña querida, ¡qué orfiño me vexo
dende a noite escura que te abandonei!
¡Souberas, Galicia, que soio me sinto
tan lonxe da aldeia, tan lonxe do lar!
¡Quén fora estrelina do teu firmamento,
gotiña de orballo..., ondiña de mar!

E contan as lendas que cando o mociño
seu canto findou,
xurdiu dentre os aires a voz de unha meiga
que así lle falou:
"Mociño que choras!, enxouga ese pranto,
que un mozo garrido non debe chorar!
Arelas molladas con auga de bágoas
son torres de escuma na chaira do mar"...

Mendoza, 1958.

Saúdo

A don Ramón Otero Pedrayo

Por Florencio Delgado Gurriarán

México, 1958.

F. D. Gurriarán, autor de "Bebedeira".

Don Ramón benquerido: Eu te saúdo
en nome do meu val ledo e vizoso,
da terra de Valdeorras ben amada
celmosa de godello e de caíño,
do brincadeiro Sil, do enfesto monte,
e da bocarribeira corgomesa
cinguida de barreiras e de soutos.

Do meu vale, de combas e relanzos,
espellado de louxas e de seixos,
rañado de amieiros e caborcos,
garnido de mimosas e milleiras,
barroco de cepeiras e castiros,
recendente de ourego e cabrinfollo,
tinguido de eirexas e de amoras,
polos cachóns roscido e as pincheiras,
arrolado dos carros, que se afastan
antre a poeira da silvosa corga.

Na soalleira louro de laranxas,
roxo de balsaís e sangradeiros,
dóce de mel, cinsento de oliveiras...
e a tanguer os axóuxeres dos conchos,
e broslado de felgos, no abisedo.

Do val que amarelece en primadeira,
co ouro a bulir das hortas frorescidas,
co ouro a tremer das xestas nos outeiros,
e coa farna dourada das candeias.

Do val policromado en San Martiño,
vermello de garnacha e do alicante,
ourilocente de lanzal visura,
verdecente das searas centeéiras,
alampado co lume dos magostos...
e riseiro de ourizos regañados.

Do meu val acochado pola néboa
das raiolas do sol acoitelada,
do meu val delourado polos ventos
e garrufado coa teimosa choiva.

Do meu val de malvises e de gaios,
de loureiros, carpazos e cerdeiras,
de toxos, cantariñas e de abrairas,
de nonmesquezas e de semprenoivas,
do meigo reiseñor, da denosiña,
do recoteixo, do lobo e da cegoña.

Do meu val de biriscas e petrucios,
e de nenas souriles, e de mozos
que chegan deica o sol coas súas cantigas,
e de aturuxos que os ouvidos firen.
Da miña Santa Marta milagreira,
enfeitada, dos ácios, coas primicias,
do Cristo, San Roquiño e San Lourenzo,
e da Nosa Señora e San Vitoiro...
Da lizgaira muiñeira e do "coleado",
dos folións, das gaitas e... ¡do viño!,
mestre cantor de festas e turreiros,
que vive no seu pazo soterraio.

....

En nome do meu val, ledo e vizoso,
¡tan lonxano!, comesto de saudades,
Don Ramón benquerido... ¡Eu te saúdo!

Loitas do galego ser, antre o dóce relembrar i a mocelante espera de futuras venturanzas:

Mi voz en carne viva

Por Javier Costa Clavell

...Por el alma de los seres inéditos que mueren en mi carne cada día...

...Por vosotros, entrañables amados de mi ser. Por vosotros, esta copa...

En mis noches indecisas y cobardes, vuelto hacia mí, ovillado en un rincón del alma, te vivo temblando, besando, insomne, la curva deliciosa de tus pechos ardorosos... Y tus hombros se yerguen como lomos de potro, galopando sin brida a lo largo y a lo ancho de mi ser enamorado.

Ah, tu boca. Tu boca sin fronteras. Tanto más deseada cuanto más poseída Tu boca, amada, que me siembra el ser y me lo transe de pasiones sin medida...

Tu boca.

Por el cráter coronado de seda de tu seno, quisiera hundir, saciar el ansia de ser otro que me anega.

Limitado por las formas de tu cuerpo delicioso, incendiándome las venas al besarte enardecido en el recuerdo...

Así, muriendo poco a poco de deseo, voy tejiendo en el delirio del vivir las horas que me quedan.

Esa delgada luz que me ilumina, esa flor de tu recuerdo sorprendido, esa imagen, esa vida que se rompe a cada instante...

...Aquellas horas...

La suave geometría de tus senos palpitantes. El cóncavo temblor del muslo, iluminado de caricias. Tu cuerpo, soñado y perdido cada día, cada hora. Mi amor, siempre encendido, cercándome y cercándote. Tu boca estremecida, mensajera del amor. Ese amor, recién nacido a cada instante... Ese amor ..

...Aquel amor...

¡Amada!

El frescor incitante de tus labios, donde yo bebí con gula, sin lograr jamás saciarme. Tus labios, florecidos con mis besos.

Tus labios, amorosos, palpitantes.

Tus labios y los míos, siempre juntos, aquí dentro...

Tus labios...

Esa tu voz que se me hace luz en el espíritu. Esa voz, que, al quebrarse, se me hunde, agudizada, en las entrañas de la carne, sembrándome de huecos el páramo del ser.

Esa voz, por la que vivo emocionado. Esa voz...

Tu voz...

Ayer, amada, viviéndote dolorido, me fuí contigo del brazo de la noche. De mi noche en carne viva, esa noche que prologa la corriente inacabada de una vida sin salida...

Y te soñé feliz, coronada por mi amor ..

Pero, ahora, te lloro, atado al poste de los días, de mis días, que son tuyos...

Amada...

Vencido por el cuerpo que en ti sueño, a veces, me desprendo de ti misma y me elevo, herido, destrozado, como un globo vacío, sin sentido.

A veces, me acomete un ansia incontenible de darle la vuelta a los huesos y a las venas de mi sangre y buscarme en los odres usados de los deudos que estrenaron mi carne en el tiempo...

Chantada, 1958. **J. Costa Clavell, autor de "Literatura gallega actual".**

Feitizo arcano ourensán

Por Alfonso Gayoso Frías

Ourense tén un segredo de orixen tan ancestral,
que as xentes que elí naceron i aquelas que elí van dar,
pasan a vida de cote pescudando en que estará
infiltrado ise feitizo que tanto querelo as fai.

Ús din que está nos crarexos das noitiñas de luar,
outros que nas verdeganzas das frolestas daquil Val.
Moitos que está nos murmurios que o Miño ceiba ó pasar,
i os máis coidan que no engado das mociñas que elí hai.

Sexa cal for o acobexo que o feitizo foi buscar,
o certo é que o segredo inda segue sendo tal,
i as xentes que elí naceron, cal as que de fora van,
cando de Ourense se alonxan, arreloucan por voltar.

Non importa se ó deixalo préto ou lonxe foron dar,
nin tampouco se os seus fados lles deparan ben ou mal,
pois co infruxo do feitizo... ¡cando o tempo da en pasar!,
ondequeira que se atopan non acougan coa saudá.

Porque o segredo que Ourense tan pra sí gardando vai,
foi vertendo nisas xentes os degaros de esculcar
se está no craror das noites, se está no Miño ou no Val,
ou ben nos meigos ollares das mociñas que elí hai.

I eu por ir antre isas xentes tan lonxe daquil meu lar,
cal elas, voltar anceo co máis degarento afán,
pra ver de dar co feitizo, pra ver onde é que il está,
e se ben con il non dera... ¡xiquera morrer alá!

Bós Aires, 1958
A. Gayoso Frías, autor de "Os fidalgos de Rante"

As cantigas de amigo i o misterio da vida

por
Emilio González López

Un dos grandes tesouros que Galicia regalou á cultura universal son as **cantigas de amigo** nas que vibra a melodía misteriosa do segredo da vida envolto na beleza. Comparadas con elas son pálidas, descoloridas e artificiás as poesías feitas na Provenza, na terra mediterrán que por gozar da vida non soupo atopar nela as fondas emocións onde vive a dolor, a inquedanza, o misterio e a agonía da ialma dos homes. A Provenza feita de luz, non chegou a entrar nas sombras e tebras do home, da terra e dos ceos, onde mora o misterio que só o poeta sabe desentranar. Mentras na Provenza a poesía se convertía nun pasatempo inteleitual, entretido exercicio de xentes que se espreguizaban ó sol sorrinte da eisistencia, os troveiros galegos escoitaban nos balbordos do Mar das Tebras as voces do máis alá, e no zumbar das arbres o misterio da terra; e ían direitos ó corazón das cousas, dende as pedras ás máis belidas froles, pra traernos envolto na bela e deicada túnica da súa língoa o alento das almas invisibles.

Hai nas **cantigas de amigo** como o balbordo do mar nas furnas dos cons; o alento da terra; os saloucos do corazón dos homes; o marmullo das augas dos ríos e das follas das arbres; o misterio infinito do ceo e a inquedanza do drama que envolve a creación. Hai nisas cantigas unha forza, un fermento báquico, un latexar da ialma, que ó pornos en contáito con elas nos embebedan co seu feitizo; e nos sentimos por elas transportados a un mundo superior en que todas as cousas perden súa individualidade pra voltar á unidade primitiva.

Isa poesía, expresada en galego, coa sensibilidade e o ritmo da nosa língoa, madurada coas verbas que falan da nosa terra, das nosas arbres, das nosas romerías, das nosas froles e dos nosos santuarios, foi o mundo máis maravilloso e máxico que se creou na Edade Media.

Cando no século derradeiro se descubriron os perdidos cancioneiros galaico-portugueses (de Axuda, Colocci-Brancuti e da Vaticana) os eruditos e os literatos quedaron admirados da súa máxica beleza, pois endexamáis, nin antes nin despois diles, se había expresado o misterio dramático da espera agónica como o fixo, p. e., Mendiño coa súa cantiga de amigo. Ise mundo poético perdeu pra nós o seu vigor creador cando deixamos de usar a nosa fala e tomamos unha allea, pois ista non tiña a virtude de espertar en nós a vibración máxica que nos pón en relación direita coas almas das cousas. Cando escomenzamos con Juan Rodríguez de la Cámara a deixar a língoa galega, fuxiron, escorrentadas de nós polos alleos acentos, as pombas máxicas da ilusión poética, e o corazón atristurado quedou calado como se o visitara a morte.

Nós calámonos por séculos mentras o noso tesouro poético, a máxica beleza das **cantigas de amigo,** a xoia máis preciada da poesía medioeval que supera en pontos ó Petrarca, reaparecía ás vegadas nos millores poetas portugueses, como Xil Vicente no Renacimento ou en Guerra Xunqueiro nos tempos modernos. A cantiga de amigo creada na língoa galaico-portuguesa, por poetas galegos e portugueses, morreu en Galicia, pero non en Portugal onde foi sempre o alento máis vivo do seu crear poético. E na propia Castela tamén ás vegadas os poetas prenden, como Lope de Vega no Século de Ouro ou García Lorca nos nosos días, a xoia da sensibilidade poética galega da cantiga de amigo nos millores traxes dos seus poemas. Nós, lexítimos herdeiros diste gran tesouro, temos a obriga de voltar a emprender o camiño da creación poética na nosa língoa, pois por il chegaremos de novo ós mundos máxicos que pra nós só se poden abrir coa chave da língoa galega e da estética peculiar que vive nela.

Nova York, 1958.

E. G. López, autor de "Galicia, su alma y su cultura".

Unha das voces moi longamente resoantes na Galicia Ultramariña:

Dous sonetos de Avelino Díaz

Segredo

Ó carballedo fun, pola invernía,
depenar un bó feixe de ramaxe
pra fornecer o lar cunha fogaxe
que me dese quentor na noite fría.

Cando, con él ó lombo, percorría
carreiros de retorno o de friaxe,
o vento me bruaba con carraxe
e coutar os meus pasos pretendía.

Tal forteza mostrou no seu intento
aquil ar, ó tundirme carraxento,
que, cecáis, develei certo segredo...
pois, cheguei a pensar que me tundía
porque funlle furtar do carballedo
unhas notas da sua sinfonía.

Agora...,ren

Nosa Terra, no século pasado,
forneceu ben acesa rebertía;
daquela o noso povo conquería
o ser por rexos bardos esteado.

Neste século vinte, xa gorado
pra Galiza, non tén a poesía
reberte pensamento, nin a guía
un senso cramoroso i arriscado.

Agora soio tein os bardos nosos,
cando non alouvanzas pra raposos,
un calado consenso de galiñas.
Non a Brañas imitan, ou a Leiras,
a Curros e Pondal. Son tecedeiras
a facer tan somentes panxoliñas.

Bós Aires, 1958.

Avelino Díaz, autor de "Debezos".

Triloxía da Terra

I

Eu lémbrome de Tí sempre que poido.
Agora mellor que nunca falaría
de outras tardes máis onte
coa cór innumerable dos outonos.

Pasan homes escuros de a cabalo,
pro escribo acobillada porque dóeme eiquí,
por ún prestarlle o peito a tantas cousas
i á presurosa hedra da memoria.

Que a Terra coa súa historia é o que importa:
¡Curuxeiras, a Graña, Valdoviño,
Maniños, San Felipe, Val do Castro,
por unha estrada arriba de arboreda!
¡Pasos meus... ledicia, corazón...
non soupestes de días máis noviños!

Miña abóa chamábame Chuchiña,
e isto si hai que decilo, somentes miña abóa
chamábame de xeito tan distinto.
Alguén dixo que o nome era fermoso,
pro iso tamén tivo o seu conto triste...

As rás de chan rubian ós raiceiros.
Ó chegar, sempre o mesmo:
Tiraba das sandalias; caían as arecs,
i apalpaba cos pés a enrruga dos carballos,
coma se logo fora un pouco máis ergueita.

..."Canto a una niña de Provenza
en los amores de su juventud, hacia el mar"...
¡Federico Mistral, poeta da neneza por algures.
Campesía Mireio!
¡Ai, La Crau!
Lonxe La Crau i os trigos...

—"Chuchiña, liche abondo, que xa é tarde.
Cando sexas maor xa terás tempo
e voltarás sen présas cara a casa".

...¿Será todo isto polo que ás veces medro
en non sei que congostras solprendida de páxaros?
Son eles... Eles...
¡Teus páxaros dos piñeiraes de Castro,
en meio das bisbarras témedamente quedas!
Eles.
Páxaros sen migallas de Evanxeo,
escuros, inmorrentes, a cruzarnos o paso sen resposta.

Xa sei.
Foden pasar os homes con uns pulsos bon duros,
esquecidos de todo.
Nada máis triste enton oise pola Terra.

Tan siquera que fermoso esclamar:
"Buscádeme nos páxaros",
naqueles, tintos de roxo, cegos,
endexamáis alleos para a pedra,
perseguidos por nenos.
E naqueles, increos de home,
clausurados e graves,
faladores na verba do Poeta.

Non perguntemos máis; non será fácil.
Presídenos de antergo o pan sobor da mesa,
i a cruz do Deus ó partilo, nas codias.

Pro hai un clamor aberto noutro sitio
onde os probes recitan o pan que non xentaron,
i onde a boca das xentes máis sinxelas
inventan un sorriso cara a nós.

II

Por Xohana Torres

Que a metade dos homes non van soios.
Todo aquelo que crimos que se fora
chéganos xustamente unha calqueira tarde,
e un familial amor intransitoiro érguese pra todos.

¿Qué verde esencia de eucalito fondo
xa está nosa a brazadas,
nun intre xa está nosa?

Dista hora en adiante eu sería máis probe
se a miña gorxa simple de muller duramente calara:
Terra, última Cruz do Sul,
único páxaro:
áa cándida de incansabele espranza!
Pó, coa dór núa dos homes escritos para éxodos;
camisa non lavada
coa escuma de menceres máis austraes!

Eu canto escuramente nista soia virtude
de non saber falar de menos dentro.

Tí nos vives
dende algo máis temibele que iste meu propio canto
Nos esploras
máis alá diste tolo comulgar con rodas de muíño:
máis alá do camello,
dos ollos das agullas
e do homildoso gran dunha mostaza.
Tí nos ardes, sempre xoven,
incendando palabras coma dentes ou himnos.
E nos abres a fiestra dos anos,
para prestarnos logo
un sentido de bosco moi antergo.

Eu fico nas palabras:
Creio en Tí, orixinaria, virxen,
saqueada baixo o supremo exército dos nosos pés de homes.

¡Héite de cantar
máis alá da contida tenrura onde morren as bágoas!

III

Eu lémbrome de Tí sempre que poido
para chamar derrota a días máis escuros,
afastados de eiquí sen pan nin cinzas.
Na Terra onde é inútil
que non vivan os pasos polas tardes
á percura da franza pra pendurar o corazón máis outo.

Os homes, sempre a présa de a cabalo,
estrenaron cidades,
rabenaron seus beizos e tornáronse fartos.
I é posibele
que hastra laven as mans coma Pilatos.

Contra os chagados,
contra os inconfesabels vagamundos,
contra os murchos noitébregos i aquiles, desahuciados da nostalxia,
veñan a nós
teus páxaros comúns,
os netos dos cabalos mesiánicos
i a Rosa máis fondal da Túa colleita.

Que para Tí.
¡É sinxela a Primadeira!

Ferrol, 1958.

Xohana Torres, autora de "Do sulco".

Ouh Galicia

Por Euxenio Novoneyra

I

Ouh Galicia, miña toda!
Se a fe que eu che teño chegara pra salvarte!

A túa razón non a entenden os que cha negan,
porque non son coma tí.
Ahí a razón pra non vivir con iles.

Queremos a unión
e non a mesturanza que nos perde.

Os que así nos tein,
soio tein noso
os nosos nomes no censo,
que hasta o noso sudor sin alento
pérdese na terra que non nos mantén.
O único que nos dan
é esta forza da fame que nos fai deixarte.

II

Escribin estas verbas
coas bágoas da afrenta que ún non merez,
e según van enfriando,
voume volvendo encender
contra os nemigos da libertá
que estamos seguros de alcanzar un día.
Pois a forza do noso amor non pode ser inútil,
i a nosa Galicia é inmortal,
que non iles,
nomes luxos que soio se acai maldecir.

Ouh Galicia,
tan perdida e inda nosa!
¿Será a miña xeneración quén te salve?
¿Irei un día do Caurel a Compostela
por terras xa libradas?

O Caurel, 1958

Euxenio Novoneyra,

autor de "Os Eidos".

Conciudadán

Estimula e difunde a nosa literatura, mercando e ousequiando libros galegos.

Poden ser adequeridos nos lugares seguintes:

Feira do libro galego,
"Follas Novas"
Asunción 3035, T. E. 53-9830

Kiosco do Centro Gallego,
Avenida Belgrano 2199
T. E. 48 - 4011

Librería Ferreiro
Rivadavia 5790
T. E. 60 - 4813

Romance do neno desterrado

Por Xosé Neira Vilas

Con paso maino camiña
sobor da terra emprestada,
mentras un ventiño esburo,
sin recendos nin foliadas,
entrecolle os seus cabelos
e pónlle xeo nas facianas.

Por riba un ceo que vixila
sua inxel pelengriñanza,
e por baixo un chan espido
a xogarlle coas pegadas.
Todo novo, todo estrano,
todo tan grande que aglaia,
i á vez tan estreito e curto
que o seu espíritu esmaga.

No corgo azul dos seus ollos
batuxan lenes lembranzas,
e choutan no seu maxín
coma lóntregas as ansias
de desandar o que andivo,
de afogar a mala fada,
de trocar a nova terra
pola terra que deixara.

¡Ai, o mar arripiante
voltouse pantermo e gávia!...

¡Cántos matinados soños,
cántas ilusiós tronzadas!
¡Cántas raiceiras novas
ó trasprantarse secaran!

As estradas que lle deron
pra ista nova e longa andaina,
non canxan no seu esprito,
nin na retina lle canxan
cos carreiros e congostras
da lonxana e verde patria.
Tén dentro de sí o grileo
de pínfanos e de gaitas,
imaxes de un sol que brinca
ledo e souril na montana,
i o balbordo mol de un río
coa muiñeira das augas.

Un destiño de estranxeiro
o seu destiño asulaga.
Un destiño de saudades
a sementar desespranzas
na ialma enxebre do neno
que abrollará en novas bágoas.
¡Ai, cándo será o retorno
ó chán que alén mar o agarda!

Bós Aires, 1958

Xosé Neira Vilas, director de "Follas Novas": Feira do libro galego

Se nos fué Luis Pimentel

Por Andrés R. Barbeito

El poeta cuya alma estaba compuesta de estrellas, de luceros que alumbraban su bien amada Galicia, volvió a las alturas que fueran su primitiva morada, y de las que descendiera para exaltar en emotivos versos la excelsitud de la tierra "meiga". Se nos fué Luis Pimentel, dejando el más profundo de los vacíos, aunque, sin embargo, habrá de escucharse eternamente el eco de sus divinas palabras, envueltas en dulzura evocadora de orballo, de verdes prados, de "raiolas", de ríos y "regatos" por los que el agua cristalina discurre y teje filigranas de matices celestiales.

Pimentel no era de este mundo. No podía ser quien —rimando— invocaba a la Muerte dándole Vida. Quien poseía la virtud de enfocar el tema conceptuado fuerte con singular belleza y sentimiento, convirtiéndolo en poema que penetraba en lo íntimo. Quien dirigiéndose "á nai de Galicia" en patético llamado, le decía:

"Berra forte, érguete;
chama ós teus afogados e ós teus mortos;
fálalles duro".

Vivió seis décadas, nada más. Poco tiempo y mucho, a la vez. Para nosotros, los que admirábamos su temple y presentíamos lo que guardaba en su corazón, casi nada. Lo pretendíamos eterno, hermoseando cuanto entraba en su contacto espiritual y material. Para él, demasiado. Demasiado, porque a su alrededor, no florecía más que lo pequeño. el contraste de la grandeza que llevaba dentro. Ansiaba lo mejor para la humanidad, reclamado por ese "algo" que lo distinguía. Una humanidad en que imperase la Justicia, en que la fraternidad reinase.

Y, en el conjunto, Galicia, para la que reservaba dulzura infinita: "Non durmas meu neno pequeno"...

O bien:

"Baila, baila, baila,
os teus farrapos quedaron na escaleira.
Dentro estás de un rico cofre",

pensando en "a nena probe".

No obstante ser Pimentel un hombre profundamente enraizado en el "terruño", abarcaba todo el Universo, dialogando con los que más allá de las fronteras —grandes escritores, músicos geniales, maestros de la pintura— también se mueven en pos de la quimera.

Desde su atalaya lucense, desde su castillo de marfil —del que mucho le costaba salir, quizá para no contemplar lo que repelía— veía deslizarse las horas, a la espera de que sus sueños dejasen de serlo, cual creyó posible en una oportunidad.

Cruzaba y recruzaba calles y plazas de la vieja ciudad. Cada piedra, esta fuente, el caserón ostentando título, aquella iglesia, le traían a la memoria el pasado esplendor de Lugo, los pleitos para imponer su hegemonía sobre los obispados de Santiago y Braga. Siglos de gloria y lucha constante. Esfuerzos para mantener un prestigio que colocaría a Galicia en el lugar a que por cultura, geografía, lengua e historia tiene derecho. Gelmírez y Alfonso IX, por un lado; el lejano ayer. Solís, el reciente. Feudalismo y ansias de redención...

Pensando "en lo que pudo ser", en lo que él vislumbró en forma fugaz, quiso encerrarse definitivamente en el recuerdo, en su "refuxio" que ahora nadie osará turbar, y que Luis Pimentel cantaba así:

Alí chego coa miña probe carga
de refugallos, de lixumes...
que todolos días ún recolle.

Pasa o tempo.

E aquil montón escuro e triste
—ouh, milagre, Señor—
convírtese nun tesouro
brilante, de pedras preciosas.

Buenos Aires, 1958. **Andrés R. Barbeito, director de la audición radial "Postales Gallegas"**

Evocadores acentos, que nos tran relembranzas dos vagorosos arrandeos das frondas de beiramar:

O romance de Albiña

Por Emilio Pita

Polo campesío branco
marchou, lanzal e belido...

Camiña, Albiña, camiña
polo branco campesío.
Leva a facicna mollada
de adóas de lúa e lirio.
Lilailo vento da serra
polo val, bule bulindo,
pousaba nas martabelas
sangales pingas de lilio.
Anduriñas velaíñas,
rosa marela no pico,
tornaban polo ronsel
azul das vagas do río.

Chegou á verde airavella
polo relenzo de pinos.
Xouvía unha rapariga
a semprenoiva garnindo.

—Polo campesío branco
marchou, lanzal e belido.

—Eu vino pasar, senlleiro,
pola ribeira do río.
E chegou ó fontegal,
lene danzar cristaíño.
Lavaba unha lavandeira
albeiros panos de liño.

—Polo campesío branco
marchou, lanzal e belido.

—Eu vino pasar, senlleiro
pola ribeira do río...

Xa chega Albiña, xa chega
mollada de lúa e lirio.
Ponlas da veiga da mar
o arrulaban, malferido.
Albiña, deitouse á beira,
e foi, sangal, esvaíndo.

Dos seus corpos froleceron
dous piñeiros vagariños.
E cando o vento mareiro
canta o seu canto cinguido,
falan coa voz dos arumes
e bícanse paseniño.

A fada das cateliñas,
co cabelo estrelecido,
vagarosiña e lizgaira
brinca polo val, sorrindo.

Bós Aires, 1958

Emilio Pita, autor de "Jacobusland".

Rosalía e

Coñecín a Juan Ramón Jiménez cando enfiaba polas vellas ruas da Habana a sua allea catadura de sheik, voz a modo e vagariño andar. Sobor de todo, a sua barba ainda moura e coidada —"nazarena", que dixo il mesmo— facía que as xentes voltasen a testa ó seu paso. Corría o malfadado ano de 1937. Como se non poidera conmemorar en Galicia o Centenario de Rosalía Castro, loubouse en Cuba. Concurrín eu ao certamen —foi o meu primeiro traballo de recén chegado— e Menéndez Pidal (tamén daquela na Habana), entregoume publicamente o premio de honore a nome do Xurado.

Non tiña necesidade Juan Ramón de falarme enton da sua anterga devoción rosalián. Ben sabía eu, moito denantes de conoscer perscalmente ao Premio Nobel de 1956, por Lenka Franulic, que "uno de los primeros ejercicios literarios de Juan Ramón Jiménez fué traducir a Curros Enríquez y a Rosalía Castro'. Mais, pola sua banda, Juan Ramón confirmoume: —En Moguer y en la biblioteca de un viejo señor republicano, que era un fanático de Castelar, hallé "Follas Novas", el primer libro de poemas de "su" poetisa, o mejor, poeta, como quería su también paisana la Pardo Bazán que se le llamara.

Ainda sin istas devanditas acraraciós, a identificación do poeta do Sur coa nosa probe Rosalía —que tanto tempo tardou en ser recoñecido si quer coma o primeiro poeta romántico peninsular— tíñase de sospeitar a traveso da obra poética de ambos. Tamén Juan Ramón foi poeta romántico do xeito de Rosalía. Non con un romanticismo tópico, naturalmente, de meira lambetada lírica, de soia eispresión retórica, á maneira dos máis esgrevios representativos da Escola: Byron, o mesmo Goethe, e xa non digamos Musset ou o noso campanudo Espronceda. Confesouno Juan Ramón nas suas "Baladas': "Tienen —dixo— más música de boca que de alma; pero el alma quiere también tener su copla y su tamboril". O dolor rosalián non foi endexamáis unha melanconía literaria. Todos nós o sabemos, porque os seus versos foron fontela magoada e cárdea. Os alleos, como Juan Ramón, afiados de sensibilidade, sospeitaron que o sangue lírico rosalián era verdadeiro, que proviña de unha ferida amacelada, e non de unha queixa delicuescente.

Sin a máis cativa oufaneza, recordo que cando conoscín a Juan Ramón, e il o meu traballo premiado en col de Rosalía, eu escribín evocando á rula do Sar no seu esceario natural: "Llega Rosalía a Padrón. Padrón es patria de juglares y de santos, tierra infanzona y jugosa, de amplia vega, manso sol y larga historia. Llega a Padrón Rosalía cuando esa estación de romance, que es el otoño gallego, acaba de morir en un cementerio de hojas secas. Invernía ya. La lluvia, terca y mansa, hace que el paisaje esté casi siempre como visto a través de un cristal mojado. En la casa de Lestrove, solariega y arruinada, el halda granítica de la gran campana del lar, cobija el chisporroteo de los troncos de pino, que arden con un crujido aromado de resinas. El poeta está en contacto con el fondo inefable del paisaje y con la vida que lo puebla. La consustanciación se opera directamente, sin la interferencia del recuerdo. Acaso ha ido esmoreciendo la tarde, y bajo el oro vespe-

Juan Ramón

Por Gerardo Alvarez Gallego

ral se dibuja en el azul el duro lomo del monte, antes de que la sombra espesa haya venido a mamar en el pecho viudo del "Miranda altivo". Quizás llovió entre sol y sol, y aún conserva la atmósfera el olor a tierra mojada. Mas para Rosalía el paisaje no es solo el monte y la lluvia. Extravasa el accidente geográfico y la fenomenalidad meteorológica. Todo está, desde luego, en la sensación, como el hilo de oro está presente en el revés del tapiz. Pero la trama de la saudade se entreteje de recuerdos infantiles y de emociones crepusculares, de aspiraciones mutiladas y de duelos pretéritos, de niebla de futuro y amargura de presente. Entonces basta cualquier estímulo externo —una campana, por ejemplo, que canta su "ángelus" metálico en el claroscuro— para que, inconcreta y vaga, creyérase que futilmente, la saudade abriendo su corola en el huerto del espíritu, nos suma en una tristeza súbita y escarbe un picor de lágrimas a duras penas contenido:

"Campanas de Bastabales
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades".

Nos seus "Españoles de tres mundos": —o vello mundo, o novo mundo e... o outro mundo— (edit. Losada, 1941, Buenos Aires), Juan Ramón Jiménez dibuxa, coa sua prosa belida, ainda de recendos surrealistas, a seguinte evocación de Rosalía **de** Castro — preposición, como anotou Blanco-Amor, engadida e falseira—: "Llueve en toda Galicia. Suelo y tierra están fundidos por la lluvia. Toda Galicia es el ámbito de un grande, sordo, corazón. Las aldeas, iguales, Iglesias negras, más negras, negrísimas, de un negro primordial sacado por la lluvia, huelen a establo mojado humano. Rosalía **de** Castro piensa, de luto en la puerta de su casa, su campo, casa cubo con maíz, uva, hórreo, medio, agua corriente cercana. Ve llover en el verde blanco de la tierra líquida, en el agua terrosa; pasar, entre agua y agua, la vaca constante, el albino adolescente descolorido, el saludador astroso, el peregrino lanudo, el cura mugriento, la niña pecosa débil, el pequeño carro lamentoso. Suenan bajas, ahogadas en aire y agua, las campanas de Bastabales:

"Campanas de Bastabales
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades".

Á conta da néboa, ainda Juan Ramón engade algúns párrafos de "caricatura lírica". Non acerta como parecera doado agardar, co dolor de Rosalía, que non sexa a "desconsolación de hermosa alma acorralada, aislada, enterrada en vida". Era difícil, dende logo, que Juan Ramón topase coa causa verdadeira daquil seu penar abstráito de "victima propiciatoria de todas as desgracias de Galicia", según escribiu Otero Pedrayo. Debería recordar o autor de "La Soledad Sonora", de cando o lera de mozo no prólogo de "Follas Novas", escrito por Castelar, que aquil tan contristado sentimento "viene en Rosalía determinado por las desgracias particulares de la vida gallega".

Con todo, e a pesar de algunhas aldraxes inevitabeles, tratándose incruso de gabar a Galicia, Juan Ramón Jiménez, grorioso poeta emigrante, renovou de vello o afervoado amor que tivo de novo pola humildosa poeta de quen tanto deprendeu, sin dúbidas.

La Habana, 1958.

Gerardo Alvarez Gallego, dúas veces laureado por traballos sobre Rosalía.

Páginas de ayer, que requieren inclusión en la ofrenda del presente:

La juventud gallega y su poeta

de **Eloy Luis André** (De su libro, "Gallegismo")

(FRAGMENTO)

Curros Enríquez, aun con la duda, por pose más que por sistema, es un afirmador de creencia, un poeta joven, y, por lo tanto, para la juventud. El espíritu de la nueva poesía social late en sus versos. Las reivindicaciones de la humanidad desheradada se escuchan en su resonante queja, llena de indignación, de varonil indignación. En aquel hermoso "Nocturno", en aquel "Nocturno" incomparable, se condensa toda la psicología moral del paisano. Nadie como él sintió sus miserias; nadie como él reclamó los auxilios de la idea y de la fuerza para que la juventud lo redimiese.

Tal vez lo más regional y lo más popular de su numen sea esta tendencia restauradora. Llora cuando canta; pero las lágrimas que vierte corren silenciosas hacia dentro, para purificar en el dolor de su numen y darle viriles vibraciones.

Tal vez en los que de su generación le admiran por fuera, haya pocos que le aplaudan por dentro. Porque sólo puede ser comprendido por los jóvenes, por los verdaderos jóvenes que comienzan a vivir, no halagados por idilios campesinos, sino por dramáticas, por terribles luchas.

La juventud gallega del presente, que ha de ser humanidad viril del porvenir, encuentra en Curros Enríquez su mentor: su verismo cordial y sincero, su odio a los convencionalismos todos, su plástico sentimiento de independencia puede moldear y forjar almas jóvenes, sometiéndolas al fuego vivo de su poesía pensada, de su inspiración pensadora.

La juventud, esta juventud que tiene alas y sabe volar, pero no por dónde vuela, tiene en él un alma iteradora. Seguir su inspiración y convertirla en alimento espiritual, en generador de vida y libertad, es un consejo.

¿Hay juventud gallega? Si la hay, ¿lo escuchará?

Orense, 1904. **Eloy Luis André, autor de "Etica española"**

Gran Crucero de Turismo

a la
Antártida Argentina

Quince días de extraordinaria placidez y comodidad
de Hotel Flotante en el moderno y confortable vapor
YAPEYU

Salida de Buenos Aires el 23 de enero, para regresar
el 8 de febrero de 1959

Precios desde m$n. 13.800 por persona

Reserve desde ahora sus pasajes para obtener las comodidades
por usted preferidas

Para ampliación de informes, escriba o llame a

AGENCIA FRIAS
Venezuela 1016 T. E. 37 - 4628 Buenos Aires

A PADRON

Por Ramón Rey Baltar

¡Ou, Padrón dos meus amores,
nobre e feiticeira vila,
que, cal moza namorada,
no espello do Sar te miras!

Soñando en mortas grandezas,
para sempre xa perdidas,
á veira do río sagro,
quedaches adormecida.
Pletórica de lembranzas
—tradición e poesía—,
non ves, princesa encantada,
que se vai fuxindo a vida.
Soio ves que, nun primeiro,
na brumosa lonxanía,
como arrabal de Iria Flavia,
eras o de máis valía.

Entón por aquelas rúas
e tabernas que locías,
moitedume abigarrada,
bulizosa, discorría:
Lexionarios imperiaes,
mercaderes de Antioquía,
guerreiros de Mauritania,
navegantes de Fenicia.
Helenos do mar Exeo,
doutores de Alexandría,
gladiadores de Xermania
e xudeos de Palestiña.
Enxoiadas cortesanas,
por escravos conducidas,
graves patricios, plebeios,
belas danzantes de Siria...
Toda a gama voandeira
que á gran cibdade acodía
anceiosa de negocios
e sedenta de ledicia.

Viches logo no teu chan
unha lénda frorecida,
milagre maravilloso,
groria eterna de Galiza.
Lénda que dou ás Hespañas
unha fe que alma sería
da epopeia máis grandiosa
que os séculos todos viran.

Da igrexa de Compostela
sempre foche a preferida,
como o berce xacobeo,
destructor da paganía.
Destacándose Xelmirez
antre os que máis che querían,
que fixo que no teu porto
galeiras se construiran.
¡E cómo os teus mariñeiros
nélas ousados corrían
a combatir aos piratas
que se entraban pola ría!

Vícheste despóis envolta
nas contendas fraticidas,
que terminaron coa perda
da libertá de Galiza.
Brilando ao fin no teu ceo,
antes que a noite xurdira,
un destello con dous nomes:
Xan Rodríguez e Macías.

Catro séculos pasaches
en letargo sumerxida,
mais cantou o reiseñor
no adro de Santa María.
Ao conxuro dos seus cantos,
dunha máxica armonía,
despertaches do teu sono.
¡Miña santa Rosalía!

¡Ou, Padrón, "pombiña verde,
fada branca", érguete axiña,
érguete, como noutrora,
e para adiante camiña!

¡Si unha estrela douche morte,
serás doutra renascida!
¡No Camiño de Sant Iago
a túa sigue alcendida!

Bós Aires, 1958.

R. Rey Baltar, autor de "A gaita a falare".

¡Sempre tan presente na voz dos nosos millores poetas, ise presentido alborexar da Galicia eterna!:

Non estamos soios

De Eduardo Moreiras

Moitas veces tendo a mau núa
pra escoller a pregunta,
e fico soio coma un alalá de estrelas
na praia solitaria.

Outras, un airiño sopra no rescaldo
que o tempo vai tallando:
érguense as froles, brilan os ceos,
e soan alboradas.

Non estou soio. Onde a min, enlevados,
outros irmáns agardan.
Por enriba nos ceos unha frauta dóce
afeixa os corazós.

Pousa a túa mau nas miñas maus brunas
deixando polo ar
un xundir de pombas e cantigas
na primaveira irmá.

Nós imos xuntos polos vieiros da loita
deprendendo a resistir.
Imos xuntos pra desfacer o engano
e refugar a inxusticia.

Imos nascendo á mañan da inocencia
creada pra folgo do home,
e máis a resucitar un paxaro morto
no noso corazón laso.

Falóche na fonda noite:... Nós somos,
na cativeza diste grau
de area, a posibilidade do mundo
enteiro e inacesible.

De "A realidade esencial".
Eduardo Moreiras, autor de "Extasis"

Nota de ademiración e de aprauso

No ambente porteño das nosas Artes Plásticas e do seo de dous rancios fogares galegos, acaban de xurdir dúas novas e promisoiras figuras.

Foi Claudio Varela quen primeiro abriu a marcha con unha enxurrada de moi orixinales motivos, desenrolados dentro da máis deicada inspiración e non menos dotados de isa imprescindible técnica que sempre acaba consagrando ó feliz creador que alcada a posuíla. Pois xa eisí o tén procramado a máis calificada crítica: "Varela está escomenzando por onde moitos artistas acostuman rematar".

Agora é Eugenio Díaz quen nos ven espalecer con unha vintena de maiñíficas expresiós, nas que fican refrexadas as indubitabres promesas de tan novel pintor, moi especialmente nise seu peculiar domíñio do trazo pra perfiar as personalísimas conceicións do seu xa fecundo estro.

Por ter coñecemento das superadoras inquedanzas de entrambos artistas, ficamos na seguranza de que istes nosos aprausos do presente, van ter que repetirse moitas veces a través dos anos inmediatos. Que eisí sexa, pois.

Rutas, costumbres y plácidos remansos de Galicia

Bajo el enunciado del epígrafe, **Eufonía** irá difundiendo en cada uno de sus cuadernos, una estampa ilustrativa de las diversas comarcas de Galicia, ya que el preponderante carácter poético de la misma exige el complementario desfile de todos aquellos verdecidos parajes y viejas tradiciones, que fueron copioso manantial de inspiración para las patrias sagas de la ya entonces sonorosa lira de nuestros bardos primigenios. Que fueron también el hálito generador de las cantigas de amor y de amigo, en el afectivo estro de nuestros trovadores, juglares y segreles del medioevo. Que fueron asimismo el soplo mágico de odas y romances entre aquella precursora pléyade de poetas, que en el precedente siglo vinieron a reavivar el magistral concierto de nuestro lenguaje rimado. Y que fueron y siguen siendo aun, el aura vivificadora de los cantos de superación y promesa de ese actual conjunto de nuevas voces que se le han ido sumando, y cuyas resonancias van proyectando ya sus ecos mucho más allá de los tradicionales recintos.

Como es dado esperar, también esas estampas habrán de sugerirnos la imaginativa presencia del ancestral augur druída, ejerciendo sus ritos ante el prehistórico dolmen; las sucesivas lides entre diferentes clanes por la codiciada posesión de tan ubérrimos y nemorosos asentamientos; la afluencia de atropelladas flotas, griegas, fenicias y sarracenas, en procura de la deslumbradora obtención de nuestros ricos metales; los continuados y en parte fecundos desfiles de las legiones imperiales de Roma; las ocasionales y devastadoras incursiones de vándalos, vikingos y musulmanes; las multitudinarias caravanas de romeros que, entonando sus cánticos de Ultreya a través de castañares y robledas, procedían de los más apartados confines del universo para depositar sus exóticas ofrendas ante el Ara purificadora y reconfortante de la patriarcal Compostela; la risueña reflexión de arroyos y praderas enredor del viejo y susurrante molino rural, lugar de confluencia comarcal para enamorados; así como la peculiar galanura del pazo señorial en medio de la floresta, de continuo orlado por añosos cipreses, los que parecieran simbolizar la enhiesta reciedumbre racial y austera hidalguía de sus hereditarios moradores.

Al mismo tiempo, y ahora que en la presente era se están produciendo las transformaciones con tan inusitada rapidez, también esas estampas nos irán permitiendo apreciar la gradación rítmica de los avances generales de Galicia hacia los modernos horizontes, en los que debiera haber estado proyectándose con más consecuente efectividad desde hace muchas décadas. Pues ya que los vestigios y permanencias de los enunciados aconteceres siguen presentes en los lugares de sus respectivos escenarios, o bien rezumantes en el superabundante caudal de nuestro folklore; tan rancio trasfondo de su histórico devenir, no dejará de ser un atrayente motivo más en la hoy efervescente movilidad del turismo internacional, puesto que, agregado a la delicada exuberancia del paisaje y la estival placidez del litoral de nuestras rías, en muy contados lugares hallaría tan idílicos remansos.

Esperamos, pues, que la aparición de esas "acuarelas" en sección tan especial de estos cuadernos, logre proporcionar a nuestros lectores tanta amenidad, como añoranzas y deseos de superación habrán de despertar en nuestros propios ánimos.

EUFONÍA.

A c o n t e c e r e s

BENFEITORA FILANTROPÍA DE DOUS EMIGRADOS GALEGOS

Nunha das derradeiras informacións chegadas a ista redacción, tivemos o aprougo de saber que o noso comprovincián e vello amigo, Manuel Rodríguez, residente en Nova York dende moi xoven —hoxe prestixioso presidente da "Universal Export Corporation"—; en moi recente visita a Galicia, acaba de facer a considerable doación iñicial de un millón de pesetas prá inmediata construcción e manteñemento de unha moderna escola no seu pobo natal de San Lourenzo, situado nos mesmos arrabaldes da leda e fidalga vila ourensán da Pobla de Trives.

Nós que temos compartido con Rodríguez as etapas xuveniles daquelas xa fuxidas xornadas newyorkinas, de contiñuadas añoranzas pola tamén enton lonxana Terra, podemos intuir hoxe o iñefable apracemento que tan patriótica e cultural ofrenda ven a verter no sensibre esprito de tan ventureiro peregriño, das vizosas bisbarras do Bibey e do Navea.

Non nos fai falla agardar unha entrevista máis con il nos seus ocaixoales viaxes a ista urbe porteña, pra que por il mesmo nos sexa confirmado que acaba de cumprir unha das súas máis caras aspiracións con tan altruísta cometimento. Pois bástanos con relembrar aquela inquebrantable dilixencia con que precuraba alternar as clases diarias da Universidade de Columbia co seu cotián quefacer. Nón, il non se conformaba coas comodidades e abondoso abastamento que o seu ben remunerado traballo lle iba prodigando. Il desexaba, luz, moita luz, pró entendimento, e tamén moita amenidade de culto esparcemento pró esprito.

Por iso sabemos de cote que quen como Rodríguez se esforzou tanto por alcadar tan ourentadoras colleitas, coñece moi ben agora cales deben ser as sementeiras pra que os demáis poidan degostar os mesmos doados froitos que a il lle depararon tantos goces.

PREMIOS DE ESTIMULO LITERARIO "RAMON MOURENTE"

No mesmo senso benfeitor de elevar o nivel aitual da nosa cultura, don Ramón Mourente, home de vastas empresas comerciaes nista gran urbe do Plata, na que reside dende hai longos anos tamén; acaba de instituir dous premios de estímulo literario: un incruído no Concurso do Centro Gallego do presente ano, versando sobre o tema "Obra de los gallegos en la Argentina", e o outro, con un premio fixo pra cada mes de 1958, pra temas que traten a economía galega como asunto básico, pero contemplándose además algús outros de caráiter xeral, tal como os da emigración, turismo, etc.

Con tan zumosas e prausibres aportazós en intres tan conxeitados coa aitual efervescenza por alcadar isa autóctona superazón cultural, ficamos na cibdadán obriga de adicarlles o noso máis fondo recoñecemento a istes dous beñeméritos compatricios.

¡Orgallá que moitos máis galegos que poden os imitaran!

Viaxeiros:

Pra pasar a temporada estival na súa vila natal de Verin, sairon por via marítima, don Xacobo Andre e a súa digña esposa, doña Cármen Mosquera.

Desexamos que os breves meses da estadía naquiles ledos currunchos do Val de Monterrey, lles sexan tan apraceiros como sempre son de agarimosos.

Tamén sairon pola mesma via e coas mesmas reconfortadoras intenciós, don Xosé Rodríguez, presidente do Centro Orensano, e a súa dona.

Como facía xa moitos anos que non contempraran as verdegantes frolestas das ribeiras ourensáns do añorado Miño, maxinamos que agora se estarán desquitando de veras. ¡Que eisí sexa, pois!

Eisimesmo viaxou coa súa señora, cara os seus nativos lares de Sada, don Ricardo Flores, ex presidente do Centro Coruñés.

Como en coincidenza coa saída editara a súa derradeira comedia teatral "Enguedello" —da que nos distinguiu con un exemplar sigñado—; non dubidamos que antre o cotián esparcemento naquelas nemorosas bisbarras betanceiras, irá o noso viaxeiro amoreando zumosas eispresiós paisaxísticas e folklóricas, pra brindarnos máis logo novas e belidas estampas cal a que acaba de pubricar.

ARTES PLASTICAS GALEGAS:

Lar Galego do Centro Lucense. En moi sentido homaxe ó eisimio artista recentemente desaparecido, está tendo lugar nista enxebre sala unha mostra de óleos e grabados de Carlos Maside.

Galería Velázquez: Co habitual acollemento por parte da coleitividade e púbrico en xeral, tamén o noso xenial Laxeiro está espoñendo unha trintena de telas nista concurrida sala.

Galería Bonino: Esimesmo, Luís Seoane, iñiciou unha mostra da súa fecunda e calificada producción aitual, nista céntrica Galería, onde tantos éisitos tén colleitado.

UNHA NOTA MAIS DE PATRIO LOITO

¡Florentino López Cuevillas, feñeceu!

Xa en prensa iste número iñicial de **Eufonía,** e deprorando ainda o infausto deceso de Alcaraz, de Vicente Bóveda, de Peña Rey, de Luis Pimentel e de Maside; viñemos a coñecer tamén o diste petrucial galego e profondo esculcador na tan fundamental discipriña da multisecular prehistoria de Galicia.

Na nosa ademirativa avencellanza dende América co maestro, mesmo nos parecera que fora ainda onte, cando, naquelas atemperantes charlas vesperales antre a Praza Maior e a Ponte Nova, nos iba trasmitindo as súas documentadas tesis encol da indubitabre celticidade do conxunto étnico galego.

¡Mais non foi onte, nón! Senon que o alporizado e dezmante transcurso de veinte longos anos, acaba de alonxar definitivamente de nós —como a tantos outros— a iste esgrevio e sapentísimo comprovincián.

Laiantemente acontecido xa, teremos que resigñarnos a seguir honorando o seu peremñe eisistir a través da súa vasta e adoutriñante obra, por ser digño e imperecedeiro refrexo de unha vida e de un cometimento moi poucas veces igualados.

Dous mensaxes polifónicos máis de Xosé F. Vide

Ainda co auditivo regosto do recente i eisitoso estreno pola coral "Terra Nosa" do Centro Orensano, da belida composición "Panadeiriñas de Cea"; volta hoxe o maestro Vide a espalecernos con un par de pezas máis da súa souril factura. Son elas: "Señor San Amaro" e "Se chover, deixa chover".

Encol das mesmas, tan soio podemos anticipar que veñen —cal sempre— rezumando isas ledas i armoñosas resoanzas que o deicado estro do autor tan ben lles sabe imprimir. Pois habéndoas escoitado xa no seu iñicial ensaio e recollido tamén as louvosas referencias a tal respeito do digño director de "Terra Nosa" —o maestro Gallo—, fica eisi tecnicamente xustificado o rebordante aprougo das nosas ledizosas impresións.

Podemos engadir, por tanto, que o repertorio de tan calificada agrupación coral, vaise de cote arrequecendo coisas valiosas e contiñuadas entregas do que tantas veces fora laureado director do Orfeón do Centro Gallego da Habana e tamén do Unión Orensana da súa nativa cibdade das Burgas.

Vaian por ilo, pois, as nosas máis cariñentas felicitacións, tanto pra o inspirado compositor como pra os animosos polifonistas que tan ben o interpretan.

Excursión de Primavera a VIGO y CADIZ
en el vapor CABO DE HORNOS
de 22.000 toneladas (Clase Única Tercera)

Con amplios comedores, Paseos cubiertos, Salones para fiestas y recreo, Gran Bar. Cocina española y pileta al aire libre.

Salida de Buenos Aires a fines de Abril de 1959

Señores clientes:
Eligiendo con tiempo sus respectivas acomodaciones viajarán a placer.

Por limitación de comodidades con baño o ducha, recomendámosle reserven desde ahora aquellas de sus preferencias

Para ampliación de informes, escriban o llamen a Gayoso Frías

Pasajes aéreos y marítimos

Agencia FRIAS

VENEZUELA 1016 T. E. 37 - 4628

Libros Galegos

Promisoiros acentos que se veñen sumar ó coro nazoal dos nosos millores poetas

"DO SULCO", por Xohana Torres. Coleición Illa Nova, Edit. Galaxia, Vigo.

Despois de ter pasado unha longa vintena de anos dende que Manuel Antonio nos fixera degostar a feliz aparición de un novo lecer na estilística da nosa poesía vernacular, ven ser iste o intre en que millor poidemos comprobar que daquiles seus innovadores ecoares, escomenzan a xurdir isas promisoiras resoanzas que a cotío se van soerguendo cara os máis elevados ámbitos da nosa lírica.

Son moitos xa e moi calificados os poetas dista aitual ramallada que, tendo tanxido arreo nisa adormexada corda da galega lira, non soio proseguiron co xenial concerto daquelas iñiciado, senon que en moi doados casos incruso chegaron a superar os rexistros pautados nisa nova e ventureira modalidade poética.

Tan marcada superazón está sendo cada vez máis perceitible nas sucesivas entregas con que nos vai arremecendo ise heráldico conxunto de referencia: Pura Vázquez, Xosé Conde, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Moreiras, Florencio Delgado Gurriarán, Euxénio Novoneira, Luz Pozo Garza, Xosé Luis Franco Grande e ista outra tan ateigada de promesas, de Xohana Torres, que hoxe nos enleva a que a comentemos. Pois eisí o recrama quen como Xohana escomenza a perfiar tan axeitadamente a propia persoalidade dende os mesmos intres en que, xa devolcada na realidade da vida, arrepara que perdeu ... ...

"aquela fita roxa do cabelo"...

—que foi tanto como enterrar os felices anos da súa rebuldeira infancia—, e prosegue sen pausas a

"abrir portas e pechalas"...

pra irse adentrando de cheo nos azarentos vieiros da eisistenza, a pescudar sen repouso tamén os misterios e segredos que a mesma eisistenza encerra. Quen como ela alcada en tan curto espacio de vida unha visión tan nidiamente crara do esceario, físico, histórico, étnico e social do solar nativo. E quen tamén como ela vai refrexando xa en trascendentales mensaxes unha tan aguda captación do trasfondo secular e deviñente da Terra e máis da raza, ó decir:

"Ninguén soupo de nós sendo iñefabeles"...

e contiñúa engadindo nunha alusión simbólica ás maus do núcreo peremñizador do noso céltigo ancestro: o campesiñado galego,

"E na serán coa lansedade de membro afadigado,
man, ainda amañas rosas, desfollas margaridas,
e avivas xestos que chaman brancas pombas"...

Sí, quen como a poeta ferrolán —despoxada totalmente de retardadoiras cobizas por alquimados garrafellos— alcada a ver tan fondo nas amarteiradas, pero omñipresentes virtudes do noso pobo, non cabe dubidar que está no posuimento do íntimo segredo que a Terra tan soio acaba confiando a aquiles seus doados fillos que pra ilo foron elexidos.

E nós que coidamos albiscar tan abenzoada distinción nises seus promisoiros conceitos —entremezcradamente vertidos hoxe en "Do sulco"—, non hesitamos en procramar que, cando a progresiva maturidade poética de Xohana Torres lle acabe impoñendo un inda máis contricto enxuizamento do noso coleitivo ser, deseguro que chegará a brindarnos algunhas das máis eispresivas e imperecedeiras ecoanzas.

É decir, que a súa voz alcadará, sen dúbida, o engranzamento coaquela dos nosos poetas precursores, pra ir resoando cara ise resprandecente futuro de Galicia con qué todos nós soñamos, posto que xa eisí o vai sigñificando dende as máis avantadas liñas de Illa Nova:

"Eu nunca beberei na xerra do silenzo"...

A. G. F.

NO PRIMEIRO TRAMO, XA VENCIDO, DO NOSO ITIÑERARIO

Eufonía, agradece a moi prezada aportazón dos colaboradores que a prestixian nista primeira etapa do seu literario roteiro.

Eisimesmo ficamos con similar obriga pra Cabrera e Rey, pola nídia impresión con que foron entretexendo cada unha distas páxinas, as que tan soio veñen ser unha sinxela mostra da pubricación que pretendemos.

—— HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS ——

de

DOMSELAAR, F. N. G. R.

Extraordinaria

R I F A

pro Nuevo Edificio

P R E M I O

Un camión De Soto de cuatro toneladas, modelo 1958

que será adjudicado al número que coincida con las cuatro últimas cifras del Primer Premio de la Lotería de Beneficencia Nacional y Casinos, en el sorteo de Reyes que habrá de efectuarse el 9 de enero de 1959

Contribuya con su aportación para tan humanitario cometido:

Precio de cada número m$n. 100.—

Adquiéranse en Secretaría: Moreno 2924 - 1°; T. E. 97 - 4217
En Venezuela 1016 - T. E. 37 4628; en Alsina 1556 - T. E. 45-2190
y en Alsina 1749 - T. E. 45-7616.

ANDRE, TOURIÑO & Cía.

IMPORTADORES

VENTAS POR MAYOR

DE TEJIDOS Y MERCERIA

Sucursales en:

SALTA - TUCUMAN - JUJUY - RESISTENCIA - POSADAS
ROSARIO - SANTA FÉ - SANTIAGO DEL ESTERO

Casa Central:

ALSINA 1556-1560 **T. E. 45 - 2190** **BUENOS AIRES**

¡EL FINAL DEL SUEÑO!

AUGUSTUS

Cuando el sol oculte su corona de oro en el crespúculo y el último día de su travesía se pierda en el horizonte, Ud. tendrá que recordar con profunda emoción y con íntimo deleite las horas de ensueño pasadas a bordo del *AUGUSTUS... CONTE GRANDE...* o *CONTE BIANCAMANO.* Recordará las jubilosas reuniones con sus compañeros de viaje en torno a las graciosas piletas de natación; las horas serenas pasadas en la quietud de la biblioteca; las exquisitas y delicadas comidas en el marco suntuoso de los comedores; los paseos sobre cubiertas espaciosas como avenidas terrestres; las veladas enormemente alegres y distinguidas; la acogedora intimidad de su camarote, la cordialidad y el esmero del trato recibido... Recordará todo... todo lo que puede conformar la realidad imborrable de una etapa vivida entre nubes de sueños dorados...

AUGUSTUS - CONTE GRANDE - C. BIANCAMANO

¡LAS MARAVILLOSAS NAVES QUE ENVUELVEN SU MARCHA EN UN VELO DE ENSUEÑO!

PARA INFORMES AGENTES GENERALES **"ITALIA" ITALMAR** SOC. DE NAV. FLORIDA Y CORDOBA

O EN SU AGENCIA DE VIAJES PREFERIDA

RIMAS Y GLOSAS DE LA POESIA GALLEGA

eufonía

2

BUENOS AIRES

Un Remanso de Confortable Placidez

HOTEL MONTERREY

EN LA QUEBRADA DE HUMAHUACA

HUACALERA - JUJUY

☆

Situado en la Ruta 9 —"Panamericana"—, a 150 kms. de la ciudad de Jujuy, y a más de 2.500 mts. sobre el nivel del mar.

Escriba para información o reservas

De clima benigno y reparador — Abierto todo el año

''CASA CELTA''

SASTRERIA

CONFECCIONES

ARTICULOS EN GENERAL PARA HOMBRES

★

FEDERICO LACROZE 4086 T. E. 54-2421

BUENOS AIRES

L E M A

Que á eufonía distas rimas renda beizós pra Galicia

A B E N Z O A D A E F E M E R I D E S

Ó terse cumprido recentemente o Primeiro Centenario da nunca máis ben emparellada boda de Rosalía, Galicia enteira non poidera ofrendarlle millor homaxe que iste de relembrala coas súas propias e xa perenñemente resoantes expresións:

"Si cantan, és tí que cantas,
si choran, és tí que choras;
és o murmurio do río,
y és a noite y és a aurora..."

C O N T I D O

	Pág.
¡Cantai, poetas, cantai..!, de "Eufonía"	2
¿Quén non xime?, de Rosalía Castro	3
¡Volved!, de ídem	4
Evocando a Manuel Murguía	5
Agoiramento, por Xervasio Paz Lestón	6
Cando Tí chegues, por Xosé Conde	7
Poemas de ausencia, por Manuel María	8
Unha camelia e unha lembranza, por Anisia Miranda	10
Siglos de mar, por Elsa Fernández	11
A Misa do Galo, por Dora Vázquez	12
Camiño dos meus amores, pon Antón Fernández Pérez	13
Voltando, por Perfeito López Romero	14
¡E, por fin, veu Don Ramón!, por Alfonso Gayoso Frías	15
Tres poemas, por Pura Vázquez	16
Diz que vén a Primaveira, por Xosé Fernández Oxea	18
Romance da leira enxeitada, por Xosé Neira Vilas	19
Sintonía, por Avelino Díaz	20
Ulcis e os nóntidas, por Xosé Fernández Ferreiro	21
¡Trapos, ferro vello, botellas vasiiias!, por R. Rey Baltar	22
Ramón Rey Baltar, unha gran figura galega, por A. D.	23
Noite de Muros, por Manuel Fabeiro Gómez	24
Poema dun gamberro cidadán, por Bernardino Graña	25
Pervivir xacente, por Reimondo Patiño	26
Intre perdido, por Ramón Lorenzo Vázquez	27
Cando chegue Aninovo, por Xesús Calviño de Castro	28
¡Meus marelos!, de Eladio Rodríguez González	29
Laboura de pacencia, por Xulio Fernández	30
O homaxe a Carré Aldao e o arte de Marcos de Abeleda	31
Don Emilio André, primeiro Presidente do Fogar Galego	32
"Vieiros", do Pto. da Cultura Galega de México	32

Cantai, poetas, cantai ..!

Cantai con nós, poetas, as vosas tenras trovas;
cantaille os patrios himños á meiga Terra Nai,
niste ecoar nacente,
niste cramor crecente,
que en ampria avencellanza abrolla aquén do mar.

Cantai cal noutros tempos cantaran nosos bardos
nas enxumosas sagas do primixenio clan.
Cantai cal o fixeran nos vellos Cancioeiros
xograres e troveiros na Edade Meioeval.

Cantai cal inda onte cantara Rosalía
en monocorde ritmo con Curros e Pondal.
Cantai, xa que Galicia recrama dos seus fillos
os redentores ecos que a fagan apular.

Cantai con afouteza as coitas distes intres,
por ver que o dóce berce retarda o transitar
cara ises hourizontes de albor e de albedríos,
que abura dende hai sigros seu núcreo cibdadán.

Cantaille os que por ela tivestes a ventura
de ser os elexidos pra seu plectro pulsar.
Prestaille as vosas voces; facei que se espaleza
coa enxebre resoanza do módulo racial.

Cantaille os que ficades sen mellas nin lagóas
na vosa integridade da homía cibdadán.
Deixai que os vosos ecos aneguen os reductos
onde inda impera a noite dos que a queren negar.

Cantaille, sí, cantaille as voas tenras trovas;
cantaille os patrios himños á meiga Terra Nai,
niste ecoar nacente,
niste cramor crecente,
que pra cantarlle a ela xurdiu do aquén do mar.

e u f o n í a

PUBRICACION PERIODICA DE CIRCULACION INTERCONTIÑENTAL ANTRE OS GALEGOS

Editada e dirixida por Alfonso Gayoso Frías

Reg. N. de la P. Intel. No 607811 Venezuela 1016 Teléf. 37-4628 Bós Aires

No 2 SETEMBRE 1959

ROSALIA CASTRO

Evocando á inmortal poeta no Centenario das súas tan rendedoras nupcias

1858 - 1958

Un día vino a formar conmigo el nuevo hogar y crear una familia...

Una verdadera noche reinaba en el cielo literario de Galicia...

Manuel Murguía
("Los Precursores")

¿Quén non xime?

De "Follas Novas".

Luz e progreso en todas partes...; pero
as dudas nos corazós,
e bágoas que un non sabe por qué corren,
e dóres que un non sabe por qué son.

Outro cantar, din, cansados
de este estribilo, os que chegando van
nunha nova fornada; é que andan cegos
buscando o que inda non hai.

¡Réprobos!... Sempre a o oculto preguntando
que, mudo, nada vos di:
buscade a fe, que se perdeu na duda
e deixai de xemir.

Mais eles tamén perdidos
por unha i outra senda van e vén
sin que sepan ¡coitados! por onde andan,
sin paz, sin rumbo e sin fe.

. . . . . .

Triste é o cantar que cantamos,
¿mais qué facer si outro millor non hai?,
moita luz deslumbra os ollos,
causa inquietude o moito desear.
Cando una peste arrebata
homes tras homes, non hai máis
que enterrar de présa os mortos,
baixar a frente, i esperar
que pasen as correntes apestadas...
¡Que pasen!..., que outras virán.

Siempre, ecoante en nuestro colectivo ser, la voz reconfortadora de la inmortal Rosalía:

¡ V O L V E D !

De "En las orillas del Sar"

Bien sabe Dios que siempre me arrancan tristes lágrimas
aquellos que nos dejan;
pero aun más me lastiman y me llenan de luto
los que a volver se niegan.

¡Partid, y Dios os guíe!..., pobres desheredados,
para quienes no hay sitio en la hostigada patria;
partid llenos de aliento en pos de otro horizonte;
pero... volved más tarde al viejo hogar que os llama.
jamás del extranjero el pobre cuerpo inerte,
como en la propia tierra en la ajena descansa.

Volved, que os aseguro
que al pie de cada arroyo y cada fuente
de linfa transparente,
donde se reflejó vuestro semblante,
y en cada viejo muro
que os prestó sombra cuando niños érais
y jugábais inquietos,
y escuchó más tarde los secretos
del que ya adolescente
o mozo enamorado,
en el soto, en el monte y en el prado,
dondequiera que un día
os guió el pie ligero...,
yo os digo y os juro
que hay genios misteriosos
que os llaman tan sentidos y amorosos
y con tan hondo y dolorido acento,
que hacen más triste el suspirar del viento,
cuando en las noches del invierno duro
de vuestro hogar que entristeció el ause
discurren por los ámbitos medrosos,
y en las eras sollozan silenciosos,
y van del monte al río
llenos de luto y siempre murmurando:
"¡Partieron!... ¿Hasta cuándo?
¡Qué soledad... ¿No volverán, Dios mío?"

Rosalía Castro, la sublime autora de "Follas Novas" y de "En las orillas del Sar".

Xuntos propiciando albores pra o seu nativo Lar, mentras vivos. E sempre xuntos, tamén, asinalándolle roteiros de futuras glorias dende a súa patriarcal e xa imperecedeira posteridade:

Manuel Murguía e Rosalía Castro

Ó render hoxe iste noso cibdadán homaxe a os ilustres contraintes naquela xa centenaria data do 10 de autubre de 1858, queremos engadir a os xa precedentes da eisimia "Cantora do Sar", aquiles tan patrióticos e adoutriñantes ecos que o Patriarca das letras galegas vertera no prólogo do seu libro "Los Precursores":

(F r a g m e n t o)

Entre los pensamientos que hoy agitan a la juventud y los que movían la de mi tiempo, hay, en la apariencia, completa disparidad. Sin negar las pasadas inocencias, ni hacer menores los actuales desencantos, veo con sobrada claridad que entre lo de ayer, que es ya un pasado, y lo que es hoy, que parece todavía porvenir, flota una dulce sombra que une y enlaza las impetuosidades de antes con las tibiezas y recelos del presente. Lo hecho, hecho está: locura o posibilidad la obra intentada, es la que hoy se lega a la inmediata posteridad para que la realice, si tiene fuerzas para ello. Debe, pues, prepararse. Permanecer en la quietud, dejar que todo perezca, como herido por los destinos contrarios, pensar que, sólo a título de documento, debe escribirse la historia de los esfuerzos hechos por dos generaciones en favor de la pequeña patria, es una torpeza, más diré, una especie de impiedad que castigan los cielos. Ni la campaña ha terminado, ni perecieron todos los combatientes, ni la victoria ha coronado tantos esfuerzos. Se hizo mucho, pero mucho falta también. El problema está en pie; como la antigua esfinge, guarda todavía sus secretos.

Siendo la perseverancia la verdadera virtud de los pueblos, y la lucha el signo de su vitalidad, yo os lo digo, vale más en verdad, pelear aunque sea como mujeres, contra sombras y sin esperanzas de triunfo, que permanecer mudos e inactivos como cadáver que busca tierra. Pero si creeis que nos hemos engañado, que hemos tomado por realidad los sueños de nuestra alma, y que cuanto pasó, pasó inútilmente, que nada os dejamos, ni nada tenéis que hacer en todo esto, entonces cerrad mi libro; no se escribió para vosotros. Somos ciudadanos de una patria distinta, servimos otros altares, no queremos por hijos a los que desertan de las banderas a cuya sombra combatieron sus padres.

Manuel Murguía.

As "augustas somas" de Curros, de Rosalía e de Pondal, de seguro han seguir inspirando nos nosos poetas distes promisoiros intres, ecoares que millor conxeiten coaquiles tan rexeneradores que iles ceibaran:

A g o i r a m e n t o

Por Xervasio Paz Lestón

I

Ao numen tutelar do esgrevio bardo
das variles e xustas rebertías
ofreceulle seu lírico homenaxe,
nas planas primixenias, EUFONIA.

¿Podería levar máis outo siño
ese ofertorio de sonoras rimas?,
¿Qué terá de alcontrar máis diño alcuño
que o do maior poeta de Galicia?...

¡Que o eiscelso esprito que viveu loitando
contra o mostro feroz das tiranías
inspire as voces dos aedas novos
que sonean na Terra ou pelegrinan!

¡Que os delores da Patria hoxe en silenzo
tremen nas cordas das novele's liras
deica soerguer ó pobo en odio santo
que, tras roxas auroras, o rediman!

Acender o rencor en contra os déspotas
é condición primeira da poesía,
tamén a de puñar contra a iñorancia
que embouta a humanidade de iñominia.

Non está o tempo pra enfiar metáforas
que, en rebesgado estilo, nada digan
mentras cantan na Terra encadeada
as voces das xenreiras homicidas.

Son tempos do deber ineludibre
prá que o vate chamou "casta maldita".
¡Quén hoxe non pulsare as roucas cordas,
que, pra sempre, enmudeza e crebe a lira!...

II

Si o enxebre numen do tronante Curros
tutelou a nacencia de EUFONIA,
ben está que a avalar veña istas outras
a dóce santa laica de Galicia.

Despois do inspirador bico de Xove,
a branda man que ampara i agarima
do outo arquetipo da muller gaïega,
da musa do delor, de Rosalía.

¡Que o alerta alcuño das augustas somas
luz poña no vieiro de EUFONIA,
pra que esta voce que antre dóres nace,
acade longa e resoante vida!

Bós Aires, 1959.

Xervasio Paz Lestón, director da revista "Alborada".

Cando Tí chegues

Por

José Conde

O pobo axionllado te agarda
entalado entre as pedras,
cerchado de cambroeiras
Te agarda un pobo debrocado no chan
con cadeas de ferro ó pescozo,
sin pulos,
sin cismos,
sin acenos siquera prá súa anguria.

¿Qué latexos presinte,
qué axóuxeres,
qué campás?...
¡O pobo te agarda!

¿Qué clave traerás na fala,
qué manantíos,
qué alboradas nos ollos,
qué bandeiras
pra que así te recoñeza?

Cando Ti chegues
todo vibrará cos siños gardados
no ámago da raza,
i a linguaxe antiga rolará con ledicia
de milagre polas gorxas.

Cando Ti chegues
prenderanse as cumes cos teus relampos
i esgazarán as somas que nos cegan.

Cando Ti chegues
habrá riada de sangue estrelecido,
trasego nas vellas cántaras,
tremor de terra en ciume
I afondarán os homes seus arados,
i adiantarán os trigos súas colleitas,
i en vez de responsos nos cadaleitos
habrá cantigas ó pé dos berces...

¡Todo ha medrar
cando Ti chegues!

Alfareiro de soños,
moldearás coas túas máns de aloumiño e trallos
o rosto novo de Galicia.
Acrabuñarás o esprito de ela no teu xunque,
i arderás en chamaradas
no mencer infinito
das sementeiras.

Bós Aires, 1959

Xosé Conde, autor de "Nouturnio de soedades".

Cívicos namoramentos coa Fada dos nosos patrios albedrios, á que tantos e tantos hoxe pretendemos:

Poemas de ausencia

Por
Manuel María

Es breve el odio e inmenso el amor.

Gabriela Mistral.

I

A dor da ausencia retórceme
como un carballo
de catrocentos anos.

A ausencia
fai en min un oco
que se enche de tristura.

Eu son impotente
i ardo de carraxe.

Mais
a túa lembranza poderosa
sempre fai tremar a miña carne.

II

Ven.
Eiquí te agardo,
na néboa triste da distancia.

Ven;
xa levo
séculos e séculos agardándote.

Ven;
está chea de tí a miña ialma
i o meu corazón é unha chaga.

I é sempre o corazón
o que me dí:
"agarda".

Ven dunha vez
rematar
esta espera tan longa,
¡miña amada!

III

Agora estou lonxe, miña amiga,
adeprendín a amarte con verdade.
Eres unha deusa
que alcendiches en min
o lume máis queimante e máis eterno.
A miña lembranza é soio túa
i é tamén teu este latexo
que sostén de pé a miña vida.
¡É tan dóce quererte!
¡É tan bó ir maxinándote;
levar no corazón
a túa presencia real e verdadeira!
E saber que ninguén poide cortar
o vencello que anuda os nosos sonos.

IV

Ben sei canto te firo. Ainda que eu
non quixera facerche mal algún.
Choras por min;
as túa bágoas buscan o meu peito
pra limpar a impureza
que algunha vez me emporca o corazón.
Eu choro por tí i as miñas bágoas
tamén van en percura das túas bágoas.
Pidoche perdón.
Moitas veces non sei que as miñas verbas
poiden cortar o mesmo que coitelos.
Pero agora estou lonxe e ben comprendo
canta vida poide matar unha palabra.

V

A túa sorrisa:
ágoa,
un anaco de luz,
unha folerpa de aire.
Amiga:
¡na túa sorrisa
a ialma!
Na túa sorrisa
a ialma
pra que se faiga sono
esta lembranza.

VI

Ainda que por veces non comprendes
deixa que punto me doi a miña dor,
eu non me sinto só. A túa sorrisa
abonda pra matar a miña dor.
Eu sei que vou a tí. Veño de tí.
Só tí poides encher todo o meu tempo.
Enton póñome ledo e non me importa
saber ou non saber si me comprendes.
O ceio é moi azul i eu son un neno
que preciso tan só do teu perdón.

VII

Por vegadas a lembranza pónme bébedo;
déixame unha tristura que me queima
como a chama queima unha corriza.
A cruxa da tristura laia en min.
É bó estar triste porque así
a vida de a cotío desmoróase
i é unha dóce brasa o corazón
sempre sedento de amor pra non morrer.

VIII

Perdoa tanto amor e tanto corazón
que por tí vive, e sofre e ama.
Perdoa esta loucura
que me estrulla por intres a razón.
Perdóame tamén as horas malas
Perdóame o morrer si a miña vida
non estivese vivindo na túa vida.

IX

¡Cánta vida
e cánto amor
poño nunha carta!.
Só ela poide
matar esta distancia.

¿Nón sintes
súas palabras?

¿Nón sintes
ó recibir as miñas cartas
un dardo feridor
queimándoche,
purísimo,
as entranas?

X

Esta ausencia total é unha cárcel
na que teño encadeados os anceios.
Os anceios voan como melros
pra levarlle esta soidá á miña amiga.

¡Amiga;
Si te tivera agora perto de amín!
¡Si poidera
ter as miñas maus entre as túas maus!
¡Si poidera bicarte, os bicos meus
queimaríante o mesmo que unha brasa!

Amada;
eu estou lonxe
i os meus anceios están encadeados.

XI

Si me poño a matinar nesta palabra: lonxe,
sinto nascer en min algo tristeiro;
un nudo de arrepío estrulla a miña gorxa
i un orballo acedo peta nos meus ollos.
Ter amor é soio comprender
aquelo que nos xunta máis e máis.
I esta ausencia mortal que vive en min
debeuna facer Deus pra torturarme.

XII

Amiga: Eu non sei nada.
Eu non comprendo nada.
Nada quero saber nin comprender.
O meu único tempo verdadeiro
son os intres que vivo xunto a ti.

Monforte de Lemos, 1958.

XIII

Non teño medo ningún
ó estar só.
O que a min me pón medo
é o sentirme só.

¡Cómo doi
este sono de amor
que non se cómpre!

¡Cómo doi a túa ausencia
si a soidá
me tende unha mau moura
pra ampararme!

XIV

SALETA seméllase a soidá.
Cando estou tristeiro
os meus beizos bican o teu nome.
Enton en min
nasce unha rosa
i as cousas vóltanseme craras.

XV

Desexo agora, amada,
a docísima cunca dos teus beizos.
Desexo os bicos teus
coa sede de mil anos que me queima.
Desexo a túa sorrisa,
a túa palabra,
o latexar do teu pulso
e da túa ialma.

O meu desexo quédase en desexo.
Estou tristeiro
e sinto como se pecha á esperanza o corazón.
¡E co meu desexo medra a miña ausencia
na craridade fidel desta lembranza!

XVI

Esta ausencia que me arreda de tí
sería insufribel
si Deus non ma enchera coestes sonos
polos que estás sempre á miña veira.

Xa non te poido maxinar
lonxe de min
e doime esta distancia
que agora nos arredra tristemente.
Prefiro estar morto a estar só.

Agora, amiga, estou con sinxeleza
na miña ausencia inconsolabel
agrandando este amor que Deus nos deu.

Manuel María, autor de "Morrendo a cada intre".

Soio a sensibilidade espritoal de outra muller, pode interpretar tan axeitadamente a lingoaxe relembrante i amorosa de unha camelia:

Unha camelia e unha lembranza

A María Rosalía de Castro e Manuel Martínez Murguía, no Centenario das súas bodas, celebradas o 10 de outubro de 1858.

Por ANISIA MIRANDA

No vrau quente de Padrón, o sol cae enteiro pra un día igual a todos. Oxe foi a crariñada do gado mañanceiro, a alborada nos beizos das mozas e mozos ao encetar os traballos; axiña será o tempo inmenso e curto da sesta, logo outra vez os traballos e, dempois, isa volta de alalás cansados ao tornar pró fogar. Non hai penumbras nos fresqueiros mansíos do Sar. É a hora da quedanza. O recendor dos campos enerva...

—¿Cómo te chamas tí, avelaíña, albura de neve, que dempois de pousarte en cada unha das froles do xardín seguiches o vieiro do alcipreste?

—Roosalíiaaa...

Un salaio de morte percorre o carreiriño frorido que leva á casa. Aparesceu nas sómas da pérgola soedosa, agatuñou as paredes ca edra, traspuxo a solaina e afundeuse no carto hastra chegar ó leito onde estaba a avelaíña. Alexandra chega co mañizo de pensamentos que pideu súa nai; pónllo entre as mans e queda xunto a ela. Aurea e Amara, préto, saloucan caladamente. Ovidio mantén con decorosa rixeza os seus trece anos. Gala apértase tremante ó pai que, ós pés do leito, atopa, entre bágoas, a ollada da súa muller...

—¿Manolo, lémbraste daquela camelia?...

—Sí, Rosalía, coma se fora oxe.

..Na penumbra do altar da igrexa de San Ildefonso, en Madride, dúas sómas móvense de présa e nervosamente poñendo candieiros, arranxando os reclinatorios...

—"Apúrate, Toniño, apúrate, hijo, que la novia no debe tardar. Ahí afuera ya está el novio con otros señores esperándola.

—¿Es ese de barba negra y sombrero de copa?

—Ese. Pero eso a tí no te debe importar. Tú a lo tuyo y a no fallarme en la misa de velaciones.

—Si no le fallo, padre, no le fallo.

—¡No le fallo, padre, no le fallo, y el domingo te olvidaste de cambiarme el misal!

—Es que allá en mi pueblo no lo cambiaba yo, siempre lo hacía el sacristán.

—Pero aquí eres tú solo. Y no me repliques. A propósito, la señorita y el señor que hoy casamos son paisanos tuyos.

—¿Son gallegos?

—Son gallegos y de cerca de tu aldea: La señorita es de Padrón; y el señor de Santiago. A ver si eso te ayuda a hacer las cosas como Dios manda.

—Sí, padre Lozano. Yo estuve en Padrón, ¿sabe"...

Toniño dou le unha derradeira cllada ós reclinatorios, fixo o sinal da cruz diante do altar e encamiñouse cara á porta de entrada do tempro pra abrila...

Do número trece da rúa da Ballesta saleu a noiva acompañada de súa tía Doña Carmen, da súa curmán e de outras donas. Os que a ven pasar detéñense pra cllala. Sobresae entre as súas compañeiras: lanzal, abondoso cabelo negro, boca grande, ollos melancónicos, andar rexo... Atravesaban a rúa da Puebla, e, a pouco, desembocan na praza de San Ildefonso. Os ollos da noiva percuran enton a alguén entre as persoas que agardan no adro da igrexa e, ó encontralo, as súas descooridas meixelas tórnanse rosadas.

Toniño abre a porta da igrexa e apúrase a ocupar o seu posto no altar: ...¡Qué belida é ista señorita que ven camiñando cara íl! Parécese á Santa que hai na sacristía; pero non llo dirá ó padre Lozano; non debe estar ben iso de comparar ás señoritas, por máis belidas que sexan, cas santas do ceo.

O rosario trema nas mans da noiva e Toniño pensa que quedarían moi ben naquelas mans algunhas das camelias que hai no patio, anque pensándoo ben, mellor aínda quedarían unhas rosas brancas das que había na súa casa da aldea, porque íl escoitou!...

"Señorita María Rosalía de Castro, acepta usted por esposo al señor Manuel Martínez Murguía"..., e pra Rosalía, tería que haber rosas...

Toniño decideu que non verá saír ós noivos. Correrá cara ó patio e, anque as camelias están outas, alguha haberá préto do balado, e ó balado poderáse rubir ca escaleira que tén o sacristán pra limpar os altares. ...Pero, todo de présa que se van os noivos...

—¡Señorita, señorita, agarde!...

Todos danse volta e a noiva non tén tempo de pensar qué acontecerá pra que así corra cara a eles ise rapaz que viu no altar axudando ó sacerdote.

Toniño xa está frente a ela:

—Agarde, señorita, as noivas teñen que levar froles e vostede soio tén rosario. Tóme, é do patio da sacristía.

—...¡Unha camelia!

—Non puiden acadar máis que unha. Si fora alá, na miña aldea, houbéralle traído rosas: brancas e belidas coma vostede, coma o seu nome. ¿Sabe a señorita que eu estiven en Padrón?...

—¡Padrón!...

Os melancónicos ollos da noiva pérdense nos peniscos da frol e, no espello daquela bágoa que lle regalou a Toniño, ve o seu Padrón, seu Santiago, as augas do seu río:... Sinte os aloumiños da súa triste nai, escoita as canzóns de berce da súa madriña, vese regando as súas froles no casal do xardín materno, onde tan ledos e tamén tan anguriosos foran os anos da súa nenez e adolescenza. Chega ós seus ouvidos a alegría da Tuna Compostelán, un concerto de gaitas e pandeiros, o monólogo do pínfano do pastor e, por fin, atópase recén casada, do brazo do seu home, con vinte anos dispostos a encetar unha nova vida, saíndo do adro da súa igrexa galega. Os que a rodean descobren ledos o primeiro sorriso daquela melancónica noiva e síntena feliz, tan feliz como endexamáis a sentiran.

Dende o adro, Toniño, dille adeus ós noivos que, ao chegar á praza de San Ildefonso, danse volta pra despedirse. Tras deles, o padre Lozano, contémpraos estasiado cun nó na gorxa, presentindo, cecáis, o futuro transitar daquil glorioso acontecer polos sempre brizosos vieiros da lírica galega...

A muller i o home voltaron a reparar no ramo de pensamentos...

—Alexandra, filla, abre isa xanela que quero ver o mar...

—Sí, madre...

¿Cómo te chamas tí, avelaíña, albura de neve, que inda levas entre as azas a cór i o recendo dos pensamentos?...

—"¡Padrón! ¡Padrón!
Santa María, Lestrove.
¡Adiós! ¡Adiós!"...

Bós Aires, 1959.

Anisia Miranda de Neira Vilas, creadora, co seu xoven esposo, de "Follas Novas"; os que, baixo ise sigño, veñen divulgando con adicazón franciscana o libro galego.

Siglos de mar

Por

Elsa Fernández

Ruta invisible, por el mar se desliza,
entregando una sombra
y sonriendo a una estrella.

El camino marcado a través
de los días, con brújula
de sueños que impulsa la nostalgia;
gimiendo entre suspiros un alma
perdida, retorna en una
ausente tonada de alborada.

Mirada de otros mundos oteando
el horizonte, reciedumbre en los
gestos, dulzura en el hablar,
temperamento excelso que puso
en una proa, su inmenso deseo de llegar.

América les dió su libertad de
vida, ellos le devolvieron en
hijos y en amor, y entre las dos,
unidas, hicieron que esa raza,
viajara entre las ondas, por
rutas intangibles del angustioso andar.

En Galicia dejaron sus raíces de
tiempo, trayendo entre sus manos su
simiente inmortal, y en América fueron
encontrando un camino que la saudade,
en lágrimas, logró reconquistar.

Y si en sueños los hijos viajaron
por su ruta, volvieron siempre puros
a ser dueños del mar.

Buenos Aires, 1959.

Estampas de reverente á par que anguriosa tradición galega, deicadamente entretexidas:

A Misa do Galo

Por Dora Vázquez

—¡Esperta, meu rei! ¡Esperta!...
¡Xa van prá Misa do Galo!

¡Xa nasceu o Neno!... ¿Nón qués que te leve?
Pois, hala,... bulindo. ¿Nón ós as campás?
¿Nón ós o barullo da xente que pasa?...
Van vellos e mozos, e nenas e nenos...

¡Bule, meu meniño! Senon, nón chegamos
á Misa do Galo. Vaiamos á présa...
¡Qué branca, ista lúa! ¡Cál brila no ceo!
!Cál lóce nos arbres, nos vales, nas leiras!
¡Qué noite, ista noite! ¡Nin que fora día!
¡Qué luz nas estrelas!...

¡Coidado, Miriño!... Deixa estar as pedras...
Mais, ¿qué...? ¿Tí tropezas? ¡Ai, tí!...
¡Nái sei que che pasa!... ¡Tás tan caladiño!
...¿Qué tés medo, dís? Apreta a mauciña...

...Cando eu era nena, miña nai levoume
con ela unha noite... ¡E cómo eu corria
pola noite negra!... Non había lúa.
Non era como ésta. I eu, ¡nón tiña medo!
Eu soio anceiaba chegar logo á igrexa
pra elí ver o Neno... —"¡Agarda, toliña!"...
miña nai berraba, tremando por min.
Mais, eu... ¡Deus me valla!... Nada me contiña...

Escoita amantiño... De que vin o Neno
—que o cura mostraba— non sei que sentin:...
Luceiros os ollos, rosiñas os beizos,
manteiga as manciñas... ¡I aqueles cabelos
de ouro, revoltiños!... Biqueino nos pés:
Aqueles peciños, tan cucos, tan feitos...
Batíanlle as cónchegas... Cantábanlle os nenos..

¡Aixiña, reiciño!... Verás tí que cousas
haberá na igrexa... E pídelle ó Neno
—cando elí cheguemos e lle deas un bico—
polo teu paiciño, tan lonxe, ista noite, de nós e da Terra...
(...¡Qué fará o meu ben!
¡Qué fará arastora, soio en terra allea...)
Rógalle que o traia... Que o Neno do Ceo
cecáis vos escoite a os nenos da terra...
Rógalle que volva... ¡Aixiña! ¡De présa!
(¡Qué eu morro por velo!), !Sete anos que leva!...
Meu Xesús do Ceo, ¡Vóltamo prá chousa!
¡Qué dende que i' falla, n'hai ledicia nela!
¡Devólvemo aixiña!... ¡Qué veña, que veña!
Meu neno cho pide, que inda non nacera.
Seu pai non coñece... Mándao que o coñeza...
Chorando cho pido. ¡Escóitame a préga!...

—¡Adentro, filliño! ¡Xa estamos na igrexa!...

A Cruña, 1959

Soio quen vive nos apreixoantes ensoñares da saudade, sabe distes subrimes reencontros:

Camiño dos meus amores

Por Antón Fernández Pérez

Despois de longas ausencias
en terras americanas,
camiño dos meus amores
vou desandando distancias...

¡Castelo de Monterrei,
miña lanzal atalaia!

Xa te vexo dende os lindes
da fraternal Lusitania
sinalándome a presencia
da Galicia benamada.

Xa se ven, xa se visluman
as dúas torres fidalgas
sobre o perfil gasalleiro
das verdecentes montañas.

Camiño dos meus anceios
vou acurtando distancias
por ribeiras frolecidas,
viaxeiro de arelanzas.

¡Xa se ven dende máis perto!
¡Ai qué gozo dá miralas!
...Refulxindo ó sol da tarde
semellan feitas de prata.

Camiño dos meus amores
vou desfacendo distancias:
¡Benhaxa o Deus que me torna
polos roteiros da Patria,
...tantas veces requerida
i outras tantas denegada!

Despois de longas ausencias,
dende terras moi lonxanas,
veño deixar, homildoso,
nas túas vellas murallas
un mensaxe afervoado
de saudades e lembranzas,
pra que a brisa silandeira
—volvoreta de alboradas—
as leve bicando os aires
polos montes e pranadas,
polos vales feiticeiros
da miña Terra galana.

¡Ouh meu herdo benquerido,
miña veiga tamegana,
meu regato cantareiro,
miña congostra soñada!...
¡Cómo entrades polos ollos
deica fincarse na ialma
de quen vivía morrendo
lonxe de vós, noutras praias!

Río Miño rumoroso,
musiqueiro de romanzas:
¡déixame calmar ardores
no seio das túas augas;
déixame beber de abondo,
que traigo sede atrasada!

Galicia dos meus ensoños,
ponla verde das Hespañas,
roseiriña sin espiñas,
bucariño de fragancias:
¡déixame zugar ben fondo
no celme das túas ánforas!
Que mañán, cando o Destino
me torne a terras estranas,
¡irei espallando arumes
por onde queira que vaia!

Un coro de reiseñores
ha de cantar alboradas;
ha de cruzar as ribeiras
i ha de escalar as montañas
difundindo o eco enxebre
da miña Terra galana:

¡Benhaxa o Deus que me trouxo
pola congostra soñada!...

Mendoza, 1959

Antón Fernández Pérez, autor de "Don Rosendo de Amarán".

Promisoira chamada da voz do ancestro e máis do infruxo telúrico da Terra, esfarnadora e verdecida:

V o l t a n d o

Por Perfeito López Romero

Logo das noites entebrecidas
voltei por antigos vieiros
—quimerias hoxe valdeiras
de escintilantes idilios—,
indo en busca da anticipación
bremante,
sóio por te oir cantar no cumio.

Chorimas simpres e inxeles,
esmaídas de orballo,
concertan peiraos de balbores fríos.

No medio delas, tí,
bringuel, gramaticalmente espida
de metáforas ou imáxenes.

E apreixándote amudecido,
o meu canto novo,
que aínda, ás veces,
é moxetado pola lembranza arrepiante
do teu corpo:
xérmolo e causa, termo e raia,
de canto anceio teimoso
tiven nas mans.

P. L. Romero, poeta enxel e xa timoneiro da nova ramallada da Galicia Ultramariña.

Bós Aires, 1959.

Saúdo de benchegada que EUFONIA adicou a Don Ramón Otero Pedrayo, nista súa segunda xeira ourentadora polas ribeiras do Plata, con motivo das recentes Xornadas Galegas.

¡E, por fin, veu Don Ramón!

Por Alfonso Gayoso Frías

Pois veu, sí, do alén do mar
co seu sapente bagallo,
pra vir pasar antre nós
iste Día de Sant Iago.
Pra ver de amingoar con ilo,
coitas, macelos, salaios,
dos que en racial moitedume
tan lonxe do lar andamos.

¡Pra tan nobre cometido
e ben na ausenza alentarnos,
xamáis Galicia poidera
nuncio millor ter mandado!

Xa que dende Acuña e Curros,
ó Mestre —que eiquí gardamos—
tivo a Terra embaixador
pra ilo máis axeitado.
Pois da súa verba prendidos
e no seu saber guindados,
nun reconto de lembranzas
das cousas que alá deixamos;
nun ancear de porvires,
nun relatoiro do arcano,
os hirmáns na emigración
todos con il viaxamos
polos vieiros da historia
do pobo en que fomos nados:

Polas antergas calzadas
que bordexaban os Castros;
por enderredor das vilas,
por enderredor dos pazos.
Por as rurás corredoiras
dos campesíos poboados;
¡polos agros verdecentes
que enmeiguiza o sol de maio!
Por soutos e carballeiras,
sempre traspondo regatos,
na búsqueda dos currunchos
que a todos nos son tan caros.

E se a noite nos solprende
por sendeiros non trillados,
seguimos a viaxar,
cal se fora día craro,
baixo a luz resprandecente
do seu lumioso facho,
que vai marcando roteiros,
que vai no tempo avantando,
que vai abrindo hourizontes
no abrente que procuramos.

¡I é por iso, Don Ramón,
que pra honrar o Día Patrio,
Galicia xamáis poidera
nuncio millor ter mandado!

Bós Aires, Día de Galicia, de 1959.

A. Gayoso Frías, autor de "Galeguidade"

TRES POEMAS DE PURA VAZQUEZ

OS TEMPOS

Os meniños non xogan
coa lúa das pucharcas,
nin buscan o niño quente
que se bambea
na pola tremelante
dos abidueiros.

Os meniños non choutan
cantando
a cantiga goiosa do sol
nas cancelas tenras da mañán,
na orela dos regatos,
e nos outos camiños.

Os meniños pasan calados
pola verde ledicia dos agros,
pola terra desarborada,
polos boscos sin craridade.

A chouza mergúllase
nun naufragado
veleiro de soidade,
nun hourizonte sin alborexada,
nuha escura lagoeira de brétema.

Os tempos teñen a tristura
dos silandeiros cómaros,
e a fame tece cadeas
e isolamentos
no ámeto doce
da terra abafada.

Os meniños son pantasmas
de vellos medrando
entre a soberba
e o ofuscamento,
nunha illa infinda
de canseira e merguranza,
onde a vida discurre morta,
aprixoada,
polas solainas
engaioladas de loitos,
no fuxir cincento dos días

A MORTE DUN PITORREI NA NOITE DE ANIMAS

Namoro de un pitorrei
morto de frio, no outono.

Non hai lúas nin estrelas
afiándose nos pozos.

Polo ceibado camiño
do pobo, pasan os mozos
recadándose nas sombras...

Dobran as campás a morto..

¿Hai tristura? Cai a neve
derreténdose nos outos
pericoutos, aló enriba.
Embaixo, oubean os lobos.

A noite arriou as velas
das tebras, polos contornos,
e nun árbre desdentado
de ponlas, chían os mouchos

Noite de ánimas... Un Crist
pecha os magoados ollos,
i engurúñase na cruz
co bisbisar dos responsos.

A aldea dorme. Xa van
—navíos mouros dos sonos
pendurándose na leite
do día—, sombras sin rosto.

Hai unha lúa afogada
na mar, e un luceiro enxoito,
e morden os cás nos talos,
abafantes e rabiosos.

¡Sobor da herba xiada
hay un paxariño morto!

OS BOIS

Bestas doces do arado....
Tecen sonos de paz
e mansedume,
e trémalle nos ollos
o goio da terra húmida,
o marmulo da iauga
polos sulcos,
o cheiro quente
do estrume,
a luz espellada,
a frol campesía
a semente que regan
cada vegada en suores,
árbres e pedras,
e o mésto piñeiral antergo.

Os páxaros xurden
estronicios nos valados,
nas ponlas
das mazairas vellas,
nos cómaros
da tarde,
onde brilan fouciños
de apagadas lúas, tépedos
solpores recendentes.

chían melros agoreiros;
Ó pé dos codesales
curcpéndolas e xilgaros
cantan nas ramaxens verdes,
onde o labrego xungue
as xugadas mornas,
ollando o sulco
aberto da semente...

Camiño da casa,
home e bestas incrinan
a testa, cansos, desandando.
entre os vellos vieiros
de piornos e toxo...

Súpeta, cai a noite
de bruces sobre os nillales,
sobre a follaxe das carballeiras,
polos soutos e a terra aberta
da sementeira;
e os bois dormen, abafando
na lansedade da canseira,
mentras sobor dos árbres
e os tellados,
can muxicas de estrelas...

Caracas, 1958.

Pura Vázquez, autora de "Intimas".

Así, engarzado en la lírica resonancia de los tres precedentes poemas que nuestra alondra orensana dedicara a EUFONÍA, transcribiremos en estas páginas el enjundioso comentario que, de su elevada poesía, hiciera el escritor Alfonso Rumazo González, en el "Indice Literario" de "El Universal" de Caracas.

LA MARAVILLOSA POESIA DE PURA VAZQUEZ

Ni el ser miembro de la Real Academia Gallega de Artes y Letras; ni llevar publicados ya once libros de poesía; ni el saberse en lo alto del resalte, donde la producción sigue ensanchando el raudal; nada ha roto la admirable sencillez limpidísima de Pura Vázquez. Desde hace tres años vive en Caracas. Primero se ocupó de los niños, en un kindergarten; y que lindos versos escribió para ellos:

Una estrellita se cayó al tejado./ Un gato la
está buscando/junto a la ventana de mi cuarto.

Después, entró a su mundo verdadero: la Universidad Central, donde corre opulento el raudal de la cultura. Desde ahí avanzó, abrazada a su sino de crear y de recrear, que diría Ortega: creando para que nazca lo nuevo; recreando, por recobrar lo viejo a través de lo recién brotado.

Un día la llamaron allá, en su tierra de Galicia, "la nieta de Rosalía de Castro". ¿Y quién, de voz de mujer, ha sido más alto en ese mundo gallego, desde que calló hará dos tercios de siglo la autora de "Follas novas" que prologó Castelar? Otro día —febrero de 1953— muchos grandes de las letras de España se congregaron para rendirle homenaje admirativo en Madrid. Ahí estuvieron Menéndez Pidal, Azorín, Cabanillas, Eugenio D'Ors, Fernández Flórez, Vicente Aleixandre, Gerardo Diego, Dámaso Alonso, Eugenio Montes, Panero, Cela; tantos más. Ellos dijeron, en documento escrito, que Pura Vázquez era "ya dueña de todos los resortes expresivos, rozadora de límites finales, impaciente dentro de la angostura de lo temporal y dócil además a la niñez inacabada".

Este llegar de la poetisa a las tierras de América, obra es del vehemente río Miño que pasa por su ciudad natal, Orense. ¿No van los ríos rumbo al infinito, estirados los brazos, sacudiendo crines? Rosalía de Castro, a la hora de morir, gritó desesperada: "Abran esas ventanas, que quiero ver el mar". Galicia es mundo —nos lo describe Salvador de Madariaga— de calladas colinas, errantes ganados y pastores; de ermitaños y peregrinos. Su atmósfera gris cubre con un manto protector leyendas siempre vivas y nunca muertas creencias. ¿Y que es la leyenda, dentro del alma, sino un divino escozor que fuerza a emprender rutas soñadas. Valle Inclán, otro gallego inmortal, habló en "Aromas de leyenda" de los caminos de su tierra, poblados de cruces; vale decir abiertas de par en par, rumbo a lo inacabable.

Mujer bella, pequeñita, cristalina en sus sentimientos; los ojos prendidos en la bondad; la risa abierta, de festejo, pero rara; en el labio la burbujante inflamación de la protesta, que se enciende y pasa, y atrás de la mirada, hacia dentro, grandes nostalgias estáticas: así es Pura Vázquez. Nada denuncia la reverberación íntima donde están formándose los poemas, ni menos la altura a donde ha llegado.

Toda su obra es lirismo. Corresponde el poeta lírico al "Yo" más liberado que existir pueda. Debatiéndose en intensa soledad, ahonda en sí mismo y luego toma contacto con los demás seres, viéndolos en una especie de panteismo nuevo original. Se estremece con frecuencia; se deslumbra. Viajero de amor, vive en plenitud con todo, y halla de esa manera aquello que, de procedencia subjetiva, hácese inmenso, universal.

Hay acento lírico perfecto en esta voz de "Poemas a mi sombra":

Tú me llevas creciendo sobre la tierra fría,
[floreces
de plenitud, de inescrutable sentido profundo.
Enigma y oráculo donde calmo mi sed de
[preguntas.
Sombra de amor que vastamente me cubre,
medida horizontal, anticipada actitud de la
[muerte,
recuerdo y nostalgia que en llaga viva vigilas
intemporal y cercana, acuciante, mordiendo
[despierta.

Cuando ve acercarse al amor, dice:

Huele a miel. Miel hondísima, profundo
panal manando silencioso
sobre el desvelo errante en el aire desierto.

Pero como el destino del amor, al fin, es la soledad, escribe:

De pronto,
arraigaste en remotos horizontes de humo,
lutos y noches, lunas rotas, apagadas
corolas del rocío, secos cálices,
campanas en revuelo de tormentas,
descendidas estrellas del sosiego...

Whitman solía repetir: "Yo soy el poeta del cuerpo, y yo soy el poeta del alma". A la fina orensana no le corresponde sino la mitad de esa definición. No habla más que desde el alma; rarísima vez entra el cuerpo en su canto, pasa en seguida, zizagueando furtivo:

Bébeme tú esta voz que en mi garganta
es gozoso latido de la vida,
único afán, amor, y santa hoguera,
trino encendido y largo de mi sangre.

No ha caído en el grito de la carne, como tantas y tantas. Y esa fuerza para liberarse le ha salvado de limitaciones. Pinta las profundidades del horizonte, a través de un aire límpido; dobla cúspides y descubre abismos; escarba en lontananzas, y salta su retorcido estiramiento sobre el dolor, cada vez que siente que las alas dan alaridos. Con frecuencia se detiene en lo pequeño: un pastor, un niño que vaga, las margaritas, la golondrina, los besos, un caballo de circo; y aún ahí la lámpara de las plenitudes irradia con embriaguez. En la elegía a un ruiseñor, halla la esencia del pequeño drama: "Porque tú también sentirás en el aire disuelto la tristeza!" Del besar dice así, mágicamente:

Yo puse un beso lento
en los labios del agua.
Y fué un chasquido triste
—fugacidad besada—
lo que cantó su huella.
Brotaba sed humana
de los labios del río!

De los tres Genios que poseyeron a Valle Inclán, por causa de Galicia: el del Agua, el del Aire y el del Fuego —este último, más bien de Castilla— a Pura Vázquez le corresponden los dos suyos, terrígenos: el Agua y el Aire. Casi no hay poemas donde no rijan, trémulos, esos dos elementos. Habrá que añadir a eso, un tercero y capital: la Tierra y sus plantas, sus huellas, su ruta y su misterio. De ahí que parezca, en sus versos, permanentemente cósmica.

Y como no es posible entrar en tales plenitudes sino con un inmenso acervo de verdades, esta poeta riega filosofía y certezas con tanta largueza, que no parece sino que hubiese quemado años en las doctrinas de los buceadores en las causas últimas. Si se preparó para el ejercicio de tan sublime arte, graduándose de bachillera, tomando el magisterio por oposición, ensayándose en la métrica y las aspiraciones desde los catorce años. Hoy, soberana ya de una intuición precisa, perforante, y ceñida a una lógica irrevocable, sabe su saber con penetración tanta, que en ocasiones parece poseída del don místico, donde la adivinación toma contacto con el éxtasis deslumbrado:

Y esa niebla del Tiempo consumiendo
la rotunda corteza de la roca!

O en esta, "Distante plenitud";

Clara, celada, cándida estructura
de las cosas sencillas. (Cómo pesa
el grave afán de Dios que nos apresa
en vorágine azul", cima insegura!).

Más de un crítico hispano ha señalado que el idioma gallego es más maleable y melodioso que el castellano, y muy superior a él en cualidades líricas. Se ha dicho, incluso, que la extraordinaria floración de la poesía gallega en los siglos XIII y XIV permitió que el lirismo llegase a Castilla. Pura Vázquez tuvo la suerte de nacer en Galicia y de dar de sí dos libros "Intimas" y "Maturidade" en esa lengua armoniosa suya. Los otros nueve —y los que prepara, más los ensayos, cuentos, estudios críticos, que en todo eso labora— vienen en castellano. Amén de haber encontrado en la doble fuente el generoso fondo donde hunde sus mil áncoras, ha arrebatado de ahí —y de su cultura intelectual— una riqueza de léxico que no se encuentra sino en contados poetas de subidísima alcurnia.

En presencia de un valor auténtico de la poesía, como ente, caben cualesquiera elogios más; como entra cualquier suma de olas, y cantos y nostalgias en la vastedad del océano. Pero no habrá que cerrar este breve comentario, sin decir que aquello que vuela muy alto y palpa por lo mismo el silencio de la eternidad, sufre el agobio de la tristeza. Y es entonces cuando ella misma, la propia Pura Vázquez, la sencilla y menudita mujer salvada de vanidades, tiene que clamar un gran clamor de hombre:

Yo asida a tí, infinito Dios, tremendo
y oculto Dios, Dios dulce, inalcanzado...

A. R. G.

Diz que vén a Primaveira

Por

Xosé Ramón Fernández Oxea

Diz que vén a Primaveira.
Fuxe a neve e a xiada.
A vella xa non peneira.

Diz que vén a Primaveira.
Viste de froles a xesta,
o toxo e máis a cerdeira.

Diz que vén a Primaveira.
O gato, o can e o lagarto
toman do sol a raxeira.

Diz que vén a Primaveira.
Canta con ledicia a moza
pé da mesta carballeira.

E no río a lavandeira,
i o mozo ó voltar da feira,
e a laberca volandeira,
i o mar, e a lúa lueira,
cantan con voz algareira:
¡Xa chegou a Primaveira!

Madrí, 1959.

Nota de aprausamento: Acabada de recibir a revista do Centro Rexional Castro Caldelas, coa que se conmemoran as Festas Patronales da histórica vila, voltamos a sentir o aprougo de ver como istes coterráns relembran e prestixian, dende a emigración, aquiles abenzoados currunchos. Vaian pra iles, pois, e pra o seu director, Farruco Soto, os nosos tamén saudosos parabéns.

¡Cal fican os nosos herdos pola lacra emigradoira!:

Romance da leira enxeitada

Por

Xosé Neira Vilas

Hai un anaco de terra
no lombo baixal do agro,
que tén silvas e codesos,
fiuncho e musgo amaiado.
Semella unha ínsua de monte;
un fero tarrón de mato,
que agarda a bourada rexa
do legón ou do machado.

¿Onde está quén noutros tempos
con acelmoso degaro
puxo fe nas túas entranas?
¿A onde foi o nobre arado
que rachou perante séculos
o teu coiro estarrigado?

¡Lonxe están as máns seréas
qué teus regos sementaron!...
Foron polo mundo adiante;
prás Américas marcharon,
pois disque alá locen máis
os arrizos do traballo.

A leira botada a monte
arrólase en mol chumazo
i en pálpebras vexetaes
pousa súas bágoas de orballo,
pola anguria soedosa
do seu malfadado fado.

Os vermes que rebuliscan
entre as herbas, sulagados,
i as volvoretas que choutan
espargallando o pulazo,
son libres donos da leira
—ínsua marela de mato—
que dúas almas viaxeiras
polo mar Atlán trocaron.

Dá noxo ollar dende lonxe
a bouza que luxa o agro...
¡Dá mágoa ver que o Tarrón
onde un nace sea tan chado!

Bós Aires, 1959.

A coleitividade galega honra un dos seus poetas: Unha Comisión de Homaxe está atituando xa pra ofrecer en magno acontecimento o ben ganado galardón de patrio recoñecemento, ó poeta lugués, Avelino Díaz.
Cibdadán, tí que coñeces a súa rendedora xeira, non deixes de sumarte.

Merecido acollemento ás presentes expresiós da indecriñabre rexedume da raza:

S i n t o n í a

Por Avelino Díaz

Á voce nídia e rexa
que nos chega do Caurel.

I

Algún día "por terras xa libradas",
chegarás a un plural de Compostelas,
cos xurdios sentimentos que revelas
nos lampos das túas verbas alumadas.

Tés de ver as herdades xa ceibadas
sin néboas e sin xeo nas campelas,
ouvir hinos en dornas i en gamelas
e cantigas de rellas nas labradas.

Os que teiman facer novas decrúas
e tentan esparxer novas sementes,
compaña che farán nas loitas túas.

I han ser evanxelistas dilixentes
nas praias, nas camposas e nas rúas,
pra libertos se ver, nón penitentes.

II

Terá de vir da túa, moza e rexa
xenerazón, o ben da Terra escrava,
desa xenerazón que xurde brava
i en patrianos acentos se refrexa.

Da túa tén que ser, porque latexa
doéndose dun mal que non se acaba:
(a poutada dun urso que nos traba
ou, sempre con sañías, nos acexa).

Teredes que ser vós, os namorados
das nosas liberdades; benfadados
unxidos polo sino dunha estrela.

Os que vides ó tempo, xa sinados
pola Patria, i amantes fillos dela,
señora dos seus bens ides facela.

Bós Aires, 1959

Avelino Díaz, autor de "Flor de Retama".

Alporizados refluxos que devolven á praia as insumerxibles remiñiscencias de pasados naufraxios:

Ulcis e os nóntidas

Por Xosé Fernández Ferreiro

A Reimondo Patiño, o ástida

I

Pasaron os carros. Renxían as rodas e os eixos nos camiños.
Era noite xa. Cando nós chegamos todos estaban mortos.
Cabezas esmagadas a golpes de pedra e de eixada. Ollos arrincados
con ganchos de aceiro enfurruxado. Lingoas cortadas
sobre dos beizos abertos i esgazados por fouces e gadañas.
Catro fios negros. Vinte mulleres novas, vírxenes,
ofrecendo os seus peitos ó fuciño venenoso e desdentado das bestas.
Voaban os corvos por enriba dos carros. Cheiraba a sangre quente
e a carne fresca e nova recén queimada en fornos e forxas.
O vento ruxía. Lóstregos e tronos fendían cabezas, corazós e lombos.
Todo alí quedo. Todo alí morto. Todo alí frío. Todo noite.

Iroba, o monstruo, pasou no cabalo roxo. Os cás, detrás ladrando,
arrastraban cadáveres despedazados, podres, sin pernas nin maus.
Zoaban os látigos. De lonxe, da carballeira ensombrecida e pecha
chegaban queixas de mulleres e de nenas violadas por os nóntidas...

Despois veu o silenzo. Todo estaba feito, acabado. A voz de Iroba
resonou tráxica sobre dos campos de loita cubertos de sangre:
—¡Todos mortos!

II

A auga caía da terra negra, esmagada. Auga aberta.
Follas de albres cubrían os estragos e os pecados sin nome dos nóntidas.
Cruces sobre da terra. Cruces sobre dos homes vivos, aldraxados,
cas mulleres mortas e cas fillas acoiteladas por o puño das bestas.
Violadas e reventadas. Todos alí quedos sobre das covas atestadas.
Pasmados. Clamando a Deus venganza. Pedimos ó demo forza e maldá
pra facer a guerra. Pra morrer loitando por os fillos e por os pais.

Mil bois chegaron bruando por os montes cos cornos afiados como espadas.
—"¡Vamos! ¡É a hora!". E todos foron á guerra con Ulcis o xenio úrpido.
Foi a venganza. A morte. O luto. Taparon mortos con mortos.
"Faremos o que fixeron con nós. Nadie quedará vivo. Nin vellos nin novos".
Todo morte. Latigazos e berros. Queixas de mulleres e de nenas maltratadas.

No medio da loita oíase a voz resonante de Ulcis: —¡Adiante! É a nosa venganza.
Nón faremos nada máis do que os nóntidas fixeron". Corvos encima. Nubes.
Vento.
Cruces e sangre sobre da terra aberta, ultraxada e redimida...

Despois veu o silenzo. A última cabeza fora cortada. A voz de Ulcis
resonou de novo na alba húmeda sobre das tumbas dos héroes mortos:
—¡Todos vengados!

Madrí 1958

Xosé Fernández Ferreiro, autor de "Ribeirana do Sil"

"¡Trapos, ferro vello, botellas vasiiias...!"

Nos meus tempos de estudante,
todal-as mañáns ouvía
certo pregón que, en primeiro,
descifrar non conseguía.
Aquel pregón que manaba
dunha gorxa cantarina,
para min era un misterio:
¿qué mercaba ou qué vendía?
Pero á forza de escoitalo,
tras un día i outro día,
adiviñei, máis que puden
entender o que decía:

"Trapos, ferro vello,
botellas vasiiias...!"

Todal-as portas das casas
pechadas permañecían:
as labouras cotidiáns
comenzado non habían.
A sagra e vella cidade
inda estaba adormecida,
e soio rumores vagos
o gran silenzo rompían.
De pronto, unha voz aguda,
que a dun clarín parecía,
vibrou no ar, arrastrando
lentamente a última sílaba:

"Trapos, ferro vello,
botellas vasiiias...!"

Unha porta, pouco a pouco,
vaise abrindo caladiña,
e nela, coma fantasma,
xurde unha figura tímida.
Ollando a un lado i a outro,
uns curtos pasos camiña;
logo, no meio da rúa,
quédase, cal de vixía.
Nesto un ser estrafalario,
que semella unha estantigua,
amóstrase de repente
i entoa a súa cantiga:

"Trapos, ferro vello,
botellas vasiiias...!"

Un chistido, unha conversa,
que se acaba de seguida,
i os dous penetran na casa,
cuia porta xa se abrira.
Pasa un tempo, non moi longo,
i o pregón reaparecía;
voltaba soio e cargado
de eistranas mercaderías.
Na cachola unha chisteira
i ao lombo un saco traguía;
e sempre lanzando a súa
monótona letanía.

"Trapos, ferro vello,
botellas vasiiias...!"

Glorias, honores, lembranzas,
restos de grandezas idas,
camiñaban pol-as rúas
hastra casi o medodía.
Aquel ser desfarrapado
dunha eisistencia mendiga,
levaba enriba do lombo
moitas ilusión perdidas.
Ao seu paso despertaban
as emocións que viviran
unha noite de verau,
murchadas frores dun día.

"Trapos, ferro vello,
botellas vasiiias...!"

Sepultureiro de todas
as verdades e mentiras,
con tesón ineisorabel
andaba días e días.
¡Cántas veces ao sentilo
os ollos bágoas vertían!
Mais él, fadal, coma a morte,
por nada se conmovía.
Soio atento ao seu negocio,
de ninguén piedade tiña;
conforme a un rito sagrado,
a súa misión cumpría.

"Trapos, ferro vello,
botellas vasiiias...!"

De regreso no seu antro,
xusto balance facía:
aquelo que aproveitaba
i o que pra nada servía.
Un fedor de cimiterio
en torno se esparexía;
era todo o que ficaba
dos esplendores da vida.
"Vanidá de vanidades",
todo alí se concluía;
coma despoxos humáns,
alí todo apodrecía.

"Trapos, ferro vello,
botellas vasiiias...!"

Bós Aires, 1959

Ramón Rey Baltar

Conciudadano: Cuando vayas a hacer provisiones para las Fiestas de Fin de Año, no dejes de incluir el humanitario presente para nuestros viejecitos
del
HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS
Secretaría: MORENO 2924 **Tel 97 - 4217** **BUENOS AIRES**

Un currúncho máis no cativo vagantío de EUFONIA, pra honrar unha voz e un eisistir da máis eixemprar cibdadanía:

Unha gran figura galega:

RAMÓN REY BALTAR

Velehí un HOME —así, con maiúsculas— que é, por sí soio, unha triloxía: o patriano galego, o poeta, o médico; unha persoalidade con historia, e unha historia limpa, nídia, artellada por él e mesmo ao longo dun ben farnado vivir, que ogallá se alongue por muito tempo; un vivir con dinidade, con enteireza de ánimo, posuído por unha fe i empurrado por unha esperanza, sin decaimento, sin fraquexar, con esa forcia espritoal que lle veu xurdida do telúrico da Terra, do Phanteos, do Todo de Galiza.

Suma de todo iso, suma de virtudes, sin lagóas de vezos, ou defeutos, Ramón Rey Baltar é, na nosa coleitividade, e, tamén, fora dela, unha figura esgrevia, un home con proieución, con reutoría, con autoridade, con limpa executoria e categoría de mestre. Non en valdre, aló na súa xuventude, andivo á beira de Castelao, facendo unha evanxelización, sementando as doutrinas da galeguidade, anunciando unha Bóa Nova a un povo sedento de bóas novas; non en valdre formou o seu ricaz inteleuto en Compostela; non en valuto foi, despois, un emigrante á cata de hourizontes novos, de outras perspeitivas —máis que materiales, espritoales— pra ir afincando no seu ser aquela fe i aquela esperanza que lle nasceran ao conxuro da terra matria, pra ir enfarnando máis o seu esprito coa visión, decote presente e lonxana, da Patria Galega, sempre co pensamento i o sentimento apousados nela, coma pombas garimosas no niñal primixenio, no niñal que, pra Ramón Rey Baltar, foi sempre o niñal de todolos porvires.

O HOME que hai nel, é unha vixente semellanza, pola súa homildanza, pola súa inxénita bondade, do bon santo de Asís, porque sabe facerse e sentirse irmán das xentes, dos seres e das cousas, de todo aquelo que crearon a Divinidade, ou a Natureza; iste home, que é unha triloxía, como galego posúe e sinte en si a gracia de ser tal, a gracia que lle insufrou a Terra, a relixión da Patria e do gran Todo, co que se atopa consustanciado; como experto na ciencia de sandar as maladías, exerce isa profesión con outa dinidade, coma un apóstolo que mantén viva a chama de inquedanza polos seus semellantes, dos que, doídos na carne, sinten arelanzas no esprito i acougan máis felices ao escoitar a verba de quen acouba cencia na mente, bondade no corazón e parolas garimosas nos beizos.

Como poeta é unha figura con resoanzas porque chega ás mentes i ós corazóns con líricos mensaxes que ecoan nos espritos en crara, nídia, vibración, coma unha comunión das almas, xa seia cando se expresa con acento fraderno e cariñento, xa seia cando o seu estro, rexo e podente, é coma unha treboada, xa seia cando azouta os vezos i ós desmáns das tiranías, ou sexa cando a súa verba é coma un arrolo, un bálsame, pra os sofrimentos dos "probiños de Deus", das "almiñas sin nome" —que diría Castelao—, dos que viven sin vivir, morren e se enterran sin bitales nin coroas.

Ramón Rey Baltar é un poeta galego en cuios mensaxes hai sempre un anuncio de craridades alboradeiras, non insento, muitas veces, do balbordo dos tronos i ó lampexar dos relustros; éle é un apóstolo da libertade con verdadeiro senso cristián; éle ergue a súa bandeira de redenciou, a semellanza do bon Xesús e predica o Evanxeo, axostrando ós mercadeiros, ós fariseos, ós Poncios e Tretrarcas ao tempo que tén verba garimosa pra os que sofren fame e sede de xusticia. Fálalle ao povo con dozura e tenrura na verba; dóese dos males que sofren Galiza i os seus fillos, porque sinte ises males no seu propio ser físico, porque le pesan no seu esprito; por outra banda, seguindo a consina de Curros: "donde haxa vezo, feride", rexeita os vezos i azouta ós vezosos que poñen cadeas ós corpos e nubeiros nos espritos.

Rey Baltar puido ficar comodamentes sendo un poeta de crase, ou de caste e desentenderse dos homildes, coma fixeron, e fan, outros muitos poetas galegos; puido ser tamén un poeta neo-sensible, un modernista, un poeta de metáforas xiadas, de imáxes incomprensibles, de tropos, de adxetivos e sutantivos, e de outros fiamentos líricos, que non falan ós corazóns, ós sentimentos, ás inquedanzas humáns; puido ser un poeta deses acomodatizos, conformistas, tan afeutos ó conceutismo, ó gongorismo i a tantos outros ismos, máis ou menos extranxeirizantes, que non queren facerse entender polo povo, ou o menosprecian, ou non queren inquedar aos que domean, que rilan, punxen, morden e rabuñan na carne dos "probiños de Deus"; do povo, en suma.

Pro, Rey Baltar reíugou ise camiño torto, camiño de esquezo, senon, de treidoría; éle enfiou polo vieiro reuto, de cara os homildes, de frente ás "alimañas sin nome", de cara ó povo; e foi i ha seguir sendo, un poeta do povo, un reberte, un incorformista, un patriano dino e nobre, un bó fillo dese povo galego ao que lle fala sinxelamente e se chega a él, coas espigas de Ruth, fornecidas de graus de esperanza pra o pan novo da libertade i a xusticia; un patriano que, muitas veces, sentindo sangrar o seu propio corazón polo sofrimento da Terra, láiase coma un Xeremías e que, tamén, enfrontándose cos sátrapas e tetrarcas, se vira nun férvedo Isaías con santas iras, donando á súa voz un rumor de treboada. O libro "A gaita a falare", ou as variles estrofas sinadas por "Verduguillo", son bóa proba delo.

Eis o HOME. O dileuto irmán, na Patria, na Raza e no Ideal de redención: O grande poeta galego, Ramón Rey Baltar.

Bós Aires, 1959.

A. D.

Noite de Muros

Por Manuel Fabeiro Gómez

I

Noite de Muros. Ó lonxe
unha vela, feita bágoa;
un corazón, feito estrela;
unha dorna sin espranza.

Noite de Muros. Angurias
na rúa da "Canabala";
nos sinos da nosa Eirexa
unha piadosa lembranza.

Noite de Muros. Tristura
de paxariños sin azas;
de froles sin arrecendos;
de ilusión non acadada.

Noite de Muros. Anceios
dunha mañán, enxergada
nun rosario de orazóns
polos marulos que faltan.

Noite de Muros. Delores
no fondo da miña alma...

II

Brúa o vento no silenzo
dista noite muradán;
paresce un longo asubío
que chega do "Espadanal".

Somella a voz anguriosa
do marulo que afogou
outra noite sin estrelas,
e que a "Bouga" amortallou.

O mesmo que unha orazón,
no Camposanto do mar,
vaise alongando até o "Son"
o medoñento bruár.

Choran as rúas da Vila,
a pluma do piñeiral.
E Muros paresce soio,
grima, orazón e cantar.

Entramentras brúa o vento.
nista noite muradán...

Noia, 1959.

M. Fabeiro Gómez, autor de "Quechemare da saudade".

Gran Crucero de Navidad por el Río de la Plata: Buenos Aires, Montevideo, Punta del Este, Mar del Plata, Buenos Aires, en el vapor

CABO SAN VICENTE

del 23 al 29 de Diciembre en Hotel Flotante, desde m$n. 7.600.—

RESERVE YA SU PASAJE:

AGENCIA FRIAS

VENEZUELA 1016 Tel. 37 - 4628 Buenos Aires

Poema dun gamberro cidadán

Saín á rúa e dixen: "Son un león.
Ollade, vede qué ollos e qué uñas,
mirade como baba a miña boca
a baba dunha raiba que me empuxa.

Non quero ser chourizo en vosas tripas,
quero trabar, trabar, e ver a lúa...
Botade abaixo os altos edifícios
que me atapan o ceo, que me anublan".

Saín feito unha fera, non paraba
de mover antre a xente istas mans núas
e decir: "Son un león, un león da selva.
Fora, fora, fuxide ás vosas furnas".

Arrotei, botei brados, berros, chíos.
Todo, todo era meu, dista feitura
de animal que inda quer ser macho e fera
pra pisar cos seus pés as neves puras.

"Onde están as montanas, asesinos?
Onde están os cabalos das alturas?
Onde están vosos membros, os torneus,
o sangue escorregando coma furia?"

E pasaban estranos seres mudos
atrofiados, en fila, en masas turbias,
como porcos, galiñas, formigueiros,
rapacús fedorentos e sen ruta.
"Son un león, son un león; vede os meus dentes",
e ninguén me decía a verba súa,
non sabían senon decir: "Gamberro".
Era todo abrollar de xente nula.

Ninguén, ninguén, ninguén me ollou de frente,
cos seus ollos nos meus, coas súas uñas,
cos seus dentes e membros e seus pelos,
decíndome: "Son eu o león que buscas".

Todos ían tranquilos, embutidos
nos abrigos, nos coches, na estructura
feita a liña e compás, nos bós costumes.
Eran como unha ausurda, humán escuma.

Era todo mar, chan gris e contínuo,
arredor do meu berro, ou rocha dura.

Madrí, 1958 **Bernardino Graña**

EUFONIA saúda ó par que agradece a súa achedante cooperazón, a os hirmáns e amigos, Salvador e Victorino Caneiro, os que dende San Juan tanto nos alentan nas nosas patrióticas aspiraciós.

Dende Madrí:

Pervivir xacente

Xazo xa, e perteñezo,
ó Esquenzo, á Eternidade,
á Noite, ó Tempo.
Sulagado estou na miña mesma escuridade,
e son agromar sómentes
coma o devalar da choiva i o vento.

Meu latexar é o medrar da herba,
innomeado coma os penedos,
i os meus osos xacen furados polo vento.

Sulagado estou xa na lembranza.
Ouvindo na area o delongar inmenso,
infindo, abraiante,
do abrollar do tempo.

Esquencido estou de min mesmo,
i herbas medran xa no meu peito.
Auga son que escorre incansabre,
Herba, Noite e Nuben, que balborda ca marea,
—inesquecibre ola arfada dos menceres—,
no eterno esquenzo de min mesmo.

Xa a dór perteñece ás fontes,
diante do interminabre silenzo do Anxo,
cuia espada, pousada, hourizontal,
inmensa moura nuben me semella.

Séi, que nista praia delongada,
Tí ao non estar, estiveches fai mil anos.
Ouzo o rescendo da túa miña lembranza.
Tí, no teu recordo me xustificas,
e fás que o meu sorriso sexa estrela,
agora que —senlleiro— vou cara as Cousas.

Madrí, 1958 **Reimundo Patiño**

Antón Díaz, o aitual Presidente do Centro Cruñés, despois de unha moi longa permañencia na emigración, anda colleitando moreas de emociós niste seu tan anceado reencontro cos currunchos nativos. Polas crónicas que da prensa galega nos van chegando, imos vendo, tamén, como vai dando cumprimento ás patrióticas representaciós que lle foran encomendadas pola coleitividade de Bós Aires.

Na seguranza de que moi logo o teremos antre nós outra volta, non dubidamos que nos vai entregar o ben recolleitado mensaxe daquela nosa Galicia da aitual renacenza.

Nunca hai intres perdidos cando se tén a seguranza de futuras compensaciós:

Intre perdido

A Carmen

Intre tremendo o que me leva
querendo meter os ollos noutros ollos,
querendo arremañar as paixóns esmorecidas
i alumar as xordeiras que me deixaron en contáitos.

Quero abafar esta corrente que me roe,
esta roseira que me arrinca as margaridas
a debullar no meu peito un si perdido.
Quero espremer esta arelanza forxadora de aguillóns,
unha morea de agullas carcomidas.

Vou cara alí. Ollaime no camiño da brétema esquecida,
fuxindo ó pensamento que me destroi a sensación,
teimando asoballar o abrazo que ainda non me deron.
Vou cara alí, pra un burato iñorado,
pró cumio dos pensamentos afogados en moitos días anguriosos,
en moitas horas que chantaron as uñas nos pelexos da terra revolvida.

Agora vou paseniño pola roita escangallada
pra que sirva o meu sudor de chapapote.
Quero chegar alí, mesmamente alí ó cumio que forxei
pra alonxarme da corrente fai tempo varada e podrecida.
¿Haberá quén me siga o pasadelo?
Sí, eu quero que alguén me siga aguilloándome,
eu quero que alguén me leve cara alí,
chuchándome os amarguexos do camiño.

Que veña, si, que veña alguén detrás da miña roita visionaria
pra acordarme, pra levarme de novo ó meu destino.

Ramón Lorenzo Vázquez

Madrí, 1958

Señor... Señora...! Ahora puede usted viajar a España de ida y regreso, desde m$n. 21.280.—
Consultas y reservas en
AGENCIA FRIAS
VENEZUELA 1016 Tel. 37 - 4628 Buenos Aires

Copras do pasantío aitual:

Cando chegue o Aninovo

Por Xesús Calviño de Castro

Dín que dín, máis non dín ren,
calan, que o pan hoxe é un luxo;
que a branda carne de cuxo
anda acochegueando os cen.

Non dín que o leite augacento
en tolemiana carreira
rubiu douscentos por cento,
e inda agarda nova xeira.

Sendo hoxe a sorte tan fraca,
mercar peixe, sen receta,
é a ruiña compreta
prá máis nembruda buchaca.

Non lembremos as cebolas,
patacas, coles, leituga,
que ó máis baril se lle enrruga
a fronte con somas tolas.

Non nomeemos o "pucheiro";
esquezámonos dos polos,
e non nos voltemos tolos
non ben que chegue xaneiro.

Mentras, o tripallo berra
con aquedade augacenta
a señardá farturenta
dos Aninovos da Terra.

...Pensamos: ¿qué fará a UN
niste ano tan malparido?
¿Buscará un sexto sentido
onde non queda ningún?...

Bós Aires, 1959

Xesús Calviño de Castro autor de "Bordón Peregrino"

Encomenda pictórica do Centro Cruñés: Con motivo do Centenario de tan ilustre procer e pra peremñizar a súa figura nos recintos diste prestixioso Centro, fóille encomendado un retrato de Uxío Carré Adao, ó novel pintor galego Manuel Cordeiro, o que, executado ó carbón, ficou moi prausibremente logrado.

Na entrega dista orixinal ofrenda aituou tamén o Coro "Brétemas e Raiolas" coa súa enxebre e souril xerarquía polifónica

¡Meus marelos!

de Eladio Rodríguez González

Entramentres,... paseniño,
van turrando polo carro os bois marelos,
o calmoso e cachazudo
carreteiro,
coa aguillada posta ó lombo,
vai cantando un ailalelo:
O ailalelo da montaña, longo e triste
cal as notas de un lamento,
que perdéndose,... perdéndose, alá lonxe
esmorece en vaguedades de aloumiños preguiceiros.

Renxe o carro coa teimosa canturía
que abouxante sai dos eixos,
pra estenderse rechiando polas touzas
i os outeiros,
coma cántiga algareira de traballo
que dá vida ó chau galego.

Vai talmente acugulado. Tanto estrume
leva enriba dos chedeiros,
que lle cobre os estadullos dende abaixo das dentoiras.
E por eso,
turra,... turra,...
van os probes dos marelos,
pé tras pé, tan resinados,
tan tranquilos, tan humildes, tan zoupeiros,
que parecen a pacencia
i asomellan o silencio.

Sempre mansos e calados e calmosos,
coma pais dos asosegos,
son de cote os pacharrudos pousafoles
que prás labras máis se buscan, xa de vello,
porque diante dos arados
son sen dúbida os millores axudantes dos labregos.

Son escravos sometidos sen protesta.
Coma o chau onde naceron,
non se doen, nin se laian, nin se apuran,
porque foron sempre o mesmo.
Como as xentes das aldeas dista terra,
teñen condición de servos.
Non se queixan se padecen. Sofren, calan,
e inda que se vexan ceibos,
ou non queren ou non saben redimirse.
¡Nón hai préles alegría nin remedio!

Coa tristeza por compaña,
¡son os probes tan pacíficos, tan quedos!...
Os seus ollos supricantes, de tranquila mansedume,
parpadexan amostrando sempre un deixo
de infinidos amargores
e de grandes sofrimentos:
Amargores sen bagullas, sofrimentos sen laídos,
mal sen termo
que os acora sen dolores,
pra deixalos aparvados, e mansiños, e tardeiros...

¡Sabe Dios cánto iles choran, se é que poden chorar bágoas!
¡Sabe Dios que cousas dín prós seus adentros!
¡Meus queridos bois da Terra ...
¡Meus marelos!

Ourense, 1893

Eladio Rodríguez González (1864-1949), autor de "Folerpas".

Botando de menos a que poidera ser rendedora presencia da aitual xuventude galega da emigración:

Laboura de pacencia

Por Xulio Fernández

Contamos dende fai algús anos, coa presencia dunha emigración de conterráns totalmente diferente das que viñeron formando perante moito tempo a numerosa colonia que integramos.

Non queremos decir que sexan millores nin peores que nós; somentes afirmamos que pensan doutra maneira, e que aitúan doutro xeito.

Hai unha causa que todos coñecemos ben, pra que as xentes distes derradeiros tempos sexan diferentes: viviron intres difíciles e a súa formación de posguerra tén as caraiterísticas todas de unha xeneración formada nun período bélico, e ainda algo máis grave, a de unha non disimulada xenreira antre irmaus, que non rematou a pesares de xa máis de vinte anos decorridos.

Os mozos da xeneración aitual naceron e medraron nun ambente de tebras, de posibilidades estreitas onde todas as horas son poucas pró asenllamento de meios de mantenza.

Coñeceron cousas moi alleas á nobreza, á fidalguía, á orguleza i a honra; ó altruísmo, á franqueza, á humanidade i a outiveza tan caraiterísticas no noso pobo.

Souperon do "estraperlo", da treiduría e da presenza sempre abafante de xentes alleas con autoridá, que dispoñen na nosa terra de asentamentos pra nos "protexer". Souperon de novos descobrementos coma o do aceite de soja, de balea e moitos máis, namentras que o de oliva mandouse a conquerir "divisas".

Souperon, despois da loita fratrícida, que os persoeiros delegados do goberno eisixiron a entrega de cupos de moitos productos, antre iles patacas, a todos os cibdadáns —tivéranas ou non—, pagándollas a 1.50 ptas., cando pra darllas tiñan iles que mercalas a catro, levándoas ó lombo senón dispuñan doutro meio. E souperon tamén de trabucos ó gando: vacas, ovellas, cabras, cabalos, porcos, etc.; ós cás, ás pitas e canto animal casañeiro atoparon, cando un traballador gañaba tan soio 25 pts. e pagaba 60 por un kilo de peixe común.

Pois, ben, os rapaces que naceron e medraron nise "paradiso", non teñen nin poden ter, na inmensa maoría, a mesma mentalidade nin o caráuter dos que afortunadamente o non coñeceron. Lóxico é pois, que cando aitúan antre nós, o fagan nun xeito moi diferente ó que nos hachamos acostumados.

Ise esprito outamente aproveitado (con perdón prás honrosas exceucións); ise desgabo por canta obra de altruísmo se tén executado; ise descoñecemento do traballo social e patriótico —sempre de nobres inspiracións, ainda que ás vegadas trabucado— dos compatrianos que dan todo e non piden ren; a teima de matinar arreo somentes en negocios; a idolatría dos cartos i a xenreira cara toda laboura de cultura, escomenzando polo refugamento da língoa propia, son un froito gafo da nova mentalidade que nos trouxo a EVOLUZON dos tempos.

Tamén o son o arredamento das nosas tradicións, o trastroque do folklore galego pola música alléa, i o das nosas danzas polas de outras latitudes que xa foron descubertas e non adoitadas polos colonizadores do século XVI.

Mais a MATERIA PRIMA é nobre, sabémolo ben; somentes a educación i o medio foron diferentes. Fica, pois, por facer unha laboura de pacencia; unha laboura de reeducación, de adaitación psicolóxica se queredes, que nos atingue a todos —inda que non sexa moi fácile, pro que hai que facela— porque unha xeneración non pode negar o que fixeron tantas e tantas cutras.

Haberá que contar pra iso co esforzo dos vellos emigrados, e co apoio das instituciós que teñen construido co seu meritorio esforzo persoal, as que tamén agardan o aporte vivificador disa xuventude que é a que terá que darlle novos pulos.

Bós Aires, 1959.

Xulio Fernández, do corpo de redaición do periódico "Lugo".

HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS

CRUZADA PRO 10 MIL SOCIOS

Para contribuir al necesario desarrollo de esta benemérita Institución, es imprescindible esta cifra.

HAZTE SOCIO TU TAMBIEN

Cuota mínima: Cinco Pesos m/n.

Secretaría: MORENO 2924 T. E. 97 - 4217 BUENOS AIRES

A c o n t e c e r e s :

O homaxe a Carré Aldao e o arte de Marcos de Abeleda

Pra dar axeitado cumprimento á patriótica obriga de conmemorar o Centenario da data en que nacera Uxío Carré Aldao, constituiuse unha Comisión representativa dos Centros Provinciás e Comarcás galegos dista grande urbe arxentina.

En tan relevante acontecer foi arranxado un amprio programa de áitos, os que están tendo o xeral cramoreo e cibdadán agarimo que a petrucial figura diste incansabre propulsor das nosas letras tanto se merece.

Unha das partes máis destacadas do aludido programa, consiste na entrega oficial ó Centro Gallego do retrato do homaxeado —eiqui reproducido— que Marcos de Abeleda executou, pra que o mesmo fique ocupando o dist'nguido lugar que lle corresponde na Galería de Galegos Ilustres dista prestixosa Institución.

Na indubitabre sigñificazón de pervivenza da tela en cuestión, ficará prasmada, pois, a fidalga estampa do que fora, además de fecundo cultor das letras galegas, un cibdadán eixemprarísimo, de por vida mergullado totalmente no máis profondo amor prá Terra e máis pra todo aquelo que poidera contribuir a dar un paso adiante na súa cibdadán superazón ou no seu prestixio coleitivo.

Por ende, tiña que ser un artista coincidente nise amor a Galicia —cal Marcos de Abeleda o é con Carré Aldao— quen poidera captar isa sutil e semiparlante expresión psicolóxica que no lenzo lle foi imprimindo e vivificando a calificada maestría do pintor.

Pola valenza, pois, disa perenmñizante ofrenda e pola magñitude e trascendenza dos áitos conmemorativos, a Comisión rendedora ben pode sentir a cibdadán orgulleza de ter cumprido co máisimo locimento o seu honoroso cometido, eisí como non a sentirá menos o seu núcreo conterrán nin os aituales membros —tamén ilustres— da súa senlleira e sempre esfarnadora proxenie.



Uxío Carré Aldao
óleo por Marcos de Abeleda

O pintor Marcos de Abeleda

Lembranza de "EUFONIA" pra un bó Galego: don Emilio André

Recentemente feñeceu iste prestixioso fillo da tamegana vila de Verín e antigo residente eiquí en Bós Aires, onde deixou os benfeitores froitos da súa humanitaria obra. Moi especialmente no contiñuado achedamento a prol do Fogar Galego pra Anciáns.

Foi o seu primeiro Presidente e contribuiu, por tanto, coa súa filantrópica aportazón i eficente reitoría, ó aitual estado de crecemento en que se atopa ista agarimosa Institución.

Don Emilio André

Por ise seu condoemento prós seus conterráns vencidos pola adversidade e máis polos anos, EUFONIA ofrécelle iste óleo —tamén de Marcos de Abeleda e ainda sin rematar—, como tributo de peremñe relembranza antre os que no futuro vaian desfilando polos acolledores recintos do noso remanso de Domselaar.

Novas pubricaciós:

"Vieiros"

Revista do Patronato da Cultura Galega de México

Unha raiola máis

¿Serán os tempos chegados?
Serán, sí;
poideran ser,
xa que en cada alborexada do noso abrente galego
hai un novo abrollamento,
hai un feliz frolecer.
Hai un raiolar farnante que o patrio fachón espalla,
o que en fulxente enxurrada
a esvair as tebras vén.
Hai un tremante algarexo nas cibdadáns inquedanzas
que preludia as crariñadas
de un doado renacer.
I é por ilo que inquirimos se os tempos serán chegados
pra voltar a mergullarnos
nas enxebrezas do ser.

A. G. F.

Obriga: Constatamos eiquí o noso agradecemento pra Celestino Paz, pola eficente colaboración tipográfica que nos prestou no enmadeixamento diste cativo puñado de páxinas de EUFONIA.

ANDRE, TOURIÑO y Cía.

IMPORTADORES DE TEJIDOS Y MERCERIA

VENTAS POR MAYOR

☆

SUCURSALES EN:

SALTA - TUCUMAN - JUJUY - RESISTENCIA - POSADAS

ROSARIO - SANTA FÉ - SANTIAGO DEL ESTERO

CASA CENTRAL:

ALSINA 1556-1560 T. E. 45-2190 BUENOS AIRES

A. VILLANUEVA y Cia.

IMPORTADORES DE TEJIDOS

VENTAS POR MAYOR

☆

LIMA 480 T. E. 37-1871 BUENOS AIRES

PROVISION MONTERO

COMESTIBLES FINOS

☆ ☆ ☆

L. MARTINEZ 953 T. E. 792-3090 MARTINEZ - F.C.N.G.B.M.

próximas salidas

A. DODERO: 30 de Noviembre

YAPEYU: 28 de Diciembre

(Con escalas en: Montevideo, Santos, Río de Janeiro, Vigo, Amsterdam y Hamburgo).

CORRIENTES: 9 de Noviembre

SALTA: 5 de Diciembre

(Con escalas en: Montevideo, Santos, Río de Janeiro, Vigo, Lisboa, Nápoles y Génova).

Consulte su agente de viajes o a:

FANU

FLOTA ARGENTINA DE NAVEGACION DE ULTRAMAR

Dto. Pasajes Subsuelo Corrientes 389 T.E. 32-9067

Imp. "Los Celtas", Piedras 1835 - T. E. 23 3564